

# Elias Portolu

Grazia Deledda

Tradución de Isabel Soto



**Elias Portolu**

Colección XX

Título orixinal: *Elias Portolu*

Tradución: Isabel Soto

Corrección: Alejandro Tobar

Deseño e maquetación: Karen Gulddammer Skov

Editorial Hugin e Munin

Rúa das Hortas, 66, baixo

15705 Santiago de Compostela

Galicia

[www.huginemunin.com](http://www.huginemunin.com)

Impresión e encadernación: Sacauntos Cooperativa Gráfica

Depósito legal: C 2614-2012

ISBN: 978-84-939647-9-5

A presente edición é posible grazas a un acordo entre a Asociación de Tradutores Galegos, que se responsabilizou dos gastos de tradución –consonte as recomendacións da Conferencia xeral da UNESCO de novembro de 1976 para a protección xurídica dos tradutores–, e a editorial Hugin e Munin, que lle cedeu de modo sublicenciable e transferible á ATG o dereito de reproducir, distribuír ou, doutro xeito, comunicar publicamente en formato electrónico a través de Internet a tradución. Xa que logo, permítese a súa reprodución fiel na páxina web da Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego ou outro enderezo equivalente que puidese posuír ou sublicenciar a ATG.

GRAZIA DELEDDA

# Elias Portolu

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin



## I

Aveciñábanse días felices para a familia Portolu de Nuoro. Contra finais de abril tornaríase o seu fillo Elías, que expiará unha condena nunha prisión do continente; e a seguir casaría Pietro, o maior dos tres fillos dos Portolu.

Preparábase unha especie de festa: había pouco que revocaran a casa e o viño e mais o pan<sup>1</sup> estaban dispostos; ao parecer, Elías retomaría os seus estudos, e os seus parentes, acabada a súa desgraza, esperaban por el con grande orgullo.

Por fin chegou o tan agardado día, especialmente pola tía<sup>2</sup> Annedda, a súa nai, unha mulleriña calma, de pel alba e algo xorda que amaba a Elías máis que aos seus outros dous fillos: Pietro, que era labrego, e Mattia, o pequeno, pegureiro coma o tío Berte, o pai. Todos regresaron do campo para a ocasión.

Os dous máis novos imitábanse moito: eran baixos, repoludos, barbinegros, co rostro curtido polo sol e con longos cabelos negros. O tío Berte Portolu, o can vello, como adoitaban chamarlle, tamén era cotrolo e tiña unha cabeleira negra e enredada que lle caía até tapar os seus doentes ollos encarnados e que se confundía sobre as orellas coa súa mesta barba negra, non menos enredada. Vestía

---

<sup>1</sup>N. da A. En moitas vilas sardas úsase un pan especial chamado *carta di musica* que dura varias semanas sen botarse a perder.

<sup>2</sup>N. da A. En Sardeña, dásele o tratamento de *tío* a todas as persoas dunha certa idade.

un traxe bastante lixado e unha longa pelica negra de pel de carneiro, sen mangas e forrada con la pola parte interior, e entre todo aquel pelame negro só se intuían dúas enormes mans dun moreno bronceado, e na face, un groso nariz do mesmo ton.

Porén, para o solemne acontecemento, o tío Portolu lavou as mans e a cara, pediulle un pouco aceite de oliva á tía Annedda e unxiu ben os cabelos; logo desenguedellounos cun peite de madeira, proferindo exclamacións pola dor que esta angueira lle producía.

—Que vos peitee o demo! —diciálles aos seus cabelos, torcendo a cabeza—. Nin sequera a la das ovellas está tan enleada!

Cando logrou desfacer os nós, o tío Portolu comezou a facer unha trinca sobre a tempa dereita, outra sobre a esquerda e mais unha terceira baixo a orella dereita e unha cuarta baixo a orella esquerda. Despois unxiu e peiteou a barba.

—Agora faga vostede outras dúas máis! —dixo Pietro, rindo.

—Non semello un mozo que vai casar? —berrou o tío Portolu. E el tamén se botou a rir. Tiña unha risa peculiar, como forzada, que non lle movía nin un pelo da barba.

A tía Annedda rosmou algo polo baixo, porque non lle gustaba que os fillos lle faltasen ao respecto ao pai, pero este fitouna cun aceno de reproche e díxolle:

—Que andas a dicir ti? Deixa rir os rapaces; están no tempo de se divertir, que nós xa nos divertimos.

Entre tanto, foi a hora de ir buscar a Elias. Chegaron algúns parentes e un irmán da prometida de Pietro, e todos xuntos colleron camiño da estación. A tía Annedda quedou soa na casa, co gato e as galiñas.

A casiña, cun patio interior, daba a un reborondo carreiro que baixaba cara ao camiño principal. Detrás do

muro que cercaba este carreiro enxergábanse hortas que miraban o val. Parecía situada en plena campía; unha árbore estendía as pólas por riba do cercado, outorgándolle ao carreiro un aire pintoresco. O granítico Ortobene e as cerúleas montañas de Oliena pechaban o horizonte.

A tía Annedda nacera e encanecera alí, naquel recanto cheo de aire puro, e talvez por isto permanecera sempre inocente e pura coma unha criatura de sete anos. Polo demais, toda a veciñanza era xente honesta: rapazas que frecuentaban a igrexa e familias de costumes sinxelos.

A tía Annedda saía a cada pouco ao portón aberto, miraba cara a un lado e cara a outro e despois volvía entrar. Tamén as veciñas esperaban o retorno do prisioneiro, de pé diante das portas das súas casas ou sentadas en bastos poios de pedra acaroados ao muro, e mesmo o gato da tía Annedda axexaba dende a fiestra.

E velaquí que se sentiu un balbordo de voces e de pasos ao lonxe. Unha veciña cruzou correndo o carreiro e asomou a cabeza polo portón da tía Annedda.

—Ei, xa están aquí! —berrou.

A mulleriña saíu, máis branca e temerosa que adoito. Pouco despois un grupo de paisanos irrompeu no camiño, e Elias, conmovido, correu cara á súa nai, inclinouse e abrazouna.

—Outra dentro de cen anos, outra dentro de cen anos... —murmuraba a tía Annedda chorando.

Elias era alto e esvelto, coa face branquísima, delicada, lampa; tiña os cabelos negros rapados e os ollos gacios. O longo cativerio albeáralle as mans e o rostro.

Todas as veciñas se arremuiñaron ao seu redor, desprazando os demais paisanos, e ían estreitándolle a man e desexándolle:

—Outra desgraza coma esta dentro de cen anos.

—Deus o queira! —respondía el.



Despois entraron na casa. O gato, que ao se aproximaren os paisanos se retirara da fiestra, cando chegou á escaleira externa saltou fóra espavorecido, correu dun lado para outro e marchou agocharse.

—*Mico, mico!* —deu en berrar o tío Portolu—. Que diante tes? Seica nunca viches cristiáns? Nin que fósemos asasinios que escorrentan os gatos! Somos xente honesta, somos homes de ben!

O can vello tiña moita gana de gritar, de parolar, e esbardallaba.

Cando todos sentaron na cociña, mentres a tía Annedda servía de beber, o tío Portolu colleu á parte un seu parente, Jacu Farre, un home rexo, rubio e gordo que acoraba seguido, e xa non o deixou en paz.

—Ves —berráballe, tirándolle da faldra do gabán, e sinalando os seus fillos—, ves os meus fillos? Tres pombos! E fortes, sans e bos mozos! Velos aí, en fila, velos? Agora que volveu Elias, seremos coma catro leóns; nin unha mosca nos ha tocar. Eu tamén, sabes?, eu tamén son forte. Non me mires así, Jacu Farre, que tanto me ten, entendes? O meu fillo Mattia é a miña man dereita e agora Elias será a miña esquerda. E que me dis de Pietro, do pequeno Pietro, o meu Prededdu? Non o ves? É unha xoia! Sementou dez cuartos de orxo e oito de trigo e dous cuartos de fabas. E se quere casar, poderá ter a muller ben mantida! Non lle ha faltar a colleita. Écheme unha xoia, o meu Prededdu. Ah, meus fillos! Como os meus fillos non che hai outros en Nuoro.

—Ha! Ha! —dixo o outro case xemendo.

—Ha! Ha! Que andas a dicir cos teus ha! ha!, Jacu Farre? Seica digo mentira? Amósame outros tres mozos coma os meus fillos, honestos, traballadores e fortes. Sonche uns homes, sonche uns homes!

—E logo alguén che dixo que fosen mulleres?

—Mulleres, mulleres! Muller serás ti, barrigán —gritou o tío Portolu, arreándolle ao seu parente unha bandullada coas súas grosas mans—, ti, non eles, os meus fillos! Ou non os ves? —proseguiu, dirixíndose con adoración cara aos tres mozos—. Es cego e por iso non os ves? Tres pombos...!

A tía Annedda achegouse co vaso nunha man e a garrafa na outra. Encheu o vaso e ofreceullo a Farre, e Farre cedeullo cortesmente ao tío Portolu. E este bebeu.

—Bebamos! Á saúde de todos! E ti, miña mulleriña, non teñas medo de nada: agora seremos coma leóns, non nos ha tocar nin unha mosca.

—Veña, veña! —respondeu ela.

Deulle de beber a Farre e pasou a outro. O tío Portolu seguíuna coa ollada e despois dixo, tocando a orella dereita cun dedo:

—Está un pouco..., non escoita ben, pero éche unha boa muller! E ten boa conta da súa casa, abofé que si! É unha muller como Deus manda! Ah, coma ela...

—Non che hai outra en Nuoro!

—Xaora! —gritou o tío Portolu—. Cres que anda por aí con dixomedíxomes? Non temas, que se Pietro trae para aquí a muller, non ha estar mal nesta casa, a rapaza!

E deseguido comezou a loar tamén a rapaza. Unha rosa, unha alfaia, un primor! Cosía e fiaba, gobernaba ben a casa e era honesta, fermosa, boa e con cartos.

—En fin —dixo Farre, retranqueiro—, que non che hai outra igual en Nuoro!

Mentres, o grupo dos mozos charlaba animadamente con Elias, bebendo, rindo, cusbindo. O que máis ría era el, o retornado, pero o seu riso soaba canso e entrecortado, a súa voz, feble. O seu rostro e as súas mans salientaban entre todas aquelas faces e mans curtidas; semellaba unha muller vestida de home. Ademais, a súa fala adquirira

unha traza particular, exótica; falaba con certa afectación, metade italiano e metade dialecto, con imprecacións enteiramente continentais.

—Mira como vos gaba o teu pai —dixo o futuro cuñado de Pietro—. Di que sodes pombos, e de certo que estás branco coma unha pomba, Elias Portolu.

—Pero axiña volverá estar negro —dixo Mattia—. Mañá mesmo comezaremos a trotar polo ovil, non si, irmán?

—E que máis ten que estea branco ou negro! —dixo Pietro—. Deixade esas parvadas e que siga co que estaba a contar.

—Pois dicía —retomou o seu relato Elias coa súa feble voz—, que aquel gran señor, o meu compañeiro de cela, era o xefe dos ladróns desa gran cidade, como se chama...? Vaia, xa non me acorda. Estaba comigo e confiábamo todo. Iso si que é roubar e non os nosos furtos! Nós, por exemplo, se un día precisamos algo, imos, sacumamos un boi e vendémolo; aprésannos, condénannos, e ese boi non abonda para pagarlle ao avogado. Pero, eles! Eles sonche uns grandes ladróns! Furtan millóns, agóchanos, e despois, cando saen da cadea, vólvense riquísimos, viaxan en coche e divírtense. Que somos nós, se non sardos burricáns, en comparanza con eles?

Os mozos escoitábano atentos, cheos de admiración por aqueles grandes ladróns de ultramar.

—Logo tamén había un monseñor —seguiu Elias—, un ricachón que tiña milleiros de liras na conta.

—Mesmo un monseñor... ! —exclamou Mattia marabillado.

Pietro fitouno rindo e quixo aparentar desenvolto, aínda que estaba tan marabillado coma el.

—Pois, si, un monseñor. E logo os monseñores non che son homes coma os demais? O cárcere fíxose para calquera home.

—E por que estaba alí?

—Pois... disque quería que botasen o Rei e puxesen o Papa no seu sitio. Aínda que outros dicían que el tamén estaba na cadea por cousa de cartos. Era un home alto, cos cabelos brancos coma a neve e lía seguido. Outro morreu e deixoulles aos detidos todos os cartos que tiña. A min querían dar-me cinco liras, pero eu refuseinas. Un sardo non acepta esmolos.

—Fuches ben parvo! Eu quedaría con elas! —berrou Mattia—. Collería unha solemne trompa á saúde do morto.

—Está prohibido —respondeu Elias; e ficou un intre en silencio, absorto en vagas acordanzas até que exclamou—: Xesús! Xesús! Canta xente había alí, de toda caste! Comigo estaba outro sardo, un mariscal ao que embarcaron en Cagliari a mesma noite que me embarcaron a min. El cría que o ían soltar, mais prendérono sen que se decatase sequera.

—Vaites, ho, digo eu que se decataría!

—E eu tamén!

—Xactábase de que o indultarían axiña, de que era parente do ministro e de que tiña outro parente na Corte do Rei, pero alí quedou. Ninguén lle escribía, ninguén lle mandaba un céntimo. E *naquel lugar*, se non se teñen cartos, rebéntase coa fame, que Deus me asista! E os carcereiros —exclamou despois facendo un aceno— son unha banda de verdugos! Case que todos son napolitanos, uns canallas que se te ven morrer, cúspenche enriba. Mais, antes de marchar, eu díxenlle a un deles: «Proba a pasar polo meu lar, marrán, que te hei descrocar».

—Si —dixo Mattia—, que probe a pasar preto da nosa mallada, que xa lle untaremos os vérragos!

—Oh, non ha pasar, non!

—Quen non ha pasar? —preguntou o tío Portolu, achegándose.

—Un garda que lle cuspiía enriba a Elias —dixo Mattia.

—Non, ho, diantre, non me cuspiía. Que dis?

Todos se botaron a rir. O tío Portolu berrou:

—Elias non lle consentiría tal. Romperíalle os dentes dunha puñada. Elias é un home; nós somos homes, non fantoches de queixo fresco coma os continentais, por moi gardas de homes que sexan...

—Pero que gardas aqueles! —dixo Elias encollendo os ombreiros—. Os gardas son canallas, pero logo están os señores. Se os vísedes! Grandes señores que van en coche, que cando entran no cárcere teñen miles e miles de liras nas súas contas.

O tío Portolu anoxouse, cuspiu e dixo:

—E logo eses que son? Pois homiños de queixo fresco! Vai e ponos unha chisca a botarlle o lazo a un poldro indómito, ou a marcar un touro, ou a disparar un arcabuz! Antes morren co medo. Que son os señores? Os meus pericos son ben máis afoutos, así Deus me valla.

—Con todo, con todo... —insistía Elias—, se vísedes...

—Que viches ti? —rebatía o tío Portolu, desdeñoso—. Ti non viches nada. Do teu tempo eu aínda non vira nada; pero vino despois e ben sei o que son os señores, e o que son os continentais e o que son os sardos. Ti es un pito que apenas saíu da casca...

—Si, un pito! —murmurou Elias, sorrindo con amargor.

—Mellor dito, un galo! —dixo Mattia.

E Farre, con finura:

—Non, un paxariño...

—Que saíu da gaiola! —exclamaron os demais, rindo.

A conversa fíxose xeral. Elias seguiu narrando as súas lembranzas máis ou menos exactas sobre o lugar e as persoas que alí deixara; os outros comentaban e rían. A tía Annedda escoitaba tamén, cun plácido sorriso no seu rostro calmo, aínda que non daba collido ben todas

as palabras de Elias; pero Farre, sentado ao seu carón, aconchegaba a cara á súa orella e repetíalle en voz alta o relato do liberado.

Mentres, ía chegando máis xente: amigos, veciños, parentes. Todos ían onda Elias, bicábano e desexaban:

—Outra coma esta dentro de cen anos.

—Deus o queira! —contestaba el, tirando da boina cara á fronte.

E a tía Annedda botáballes de beber. En pouco tempo a cociña encheuse de xente. O tío Portolu berraba sen parar para lles facer saber a todos que os seus fillos eran tres pombos, e devecía por reter máis a toda aquela xente, pero a Pietro fervíalle o corpo por que Elias coñecese a súa prometida, e teimaba en saír e levalo de alí.

—Vaiamos tomar o aire —dicía—. A este coitado xa lle abastou co encerro para que o queirades ter aquí toda a tarde.

—Viralle ben o aire! —respondeu un parente—. Así, esa cara de rapaza volverase negra coma a pólvora dun disparo.

—Digocho eu! —berrou Elias, pasando a man pola cara, avergoñándose da súa palidez.

Finalmente Pietro logrou que lle fixesen caso, e xa estaban para saír cando chegou a futura sogra, unha viúva magra, alta e tesa, co rostro térreo cuberto cun veo negro. Canda ela viñan os seus dous fillos máis novos, unha rapariga e un mozo ben altivo.

—Meu fillo! —exclamou con énfase a viúva lanzándose cos brazos abertos cara a Elias—. O Señor che mande outra desgraza coma esta dentro de cen anos!

—Deus o queira!

A tía Annedda buliu detrás da viúva, degoirondo agasallala, mais o tío Portolu apoderouse da muller, colleuna das mans e sacudiuna.

—Velo? —berroulle diante da cara—. Velo, Arrita Scada? O pombo tornou ao niño. Quen nos toca, agora? Quen nos toca? Dío ti, Arrita Scada...

Ela non soubo dicilo.

—Deixe que fale! —exclamou Pietro, dirixíndose á viúva—. Hoxe está contento.

—Porque ten que estar contento!

—Abofé que estou contento. Ti que dis? Que non teño que estalo? Non debo estar contento? Non ves o pombo? Tornou ao niño. Está branco coma un lirio. E agora pode contar sobre iso fermosas historias. Arrita Scada, escoitaches? Somos unha familia, unha casa de homes. Dille á túa filla que vai casar cunha flor, non cunha inmundicia.

—Ben cho creo.

—Crelo? Seica coidabas que a túa filla ía vir aquí ser unha criada? Virá para ser unha señora, e atopará pan, e atopará viño, e atopará gran, orxo, fabas, aceite, todos os dons de Deus. Ves aquela porta? —gritou obrigando a volveuse a tía Arrita cara a unha porta do fondo da cocíña—. Vela? Si? Ben, sabes o que hai detrás desa porta? Hai cen escudos en queixo. E tamén outras cousas.

—Abonda, abonda —dixo Pietro, un pouco humillado—. Ela non sabe que ha facer cos vosos dons de Deus.

—Ademais —apuntou Elias—, Maria Maddalena Scada non vai casar con Pietro polo noso queixo.

—Fillo do meu corazón! Todo é bo no mundo! —declamou a tía Arrita, sentando entre os seus dous fillos. O seu fillo home non falaba, pero sorría burleiro.

—Veña, veña, abonda! —repetía Pietro.

Entrementres, tía Annedda, en vista de que non lograba meter baza, puxérase a preparar o café para a consogra.

—O meu home —díxolle, apenas puido tela toda para si—, está demasiado apegado ás cousas do mundo; non

pensa que o Señor nos deu os seus dons sen que nós os merecésemos, e que o Señor nolos pode arrebatara en calquera momento.

—Annedda, todos os homes sonche iguais —dixo a outra para confortala—. Só pensan nas cousas deste mundo. Deixémoslos estar. Pero, que fas? Non quixera molestar. Pasei un momentíño e marchou decontado. Xa vexo que Elias está ben, está branco coma unha rapariga. Deus o bendiga.

—Si, semella que está ben, grazas ao Señor. Sufriu tanto, pobre paxariño!

—Ah, esperemos que todo acabase. Non volverá coas malas compañías, certamente, porque foron as malas compañías as que lle causaron a desgraza.

—Beizón, Arrita Scada, as túas palabras son de ouro. Pero de que estabamos a falar? Os homes non pensan máis que nas cousas deste mundo; se pensasen máis no alén, andarían máis dereitos. Eles coidan que esta vida terreal nunca debería acabar, pero é unha novena, esta vida, unha novena e ben curta. Suframos neste mundo, fagamos que este de aquí —tocou o peito— estea tranquilo e non nos reproche nada e deixemos que o resto vaia como teña que ir. Bota azucre, Arrita, ten conta de que o café non che estea amargo.

—Así está ben; doce non me gusta.

—Ben, estabamos dicindo que abonda con ter a conciencia tranquila. Pero os homes non se preocupan disto. Chégalles con que a colleita sexa boa, con facer moitos queixos, con que haxa moito trigo e moitas olivas. Ah, eles non saben que a vida é tan breve que todas as cousas deste mundo pasan axiña. Dáme a cunca, non te molestes. Ah, non pasa nada, caeu a culler. As cousas do mundo! Arrita Scada, vai onda a beira do mar e conta e conta todos os grans de area: se os dás contado saberás que non



son nada en comparanza cos anos da eternidade. En troques, os nosos anos, os anos que pasamos neste mundo, collen dentro do puño dun pícaro. Sempre lle digo estas cousas a Berte Portolu e a todos os meus fillos, pero eles están demasiado apegados ao mundo.

—Sonche novos, Annedda, cómpre telo en conta, que son novos. Ademais, xa verás como Elias colleu sentido; é serio, moi serio. Foi unha boa e non pequena lección e halle servir para toda a vida.

—A Nosa Señora de Valverde o queira! Ah, Elias ten moi bo corazón. Cando era cativo semellaba unha nena; non dicía unha blasfemia nin unha mala palabra. Quen crería que precisamente el me faría deitar tantas bágoas?

—Basta, agora xa pasou todo. Agora os teus fillos parecen de certo uns pombos, como di Berte, o teu home. Basta que entre eles reine sempre a concordia, o amor...

—Ah, por iso non hai perigo, bendita sexas! —dixo a tía Annedda sorrindo.

\*

Despois da cea, a tía Annedda por fin puido quedar a soas con Elias, sentados entrambos no patio, ao relento. O portón estaba aberto, o carreiro deserto. Semellaba unha noite de estío, silenciosa, co ceo diáfano e enfeitado con purísimas estrelas. Detrás das hortas que se dexergaban alén do camiño principal sentíase un repenique arxentino de ovellas no pasto, e polo aire espallábase un áspero recendo a herba fresca. Elias respiraba aquel perfume, aquel aire puro, coas ventas dilatadas, cun instinto de voluptuosidade salvaxe. Sentía como o sangue lle corría quente polas veas, e notaba a cabeza como oprimida por un agradable peso. Bebera e sentíase feliz.

—Estivemos cas da prometida de Pietro —dixo con voz vaga—. É unha moza moi xeitosa.

—Si, é morena e xeitosa, ademais de bastante asisada.

—A súa nai parécese algo orgullosa: se ten un pataco fai ver que ten un escudo; pero a rapaza semella modesta.

—Que lle queres? Arrita Scada é de boa caste e presume de selo. Secasí —dixo a tía Annedda, botando man do seu argumento favorito—, eu non sei que se tira do orgullo e da soberbia. Deus dixo: tres cousas soamente debe ter o home: amor, caridade e humildade. Que se tira doutras paixóns? Agora que a vida che puxo a proba, meu fillo, que dis ti?

Elias suspirou fondamente e soergueu o rostro ao ceo.

—Leva razón, madre. A vida púxome a proba; non é que merecese a desgraza que me aconteceu, porque, vostede ben o sabe, eu era inocente, pero o castigo do Señor era inevitable. Fun un mal fillo e Deus castigoume, fíxome envellecer antes de tempo. As malas compañías descarreiráronme, e por andar con malas compañías vinme envolto naquela desgraza.

—E esas compañías, mentres ti sufrías, nin sequera preguntaban por ti. Antes, cando estabas libre, non te deixaban en paz naquel portón: Onde está Elias? Onde anda? Elias por aquí e Elias por alá. E que? Despois arredáronse, e se tiñan que pasar pola túa porta, calaban a boina para que non os recoñecésemos.

—Basta, madre! Xa foi; comeza unha nova vida para min —dixo el, suspirando de novo—. Agora o único que me importa é a miña familia: vostede, padre e os meus irmáns. Ah, créame, farei que esquezan todo o pasado. Serei coma un servo, ás súas ordes, e será coma se renacese.

A tía Annedda sentiu caer dos ollos unhas bágoas de dozura, e como lle parecía que tamén Elias se estaba a conmoover demasiado, desviou a conversa.

—Estiveches sempre san? —preguntoulle—. Estás moi delgado.

—Que lle quere? *Naquel lugar* un enmagrece aínda que non estea doente. Non traballar mata máis que calquera fatiga.

—Nunca traballabades?

—Si, fanse traballos manuais de zapateiro ou de mulle- res! Así semella que o tempo nunca pasa: un minuto parece un ano. É horrible, madre.

Calou. A voz de Elias mudara en profunda ao pronunciar aquelas últimas palabras. Ao longo da tarde, con aquela primeira embriaguez da liberdade, falara doadamente da súa estadía na cadea e dos seus compañeiros de desventura, que lle parecían xa algo distante, case agradable de recordar. Mais agora, naquela escuridade silenciosa, ao sentir o fresco recendo da campía que lle lembraba os días felices da súa primeira mocidade decorrida no ovil, na ilimitada liberdade da *tanca*<sup>3</sup> paterna, en presenza da nai, aquela velliña boa e inocente, de súpeto, a acordanza dos anos perdidos en van na angustia da cadea, espertáballe horror.

—Síntome moi frouxo —dixo tras uns instantes—, non teño folgos para nada, coma se me tronzasen o lombo. Con todo, nunca estiven enfermo. Só unha vez tiveron un cólico tremendo e crin que morría. *Santu Franziscu*, pedín entón, fai que saia deste horror, e o primeiro que farei ao tornar á liberdade, será ir á túa igrexa levarche un cirio.

—*Santu Franziscu bellu!* —exclamou a tía Annedda, xuntando as mans—. Xa iremos, xa iremos, meu fillo! Beizón para ti. Recuperarás as forzas, non o dubides. Iremos facer a novena a San Francisco, e Pietro virá á festa e levará nas ancas do seu cabalo a súa prometida.

—Cando casa Pietro?

---

<sup>3</sup>N. da A. Vastísimo terreo pechado.

—Casará despois da colleita, meu fillo.

—Virá para aquí coa muller?

—Si, virán para aquí, polo menos ao primeiro. Eu xa vou vella, fillo, e preciso axuda. Mentres eu viva, quero que esteamos todos xuntos. Despois, cando eu torne ao seo do Señor, cada un de vós fará a súa vida. Tamén ti casarás...

—Oh, e quen me vai querer a min? —dixo el con amargura.

—Por que falas así, Elias? Quen te vai querer? Pois unha filla de Deus. Se ti te emendas, se fas unha vida honesta, con temor de Deus, traballando, a fortuna non che ha faltar. Non digo que teñas que buscar unha muller rica, pero unha muller honesta non che faltará. O Señor instituíu o matrimonio para que se unan santamente un home e unha muller, non un rico e unha rica ou un pobre e unha pobre.

—Veña! —dixo el rindo—. Non falemos diso! Volvín hoxe e xa estamos a falar de matrimonio. Xa falaremos diso outro día. Só teño vinte e tres anos, teño tempo. Está cansa, madre. Váíase deitar, vaia.

—Vou, pero retírate ti tamén, Elias. O aire podería facerche mal.

—Mal? —dixo el, abrindo a boca de par en par e respirando con forza—. Como me vai facer mal? Non ve que me devolve a vida? Marche. Eu entrarei axiña.

Naquel intre ficou só, medio deitado na terra, co cóbado apoiado no chanzo da porta. Sentiu a súa nai subir a escaleira de madeira, pechar a xanela e quitar os zapatos. Logo todo foi silencio. O aire tornouse fresco, case húmido, aromático. Cavilou no que lle dixera a nai, e matinou para si: «O meu pai e os meus irmáns dormen tranquilos nas súas esteiras; síntoos dende aquí. O meu pai ronca. Mattia di de cando en vez algunhas palabras; estará a soñar, seguro, e tamén en soños é algo simple. Pero dormen

ben! Emborracháronse, mais mañá xa non sentirán ren. Eu tamén estou algo bébedo, pero sentirei a resaca. Que débil son! Xa non son un home; nunca serei bo para nada. Ah, e a miña nai pretende que case! E que muller me vai querer? Ningunha. Basta, o aire xa é moi húmido. Retirémonos».

Pero non se moveu. Chegáballe o ruído das chocas dos rabaños que pacían, que parecía ora próximo, ora distante, transportado pola brisa húmida e fragrante. Elias sentíase canso, coa cabeza pesada, e non era quen de moverse, ou iso lle parecía. Confusas visións comezaron a ondear pola súa fantasía: recordaba o ovil, a *tanca* cuberta de feo altísimo, e vía as ovellas, arrodadas da súa longa la, espalladas aquí e acolá entre o verdor dos pastos, pero estas ovellas tiñan rostros humanos, os rostros dos seus compañeiros de infortunio. E inundábao unha angustia indefinible. Talvez fose o viño, que ao fermentarlle no sangue lle causaba algo de febre. Lembraba todos os acontecementos da xornada, pero parecíalle que os soñara, que se atopaba aínda *naquel lugar*, e iso producíalle unha escura dor.

As imaxes fantásticas do seu soño ondeaban, afasábanse, esvaecíanse. Agora figurábaselle que aquelas estrañas ovellas de rostro humano saltaban o muro que cerraba a *tanca*, e el ía atrás delas, afanosamente, saltando tamén o muro e penetrando na *tanca* contigua, mesta de altas e verdísimas sobreiras. Un home alto, rexo, gordo, cunha barba gris-arroibada, unha especie de xigante, camiñaba amodo, case maxestosamente, polo bosque. Elias recoñeceuno decontado: era un home de Orune, un salvaxe sabio que vixiaba a inmensa *tanca* dun terrateamente nuorés para que non extraesen fraudulentamente a cortiza das sobreiras. Elias coñecía dende pequeno aquel home xigantesco, que nunca ría e se cadra por iso gozaba de certa fama de sabio. Chamábase Martinu Monne, pero todos o alcumaban *o pai da selva (ssu babbu 'e ssu*

*padente*), porque contaba que, durante a súa infancia, non durmira nin unha soa noite na vila.

—Onde vas? —preguntoulle a Elias.

—Vou atrás destas ovellas tolas. Pero estou moi canso, pai da selva! Xa non podo máis; estou débil e exhausto. Xa non vallo para nada.

—Pois se non queres ter desgustos, faite cura! —dixo tío Martinu coa súa poderosa voz.

—Ha, ha, esa idea xa se me ocorreu algunha vez *naquel lugar!* —gritou Elias.

Deu unha sacudida, espertou e sentiu un arreguizo de frío.

—Adormecín aquí —pensou mentres se erguía—. Aínda vou enfermar.

Entrou na cociña cambaleando un pouco. O pai e os irmáns durmían a sono solto sobre as súas esteiras; o lume ardía pousado na pedra do fogar. Para o pobre Elias, tan débil, preparárase un leito nun cuarto co chan terreño. Colleu o lume, atravesou unha pequena estancia na cal, sobre unhas longas mesas, había unha gran cantidade de queixo amarelo e aceitoso que desprendía un desagradable cheiro, e entrou no cuarto.

Espiuse, deitouse e matou a luz. Sentía o lombo roto e a cabeza pesada, pero non daba durmido, de novo aflixido por un entresño case afanoso, repleto de confusas aparicións. Volvía ver a *tanca*, o feo, as gordas ovellas de intricada la, a liña verde do bosque próximo. O tío Martinu tamén estaba alí, pero agora ao pé do muro, alto, rexo, sucio, maxestoso.

Ergueito tamén el ao pé do muro, pola parte da súa *tanca*, Elias contáballe moitas cousas *daquel lugar*. Entre outras dicíalle:

—Levábannos sempre á misa, faciánnos confesar e comungar decote. Ah, alí dentro si que había bos cristiáns.

O capelán era un home santo. Eu díxenlle unha vez, en confesión, que estudara até o bacharelato, que logo me fixera pastor, pero que en moitas ocasións me arrepentira de non seguir estudando. El regaloume un libro escrito por unha parte en latín e pola outra en italiano, o libro dos oficios da semana santa. Lino máis dun cento de veces, que digo?, máis de mil, e tróuxeno comigo. Sei lelo tanto en latín coma en italiano.

—Daquela es un gran sabio!

—Non coma vostede! Pero teño temor de Deus.

—Pois ben, cando se teme a Deus, un é mais sabio ca o rei —decía o tío Martinu.

Aquí o soño de Elias confundíase e mesturábase con outros soños máis ou menos extravagantes.

## II

Aínda que Mattia porfiara en levar decontado a Elias para o ovil, o excarcerado quedou durante algúns días na casa, recibindo visitas de amigos e parentes e descansando.

O tío Berte e Mattia regresaron á campaza e Pietro ás súas angueiras; pero todos eles tornaban á vila pola noite para ver a Elias e facerlle compañía. Nesas reunións parrafeaban e contaban historias beira do lar ou no patio nas claras noites primaverais.

Elias non sufría a vixilancia especial que se seguía agora e que recrúa a pena, aínda que, polo menos os primeiros días, a autoridade o tiña de ollo, e decote, á noitiña, dous carabineiros percorrían o carreiro con paso lento, paraban e asomaban a cabeza polo portón do tío Berte. Se este estaba na casa e cos seus ollos doentes de can vello distinguía os carabineiros, deseguida se erguía e, entre o respecto e a burla, achegábase ao portón e invitábaos a entrar.

—Benvido sexa o Rei e benvida sexa a autoridade! —gritaba—. Entrade aquí, mozos, vinde beber un vaso de viño. Ou non queredes entrar? Seica credes que estades nunha casa de asasinos ou de ladróns? Nós somos homes de ben, e non deberiades meter os fociños nos nosos asuntos.

E aqueles dous rapazolos encarnados e repoludos dignábanse sorrir.

—Entrades ou non? —teimaba o tío Portolu—. Turro de vós? Queredes que turre, ou? Pero tende conta, que



igual quedo cun anaco na man. Se non queredes entrar, ide ao inferno. Cas Portolu hai viño do bo!

E eles acababan entrando, e axiña chegaba coa súa famosa garrafa a tía Annedda.

—Viva o Rei, viva a autoridade e viva o viño! Bebede e que a xustiza vos castigue...

—Oh, oh —observaba Mattia, se estaba na casa—, que cousas di, padre! Daquela castigaríanse a si mesmos.

—Ha, ha, ha!

—Non é cousa de risa. Bebede, fillos. E ti tamén, Mattia, que che fará ben para o caletre, e ti, Elias, que tes a cara da cor da cinza. Deberías tela encarnada para ser un home. Ves estes mozos? Tan encarnada coma a deles debería ser. Aínda que vos estades poñendo cada vez máis encarnados, vállame o demo! Talvez sentides vergoña polas palabras do tío Portolu? Pois que saibades que teño feito arrubiar a moitos outros! O tío Portolu fixo arrubiar mesmo os dragóns. Vós non sabedes quen é o tío Portolu? Héivolo dicir logo: velaquí o tendes.

—Moito gusto! —dicían os dous mozos, facendo unha reverencia e rindo. Divertíanse e o viño do tío Portolu era certamente bo, sabedeiro e aromático.

Tío Berte tomaba a liberdade de pousar a man no lombo dos carabineiros.

—Por quen vos tedes? Pola autoridade! Un corno de cabra! Esperade que vos quite este longo coitelo, esta pistola, estes botóns; daquela, que vos queda? Un corno, xa volo dixen. Probemos a lle poñer estas cousas a Elias, a Mattia, ao meu Pietro: todos eles serían mellores ca vós. Tres flores, tres pombos, os meus fillos! Aos meus fillos non tedes nada que lles achacar. Eles non teñen necesidade ningunha de andar a roubar por aí adiante, porque nós temos toda sorte de posesións, para lles tirarmos mesmo aos cans e aos corvos.

—Vaites... ! —dicía Elias, sentado en silencio nun recanto—. Iso é algo esaxerado, padre.

—Déixao falar... —murmuraba Mattia, moi contento coas fanfuriñadas do seu pai.

—Ti cala a boca, fillo. Ti dis iso porque non sabes; ti naciches onte. Pero que facedes, mozos? Bebede, bebede, que demo! O home naceu para beber, e nós somos homes. Todos somos homes —concluía filosoficamente, con ton persuasivo—, vós e nós, e precisamos compartir as vicisitudes. Hoxe vós tedes a espada e representades o rei, que o demo o escorrente, mais mañá, que? Pode que mañá suceda que representedes un corno e pode que o tío Portolu daquela vos resulte útil. Porque eu teño bo corazón, isto dirávolo a vila toda. Como o tío Berte hai poucos. E os meus fillos tamén teñen bo corazón; o corazón duns pombos. E se pasades pola nosa mallada, na serra, darémosvos leite, queixo e até mel. Porque tamén temos mel! Rapazolos, pechade un ollo, ou mesmo os dous, e non lle contedes ao Rei todo o que vexades, porque, no fin de contas, todos somos homes, todos podemos cometer un erro...

Os dous mozos rían, bebían e se cadraba até pechaban un ollo e mesmo os dous diante dos desacertos dos Portolu e dos seus amigos.

A propósito dos amigos, tamén foron visitar a Elias aquelas malas compañías ás que el e mais a súa familia lles atribuían a *desgraza* e, malia as súas intencións de non os recibir e até de lles pechar a porta nos fociños se se aventuraban a viren, el acolleunos cristiamente, e a tía Annedda deulles de beber.

—Que outra cousa se pode facer? —dixo ela cando marcharon—. Cómpre sermos bos cristiáns e ter compaixón. Que Deus os perdoe!

—É mellor estar a ben con todos. O Señor mándanos que esteamos en paz —respondeu Elias.

—Beizón para ti, Elias, díxeches unha gran verdade.

Ah, que contenta se sentía a tía Annedda cando o fillo falaba de Deus! E cando o vía tornar da misa e ler naquel groso libro negro que trouxera *daquel lugar!*

—Loado sexa Deus! —pensaba conmovida—. Volve ser tan bo como cando era cativo.

Entrementres, nai e fillo preparábanse para cumprir a promesa feita a San Francisco.

A igrexa de San Francisco érguese entre as montañas de Lula. A lenda conta que foi edificada por un bandido que, canso da súa vida vadía, prometeu someterse á xustiza e facer construír a igrexa se resultaba absolto. Sexa como for, sexa a lenda certa ou non, os priores, é dicir, os que dirixen a festa, fan un sorteo cada ano entre os descendentes do fundador ou dos fundadores da igrexa. Todos estes descendentes, que se teñen tamén por parentes de San Francisco, forman, no tempo da festa e da novena, unha especie de confraría e gozan de certos privilexios.

Os Portolu estaban entre eles. Poucos días antes da partida, Pietro foi a San Francisco co seu carro e cos seus bois e prestou de balde os seus servizos xunto con outros aldeáns e albaneis, algúns dos cales traballaban porque fixeran un voto. Acomodaron a igrexa e as estancias construídas na contorna e transportaron a madeira que debía arder durante o tempo da novena. A tía Annedda, pola súa parte, enviou certa cantidade de trigo á priora, e xunto coas outras mulleres da tribo dos descendentes dos fundadores da igrexa, axudou a peneirar a fariña e a cocer o pan que había que levar á novena. Parte deste pan foi repartido por un mensaxeiro do prior entre os donos das malladas da campiña de Nuoro. A cada mallada tocáballe un pan. Os pastores recibían con devoción e en troco daban o que podían dos seus produtos, algúns tamén carnos e pericos vivos; outros prometían doar vacas que irían

aumentar o armentío do Santo, xa rico en terras, diñeiro e rabaños. Cando o regalo chegou ao ovil dos Portolu, o tío Berte descubriu a cabeza, persignouse e bicou o pan.

—Agora non che dou nada —díxolle ao mensaxeiro—, pero o día da festa estarei alí canda a miña pequena muller e levareille ao Santo unha ovella sen tosquiar e toda a ganancia dunha xornada dos meus rabaños. O tío Portolu non é un avaro e cre en San Francisco, e San Francisco sempre o axudou. Agora, vai con Deus.

A tía Annedda, mentres, continuaba cos seus preparativos: fixo pan especial, biscoitos e doces de améndoa e mel, e mercou café, resolio e outras provisións.

Elias asistía con olladas afectuosas aos quefaceres tranquilos da súa nai e ás veces botáballe unha man. El case nunca saía da casa; sempre se sentía frouxo, feble e decote os seus ollos gacios, un pouco encoveirados, tiñan unha fixeza vítrea e perdíanse no baleiro, no nada: semellaban os ollos dun morto.

Finalmente, chegou o día da xira. Era un domingo de primeiros de maio. Todo estaba arrombado dentro das taleigas de la, e por aquí e por alá, ao longo dos camiños, víase algún carro cargado de tarecos e provisións, cos bois xunguidos para a partida.

A tía Annedda e Elias, antes de principiar a viaxe, foron escoitar misa na igrexa do Rosario. Pouco antes de que comezase a cerimonia chegou un home, un aldeán que avantou cara ao altar e colleu unha pequena capela portátil de madeira e cristal, na interior da cal había unha pequena imaxe de San Francisco. Cando xa ía saír, algunhas mulleses fixéronlle acenos para que se aproximase e llela ofrecese para bicala. Elias tamén chamou por el cun movemento de cabeza e bicou o cristal aos pés do Santo.

Pouco despois puxéronse todos en camiño. O prior, un campesiño aínda novo, de barba case loura, montaba

un fermoso cabalo gris e portaba o estandarte e mais a capela. Os demais aldeáns seguían, con mulleres ás ancas dos cabalos, mulleres que cabalgaban soas, mulleres a pé, rapaces, carros, cans... Porén, cadaquén viaxaba como lle cadraba, uns máis adiante e outros máis atrás do camiño.

Elias, coa tía Annedda nas ancas e unha mansa egua con pencas brancas nas patas, estaba entre os últimos; un poldro, fillo da egua e pouco máis grande ca un can, camiñaba tras eles.

Ía unha mañá fermosísima. As rexas montañas cara ás que viaxaban erguíanse azuis no ceo aínda acendido polas lapas violáceas do abrente. O val salvaxe do Isalle estaba tapizado de herbas e flores; na rochosa senda campaban, coma grandes lámpadas brillantes, as xestas de cor amarela dourada. O fresco Orthobene, pintado co verde dos bosques, co ouro das xestas, coas encarnadas flores da carriza, afastábase ás costas dos camiñantes sobre o fondo de nácara do horizonte. De socato, o val abriuse e apareceron solitarias chairas cubertas de cereais aínda inmaturos e brillantes de rosada que, baixo os raios do sol aínda non moi alto, desprendían un luminoso escintileo de prata. Os prados, ateigados de papoulas, de tomiño e de margaridas, exhalaban intensos perfumes.

Mais os camiñantes tiñan que subir as montañas e deixaron a un lado as chairas que conducían ao mar. O sol comezaba a pegar forte e os afoutos cabaleiros de Nuoro «mollaban o carneato», detendo de cando en vez os cabalos e inclinando o rostro cara a atrás para beberen das cabazas cortadas nas que levaban o viño. Reinaba unha grande alegría. Algúns esporeaban de cada pouco os cabalos, lanzándose a un áxil galope, logo a unha carreira desenfreada, facendo que caracoleasen e proferindo ao tempo gritos salvaxes de relouco.

Elias mirábaos en fite e a súa face iluminábase. El tamén tiña gana de berrar. Sentía un estremecemento nos cadrís, unha instintiva acordanza das carreiras xa distantes, unha necesidade de lanzarse tamén a aqueles áxiles galopes, ás carreiras embriagadoras e libres. Mais o brazo sutil da tía Annedda cinguía a súa cintura e el non só freaba o seu instinto de home primitivo, senón que permanecía bastante atrasado con respecto aos demais xinetes para que a poeira que levantaban non molestase a velliña.

Por fin comezaron a ascender a montaña. Mestas forestas de lentiscos, salpicadas de rosas ventureiras en plena floración, subían e descendían entre o fusco brillar do xisto. O horizonte estendíase amplo e puro, o vento recendente pasaba ondulando as verdisímas urceiras: inefable soño de paz, de soidade salvaxe, de silencio inmenso apenas roto por algún reclamo distante do cuco e polas matizadas voces dos camiñantes. E logo, de repente, a sublime paisaxe profanada e desolada polas bocas negras e as descargas das minas, e, a seguir, de novo a paz, o soño, o esplendor do ceo, das pedras escuras, do distante mar, e outra vez o reino ininterrompido do lentisco, da roseira brava, do vento, da soidade.

Nun certo punto, nun alto aberto entre os lentiscos, todos pararon. Algunhas mulleres desmontaron da sela; os homes beberon. A tradición di que alí quixo parar a estatua do Santo cando a transportaban á igrexa, e que pediu de beber! Dexergábase a igrexa, co seus muros brancos e os teitos encarnados, colocada a media pendente, entre o verde das breixeiras.

Tras unha breve pausa retomouse a viaxe. E Elias Portolu e a tía Annedda quedaron de últimos. A meta aproximábase; o sol encamiñábase ao cénit, mais o vento agradable, recendente a rosas ventureiras temperaba o ardor.

Velaí un pequeno val, velaí de novo a costa; os brancos muros, os encarnados teitos achegábanse. Cómpre valor, porque a costa se volve esgrevia e fragosa. Tía Annedda, apéguese ben á cintura de Elias! A egua está cansa e brillante de suor, e o poldro xa non pode máis. Valor! O campamento está cerca. E velaí a fermosa igrexa, coas cabanas ao redor, co seu patio, co seu cercado, co portón espalancado. Semella un castelo completamente branco e vermello sobre o intenso azul do ceo, sobre o verde selvático das onduladas urceiras.

Dende abaixo, Elias e a tía Annedda vían os cabalos e os xinetes empuxándose e agrupándose para entraren apertados polo portón espalancado, entre unha nube de po. Os homes perdían as gorras, as mulleres os panos. Algunhas tiñan os cabelos soltos, libres tras o afanoso movemento da viaxe de a cabalo. Unha campá soaba estridente no alto e os seus breves repiques de gozo espallábanse, perdíanse na inmensidade do ceo azul e da verde paisaxe.

Elias e a tía Annedda entraron os últimos. No patio invadido de herba campeira, cheo de sol abrasador, reinaba un afanarse de homes e mulleres, unha confusión de bestas cansas e suadas. Un naipelo berraba, un can ladraba. As andoriñas sobrevoaban o patio rechouchiando, asustadas ao ver aquela gran soidade da montaña subitamente animada. E de certo parecía que unha tribo errante chegase de lonxe para asaltar aquela pequena aldea deshabitada. As portelas abríanse e nos alboios resoaban berros e gargalladas.

Elias axudou tranquilamente a súa nai a desmontar e despois apeouse el, atou a egua e cargou ás costas, unha despois da outra, as ateigadas taleigas que contiñan as provisións e as mantas. E os Portolu, coma todos os demais da confraría dos fundadores da igrexa, colleron sitio na *cumbissia maggiore*. Esta *cumbissia* é unha longuísima

dependencia, semiescura, bastamente enlousada, co teito de canas. A cada pouco, fixado ao chan, hai un fogar de pedra e nas rugosas paredes un gran cravo. Cada un destes cravos indica o posto hereditario das familias dos descendentes dos fundadores.

Os Portolu tomaron posesión do seu cravo e do seu fogar no fondo da *cumbissia*, que certamente aquel ano non estaba demasiado animada. Só seis familias a habitaban; o resto dos confrades era xente que non pertencía á tribo, e por iso ocupaba as outras numerosas estancias.

O prior coa súa familia, cuxo posto de honor se distinguía por unha especie de armario practicado no muro e pechado, ocupou o sitio de dúas ou tres familias. A do prior era unha familia numerosa, cunha prioresa magnífica, gorda e branca coma unha vaca, con dúas fermosas fillas e unha rolada de pequechos xa vestidos co traxe típico. O pícaro, aínda con cueiros, non fixera o ano; menos mal que entre os tarecos pertencentes á igrexa había tamén un pequeno berce de madeira branca, onde axiña acomodaron o cativo.

Os Portolu tardaron ben pouco en se instalar. A tía Annedda colocou nun buraco da parede o seu cesto cos doces, o seu pan, o seu café; no fogar puxo a cafeteira e a ola; ao longo da parede estendeu a saca, a manta, a almofada de tea vermella, e colocou as cestas de vimbio coas cuncas e os pratos. E iso foi todo. Os Portolu tiñan por veciños unha viúva eslombada con dous netos; axiña principiaron amigables relacións, intercambiándose regalos e cumpridos. Pouco despois, Elias quitoulle a sela á egua, e esta e mais o poldro correron a pastar na breixeira próxima.

Mentres no curral e nas estancias continuaban os berros, as présas, a algarada, a tía Annedda foi rezar á igrexa, que era fresca e limpa, co pavimento de mármore,



e un gran Santo barbudo que inspiraba máis medo que afecto. E pouco despois tamén Elias entrou na igrexa. Axeonllouse nos chanzos do altar, coa gorra colocada no ombro, e rezou.

A tía Annedda non lle quitaba ollo mentres pregaba con fervor, coma se fose el o Santo ao que dirixía as súas maternais pregarías. Ah, aquel delicado e fatigado perfil, aquel rostro branco e enfermizo, canta tenrura lle espertaban! E velo alí, o dilecto fillo, axeonllado aos pés do Santo, cumprindo a promesa feita en terra estraña, nun lugar ingrato, ah, aquilo consumía o corazón da tía Annedda.

—Ah, *Santu Franziscu bellu*, meu adorado San Francisco, non teño palabras para agradecerche. Dispón da miña vida, se che parece, todo o que queiras, pero que os meus fillos sexan felices, que vaian polos rectos camiños do Señor, que non se aten demasiado ás cousas do mundo, meu *Santu Franzischeddu*!

Pouco e pouco, as présas, o balbordo e a confusión cesaron. Cadaquén collera o seu sitio, tamén o ilustrísimo señor capelán, un crego que apenas medía un metro trinta, de face moi colorada, moi alegre, que asubiaba romanzas de moda e cantaruxaba cancións case de café-concerto.

Os cabalos foron levados a pastar, acendéronse os fogares e a magnífica priora e as mulleres da tribo comezaron a cociñar unhas impresionantes caldeiras de sopa condimentada con queixo fresco. Que ledicia se estendeu entón naquela sorte de *clan* pacífico e patriarcal! Degolábanse ovellas e pericos, cocíanse macarróns, bebíase moito café, moito viño, moita augardente. O capelán dicía misa e novena, e asubiaba e cantaruxaba.

Con todo, a maior diversión estaba na gran *cumbissia* durante a noite, ao redor dos altos e crepitantes lumes de lentisco. Fóra, a noite ía fresca, ás veces ben fría. A lúa

baixa polo vasto occidente, dándolles ás uces un encanto selvático. Oh, pálidas noites da soidade sarda! O reclamo vibrante do moucho, a selvática fragancia do tomiño, o áspero olor do lentisco, o distante murmurio dos bosques solitarios fúndense nunha harmonía monótona e melancólica que lle outorga á alma un sentimento de tristura solemne, unha nostalxia polas cousas antigas e puras.

Recollidos ao redor do lume, os paisanos da *cumbissia maggiore* narraban historias agudas, bebían e cantaban. O eco das súas voces sonoras perdíase alí fóra, naquela gran soidade, naquel silencio lunar, entre as forestas baixo as que durmían os cabalos.

Elias Portolu participaba na diversión cun pracer intenso, case infantil. Parecíalle estar nun mundo novo. Contaba as súas vicisitudes e escoitaba os contos dos outros case conmovido. Amais, establecera relación co señor capelán, e este novo amigo faláballe cunha lingua-xe divertida, incitándoo a gozar a vida, a esquecer, a divertirse.

—Sirve a Deus con ledicia —dicíalle—. Bailemos, cantemos, asubíemos, gocemos. Deus deunos a vida para gozala. Non digo pecar, eh! Ah, iso non! Ademais o pecado deixa remorsos e tormentos, amigo... Abonda, ti xa o sentiches. Pero divertirse honestamente, si, si, si! Eu chámome Jacu Maria Porcu, e chámanme Padre Porcheddu porque son pequeno. Pois ben, Jacu Maria Porcu divertiuse bastante na súa vida. Ben feito! Unha noite volvín á casa despois da medianoite. A miña irmá di que estaba borracho, aínda que eu non pensaba tal, amigo. «Que me vas dar de cea, Anna?», díxenlle. «Non che dou nada, nada, Jacu Maria Porcu, cara lavada, que é máis de medianoite; non hai nada». «Dáme a cea, Annesa. A un crego hai que darlle a cea». «Pois dareiche pan e queixo, xarelo, desvergonzado, que xa é máis de medianoite».

«Pan e queixo a un crego, a Jacu Maria Porcu?». «Si, pan e queixo, e se non o queres xa o podes deixar». «Pan e queixo a Jacu Maria Porcu? Ao Padre Porcheddu? Toma, toma, can!», e Padre Porcheddu tiróullelo todo aos cans! Así tes que facer ti, mociño de cara esbrancuxada! E que pasa se son crego, seica por iso non podo divertirme? Divertirse si, pecar non!

*L'amore si fa per ridere,  
L'amore si fa per ridere,  
Solo per ridere.  
Oggi te, domani un'altra!*<sup>4</sup>

«Este está algo tolo!», pensaba Elias, rindo para si, pero divertíase, e as palabras do Padre Porcheddu conmovíano, proporcionábanlle un sopro de vida, un desexo de cantar, de gozar, de divertirse.

Decotío, el, o Padre Porcheddu, o prior e algún outro amigo marchaban lonxe, á sombra das altas árbores. Todo era silencio na metálica quietude do atardecer; ante eles os montes pintorescos de Lula perfilábanse nidios e coa súa cor turquesa no ceo puro, e ao lonxe, entre o verde do breixo, os cabalos corrían lixeiros, perseguíndose con rápidos xiros. Semellaba un cadro. E os amigos, agradablemente estomballados na herba, contaban o seu pasado máis ou menos azaroso, as lendas da igrexa, parrafeos coas mozas, vicisitudes épicas acontecidas aos antigos sardos. Decontino, a conversa interrompíase por un rechouchío, por un asubío do Padre Porcheddu. Algunhas veces tamén o señor capelán se erguía de súpeto e daba pinchacarneiros ou ben cantaba acompañando con mímica grotesca as súas licenciosas cancións.

---

<sup>4</sup>N. da T. O amor é para rir / O amor é para rir / Só para rir / Hoxe a ti, mañá a outra!

Un día, a antevéspera da festa, estaban precisamente así, á sombra dun grupo de enormes lentiscos, e Elias acababa de contar como unha vez un dos seus compañeiros detidos zoscara un verdugo porque este rexeitara desdeñosamente o seu convite de beber cuns reclusos, cando se sentiu un asubío tremente, agudo, que chegaba coma unha frecha da parte da igrexa.

Elias levantouse axiña e gritou:

—Ese é o asubío de Pietro, o meu irmán.

—Ben —dixo o Padre Porcheddu—, se é o teu irmán, ben nos verá! Por iso te alborotas?

—Debe de estar tamén o meu pai, e talvez a prometida de Pietro. Vamos, vamos... —dixo Elias, que certamente semellaba turbado.

—Se é así, vamos —dixo o prior—. Temos que facerlles os honores. Berte Portolu é un bo parente de San Francisco. E ademais Maria Maddalena Scada é unha rapaza fermosa.

—Unha rapaza fermosa! —exclamou o Padre Porcheddu—. Pois daquela vamos.

Elias mirou para el con certo desdén, pero o Padre Porcheddu afrontou aquela ollada e despois deu en rir e en cantar a súa canción favorita:

*L'amore si fa per ridere,*

*Solo per ridere.*

*Solo per ridere...*

Colleron camiño da igrexa por unha corredeira apenas trazada entre as matogueiras e as silvas, entre o verdor da recendente herba. O asubío repetíase cada vez máis próximo e insistente. Elias non se enganara. Diante do pozo estaban Pietro e o tío Portolu, e no medio deles a luminosa figura de Maria Maddalena. Elias sentiu como

lle latexaba o corazón. O Padre Porcheddu estalou a lingua contra o padal, pois non tiña palabras para expresar a súa admiración. E se el o dicía, que entendía desas cousas!

Maddalena non era moi alta nin verdadeiramente guapa, pero si agraciada, esvelta, cunha finísima cute dun ton moreno-rosado, uns ollos brillantes baixo unhas espesas cellas e unha boca sensual. O corpiño vermello escarlata, apertado sobre a cándida blusa, e o pano estampado con orquídeas e rosas, volvíana cativadora. Entre as rudas figuras de Pietro e do tío Portolu semellaba a graza no medio da forza salvaxe. Os seus ollos brillantes, amendoados e entornados, con largas pálpebras e longas pestanas, voluptuosos, ameigaban no estrito significado da palabra.

—Benvidos —dixo Elias adiantándose e estreitándolles a man—. Chegastes hai moito? Non vos esperabamos até mañá.

—Que máis ten mañá ca hoxe? —respondeu o tío Portolu—. Saúde a todos, ao prior e a ese pequeno crego rubio. Deus o garde, ben se ve que é crego, aínda que leve pantalóns.

—Padre Porcheddu, eh, que di diso?

—Con pantalóns ou sen eles, todos somos homes —contestou el un pouco picado. Despois volveuse a Maddalena e recibíuna con moitos cumprimentos.

—Ten coidado —díxolle Elias sorrindo—, o Padre Porcheddu é terrible coas mulleres.

—Non máis ca ti —contestou axiña o miúdo crego.

—Ha, ha! —riu suavemente Maddalena—. Eu non teño medo de ninguén.

—Non teñas medo, non, filla, rula, non temas nada. Aquí está tío Portolu, e se non abonda co tío Portolu, velaquí a súa faca —engadiu o vello.

E desenvaiñou da funda o gran coitelo que levaba ensartado na cintura e brandiuno no aire. O Padre Porcheddu

recuou, defendéndose coas mans por diante cun finxido e cómico xesto de terror.

—Este é o Mahoma! Iso é unha cimitarra! *Allargaribus*.

—Que quere? —dixo o tío Portolu, gardando a faca—. Esta rapaza, esta pomba foime entregada pola nai, unha pomba viúva. ««Arrita Scada», díxenlle eu, «quede tranquila, que á pomba non lle pasará nada nas miñas mans. Defendereina mesmo contra o meu fillo, o meu Pietro de ouro, e tamén contra os demais miñatos e voitres».

O tío Portolu falaba en serio e cada canto dirixíalle miradas de salvaxe afecto á rapariga.

—Daquela estaremos atentos —advertiu o Padre Porcheddu—. E agora imos beber.

—A beber, si, bravo, Padre Porcheddu. O que non bebe non é home, e tampouco sacerdote.

E botaron a camiñar. A tía Annedda agardaba por eles coa súa cafeteira e as súas garrafas e os seus cestos de doces. Maddalena e o seu cortexo irromperon na *cumbissia* rindo e charlando; axiña se armou unha algarada de voces, berros e gargalladas, un tintinar de vasos e cuncas. Oíase ao tío Portolu contar que fixera toda a viaxe coa ovella prometida a San Francisco atada nas ancas do cabalo.

—Era a miña mellor ovella! —dicíalle ao prior—. Cunha longa la. Si, ho, que o tío Portolu non vos é un tiñoso.

—Mala chispa te coma! —respondíalle o prior—. Non ves que é unha ovella canosa, tan vella coma ti!

—Canoso serás ti, Antoni Carta! Se me insultas, espichareite coa miña faca.

O Padre Porcheddu, que termaba do vaso coa cabeza un pouco reclinada cara aos ombros e os ollos aduladores dirixidos a Maddalena e ás graciosas fillas do prior, cantaba:

*Sulla poppa del mio brik,  
Buoni sigari fumando,  
Col bicchier facendo trik,  
Bevo rum di contrabbando.*<sup>5</sup>

—Ha! Ha! Ha! —rían as mulleres.

Elias calaba. Sentado nunha das moitas cadeiras ciscadas pola *cumbissia*, saboreaba o seu viño, baixando e alzando de cando en vez a cabeza. E sempre que levantaba os ollos batía coa ollada riseira de Maddalena, sentada en fronte del, a pouca distancia, e aqueles ardentes ollos amendoados penetraban até a súa alma. Sentía unha especie de embriaguez, unha relaxación de todos os seus nervios, un pracer case físico, cada vez que a miraba.

As voces, as charlas, as gargalladas, as cancións do Padre Porcheddu, as exclamacións das mulleres chegábanlle coma dun punto distante; parécíalle estar escoitando dende un lugar remoto, sen tomar parte na troula. Mais, de socato, alguén se dirixiu a el e pronunciou o seu nome; el espertou coma se estivese nun soño, o seu rostro escureceuse, ergueuse e saíu rapidamente.

—Onde vas, Elias? —gritoulle Pietro alcanzándoo.

—Vou vixiar os cabalos. Déixame! —respondeu el con rudeza.

—Os cabalos xa están acomodados. Por que estás de mal humor, Elias? Non che gusta que viñese Maddalena?

—Non, ho! Por que me dis iso? —preguntou Elias fitándoo.

—Non sei, pareceume que lle poñías mala cara e que ela non che gustaba. Non é así, irmán?

—Ti estás tolo! Estadés todos tolos! Ela tamén, con toda a súa enxalzada sensatez, ri demasiado.

---

<sup>5</sup>N. da T. Na popa do meu *brik* / bos cigarros fumando / co vaso facendo *trik* / bebo ron de contrabando.

Pietro non se ofendeu. El e todos os da casa trataban a Elias coma se fose un neno ou un enfermo. Temían causarlle algún desgusto e contentábano sempre. Naquel momento, vendo que desexaba que o deixasen en paz, Pietro volveu coa súa prometida.

«Están tolos», pensaba Elias, vagando dun lado a outro. «Pero, tamén eu? Ah, esa é a prometida do meu irmán. Por que fago a tolería de mirala?». E permaneceu fóra toda a noite.

—Onde anda Elias? —preguntaba a cada pouco a tía Annedda, mirando en volta inqueda—. Onde andarás ese bendito rapaz? Vaino buscar, Pietro.

Pero Pietro estaba pendente de Maddalena —que a dicir verdade non parecía estar moi namorada del, ou polo menos non o demostraba, talvez por manter a compostura que lle aconsellara a súa nai—, e respondía:

—Vou, vou —mais non se movía.

—Onde estará Elias? —repetiu a tía Annedda cando chegou a hora da cea—. Portolu, vai ver onde anda o teu fillo.

Tío Berte, sentado no chan a carón do fogar, asaba un año enteiro enfilado nun longo espeto de madeira. Xactábase de que ninguén no mundo asaba mellor ca el un año ou un leitón.

—Xa irei, ho —respondeulle á muller—, déixame antes amañar as contas con este animalíño.

—O año xa está asado, Berte. Vai buscar o teu fillo.

—O año non está asado, muller. Que saberás ti? Tamén lle vas dar consellos sobre isto a Berte Portolu? Deixa que os rapaces se divirtan, ho, que están no tempo de facelo.

Mais ela insistía e o tío Berte xa estaba a piques de moverse cando entrou Elias. Tiña os ollos brillantes e o rostro acendido; estaba moi guapo. Todos miraron para el e a tía Annedda suspirou. O tío Berte botouse a rir de gusto ao



recoñecer que Elias estaba un pouco bébedo. Pero Elias non vía máis que os ollos amendoados e apaixonados de Maddalena, e sentía gana de chorar coma un cativo.

«Está tola!», pensou. «Por que me mira así? Por que non me deixa en paz? Direillo a Pietro, direillelo a todos. E se non o ama, por que o engana? Está tola, está tola, pero eu tamén son un demente. Non debo mirala, teño que arrincala do corazón. Agora irei onda Paska, a filla do prior e fareille as beiras...»

—Paska —dixo entón, achegándose ao fogar do prior—, es a máis fermosa parente de San Francisco.

—E ti o máis guapo —respondeu axiña a rapaza, que estaba atarefada cunha pota.

Elias sentou a son dela, mirándoa cunha estraña intensidade. Ela ría contenta, pero dentro do seu corazón el sentíase morrer.

No fondo da *cumbissia*, Maddalena miraba, sen deixar de pechar as súas enormes pálpebras, as súas longas pestanas, e daquela imitábase a unha virxe melancólica e resignada. Cando a cea estivo lista, o tío Berte chamou por Elias.

—Eu quedo aquí —berrou o mozo—, a máis guapa parente de San Francisco invitoume ao seu fogar.

—Ti vés para aquí! —gritou o tío Portolu—. Ninguén te invitou, pero aínda que te invitasen, non cho permito. Se non vés polas boas, tío Portolu, o teu pai, farache vir polas malas.

Elias levantouse decontado e obedeceu, pero non quixo comer nin beber nada e contestaba mal se lle dirixían a palabra.

—Por que estás de mal humor? —preguntoulle Maddalena de bos modos cando acababan de cear—. Porque non te deixamos quedar no fogar do prior? Vai, volve alí, tes que estar contento.

—E que se volvo? —contestoulle rudamente—. A ti que máis che ten?

—Ah, a min nada! —dixo ela, máis arisca. Despois virose cara a Pietro, sorriulle e ocupouse del.

Elias ergueuse e arredouse, pero en vez de parar de novo no fogar do prior, saíu e sentou no patio. Sentía unha angustia confusa, febril, un desexo de morder os puños, de berrar, de revolcarse pola terra e de chorar. Porén, malia a ebriedade do viño e da paixón, conservaba aínda a conciencia de si mesmo, e pensaba: «Namoreime dela. Por que me namorei dela, San Francisco? Axúdame axúdame ti! Son un tolo, San Francisco, e mais un infeliz!».

Das *cumbissias* chegaban até alí, vibrando no silencio da noite tépeda e pura, confusos rumores de voces e de cantos, de berros e de gargalladas. Elias distinguía a voz do seu pai, o asubío do Padre Porcheddu, a risa de Maddalena, e entre tanta xolda sentíase triste, desesperado, como un pícaro ao que deixasen só na salvaxe soidade nocturna da breixeira.



### III

Paseniño, o boureo esmoreceu e todo foi silencio sobre aquela especie de clan adormecido. Elias entrou e deitou a carón de Pietro, encol do mesmo feixe de herba que exhalaba un agre perfume. Toda a *cumbissia* estaba ategada de xergóns de herba; algún lume aínda faisca-ba, espaxando trémulos resplandores arrubiados naquel vasto cadro silencioso. Víase ora aquí, ora alá unha longa barba, un traxe de la, unha face de muller, unha sela, un can acochado cabo dos fogares, unha escopeta colgada na parede. Elias non prendía no sono; semelláballe respirar o hálito de Maddalena, que estaba deitada entre a tía Annedda e o tío Portolu, e seguía sentindo un desesperado desexo dela, aínda que loitaba contra el.

«Non, non temas, irmán», dicía mentalmente dirixíndose a Pietro, «aínda que ela se lanzase aos meus brazos, eu rexeitaríaa. Non a quero: é túa. Se fose doutro, malia ter que volver a *aquel lugar*, quitaríalla; pero é túa. Durme tranquilo, irmán. Eu tamén collerei moza, axiña, a non tardar. Pedireillo a Paska, a filla do prior».

«Pero, que digo?», pensaba despois, «son un sandeu. Que necesidade terei eu de coller moza? Que necesidade terei eu de pensar nas mulleres? Tamén se pode vivir sen as mulleres. E logo non vivín tres anos sen velas diante? Quizais sexa por mor disto que, pouco tempo despois de regresar, me namoro da primeira que vexo? Pero mira que

estou tolo! Deixemos estar as mulleres, que fan enlouquecer. Durmamos».

Pero buligaba e rebuligaba e non daba durmido. Así pasou case toda a noite e porén foi un dos primeiros en espertar. Dende a xanela que se abría cara a un fondo arxénteo penetraba a frescura húmida da luzada do día. A tía Annedda e Maddalena, aínda adurmiñadas, preparaban xa o café. Elias ergueuse, esbrancuxado coma un cadáver, cos cabelos enguedellados e un nó na gorxa.

—Bo día —dixo Maddalena, sorríndolle—. Mire, tía Annedda, o seu fillo ten a cara da cor da cera. Déalle axiña o café.

—Estás doente, filliño?

—Creo que estou arrefriado —dixo el con voz rouca, rascando a gorxa—. Déame de beber. Onde está o noso porrón?

Buscouno, colleuno e bebeu moito, avidamente. Maddalena esculcaba e ría.

—Por que ris? —dixo el pousando o porrón—. Porque bebo non ben me ergo? Quere isto dicir que onte á noite collín unha borracheira. Tanto ten, o viño fíxose para os homes.

—Ti non es un home —interveu o tío Portolu, que xa bebera augardente—, ti es un fantoche de queixo fresco; abasta que unha rapariga che sobre enriba, e buf..., xa caes na terra, morto, desfeito.

—Pois si, logo —dixo Elias, enfadado—, abasta que unha rapariga me sobre enriba para que caia morto, pero deixádeme todos en paz.

—Ah, que terrible mal humor te agonía! —exclamou Maddalena—. Talvez é porque estou eu aquí?

—Si, precisamente, porque estás ti.

—Miña pomba! —gritou o tío Portolu, abrindo os brazos—. A pomba que alegra alá por onde pasa. E o meu

fillo, este fantoche de ollos de gato, di que o pon de mal humor? Marcha, marcha, marcha, fai o favor, marcha de aquí, fillo do demo! Se andas escornado, vai e afórcate! Éche ben certo que ti non lle traerás nunca ao tío Portolu outra rosa coma esta para lle alegrar a casa.

Estas palabras magoaron o corazón de Elias, porque, de improviso, lembrou que Maddalena ía vivir na súa casa cando casase con Pietro, dentro de poucas semanas. Ah, que martirio ía ser iso! Non, el non podería soportalo.

—Bebe o café, meu fillo —díxolle a tía Annedda— e come deste biscoito. Ponte contento, que estamos de festa e San Francisco ofenderase se nos entristecemos.

—Pero se estou contento, madre, estou contento coma un cuco. Ei! —gritou despois, volvéndose cara ao fogar do prior—. Bo día de Pascua florida.

Logo disto non aconteceu nada interesante aquel día nin o día seguinte no fogar dos Portolu. A véspera da festa chegou moita xente de Nuoro e das vilas veciñas, de Lula especialmente. Pola esgrevia corredeira, encaixada na montaña entre luminosas matogueiras de xestas florecidas, baixaban longas ringleiras de mulleres vestidas cun traxe un pouco caricaturesco: a cabeza esaxeradamente alongada por mor dunha touca sobreposta ao gran pano listado e unhas pesadas saias de pano curtísimas, con longos rosarios encadeados cuns poucos estraños adobíos de prata.

Tamén os Portolu tiveron moitos hóspedes, e Elias e Pietro andaron todo o día de cacho para cribo cos mozos de Nuoro que chegaran para a festa. Todos se embebedaron até perder o siso, cantaron, bailaron, urraron. Por momentos, Elias semellaba enlouquecido; ría até virar lívido, cos ollos verdes, e profería estraños berros de relouco, aturuxos longos, guturais, estridentes, que parecían reclamos de batalla dun guerreiro salvaxe.

Maddalena, que axudaba a tía Annedda a preparar as comidas, a servir o viño e o café aos hóspedes, a cada pouco miraba de esguello para el e cuscubiñaba:

—Está moi contento o seu fillo, tía Annedda, mire que encarnado está. E como ri!

A tía Annedda ollaba a Elias, suspiraba e sentía unha espiña no corazón e nun momentíño que tivo tempo, entrou na igrexa e rezou:

—Ah, *Santu Franziscu meu*, San Francisco fermoso, tírame esta espiña do corazón. Elias, o meu fillo, torna ao mal camiño: embebédase, estrágase, xa non é o mesmo. E parecía tan bo cando volveu, e prometía tantas cousas! Ten piedade de nós. Meu San Francisco, pequeno San Francisco, fai que volva ao bo camiño, convérteo, arrédao dos vezos, das malas compañías, das embrollas do mundo. San Francisco, irmán, concédeme esta graza!

O gran Santo severo, case feroz, escoitaba dende o alto do seu altar, bastamente adornado coas flamantes flores de cada misa. E pareceu escoitar a pregaría da tía Annedda, porque aquela mesma noite, durante a cea, Elias revelou a súa idea. Falábase do Padre Porcheddu: algúns criticábano, outros facían escarnio del. Elias, aínda borracho, é certo, pero non moito, saíu en defensa do seu amigo, e a seguir dixo:

—Si, ladrade, cans sarnosos, difamade, que el se ri de vós e está mellor ca o Papa. Eu tamén vou ser cura.

Todos riron. El seguiu:

—De que rides, esmoleiros mortos de fame, cans sarnosos, animais? Outra cousa non sodes! Pois si, vou ser cura, pasa algo? O latín xa o sei ler. E espero darvos o viático a todos e soterrarvos, mortos de fame.

—Tamén a min, irmán? —berrou Pietro.

—Si, tamén a ti.

E Maddalena:

—E a min?

—Tamén! —gritou Elias, furioso—. Por que non? Porque es unha muller? Para min, mulleres e homes son iguais, aínda que as mulleres son máis desprezables ca os homes.

—Tanto ten —dixo o tío Portolu, que escoitaba con moita atención as palabras de Elias—. Volvamos ao asunto. Así que queres ser cura?

—Déixeo estar! —gritou Elias botando de beber—. Bebede, bebede, botade, tomade.

E encheron os vasos.

—Amodo, amodo —berrou o tío Portolu entre a alegría xeral—, antes de beber, razoemos...

—Quen non bebe non é home, padre —dixo Pietro, repetindo o retrouso tantas veces pronunciado polo seu pai. Pero este enfadouse en serio e logo falou a berros:

—As bestas tamén razoan, fillo do demo! E ti, respecta o teu pai e agradece a presenza destes amigos e desta pomba, porque doutro xeito habíache dar tantos sopapos como pelos tes na cabeza.

—Vaites, vaites, tío Portolu! Isto é moito! Falarlle así a un home prometido!

—Maddalena, estou morto se non me axudas —gritou Pietro rindo.

—Pomba, axúdalle! —dixo o tío Portolu con ironía; despois virouse cara a Elias e preguntoulle se de veras falara en serio. Pero Elias bebía, ría, gritaba e non respondía ao rego, e o anuncio do seu excéntrico desexo xa se esvaecera entre a rumorosa alegría dos convidados.

Pero alguén o acollera con angustia: a tía Annedda. Ela calaba, un pouco por gardar a compostura, un pouco porque non lograba entender ben o que se dicía, pero miraba en volta con ollos atentos. Maddalena achegaba de cando en vez a cara á súa orella, repetíndolle algunha cousa. A tía Annedda asentía coa cabeza e sorría. Ah, se



Elias falase en serio! Mais, era posible? Semellante milagre! Ah, San Francisco podía facer este e outros milagres. Elias aínda era novo, podía estudar, podía saír ben. E aquel era o seu camiño, o camiño do Señor, porque se quedaba no mundo era un mozo perdido. Tía Annedda pensaba así porque coñecía ben o seu fillo.

Nun momento de vagar, ela entrou na igrexa para agradecerlle ao Santo a idea que lle mandara a Elias. Era noite; as lámpadas trepidaban diante do altar espallando sombras e luces trementes na igrexa deserta. O gran Santo parecía amodorrado na escuridade, entre as súas flores de cada misa. A tía Annedda axeonllouse e despois sentou no fondo da igrexa, rezando. O seu pensamento volvía sempre a Elias: parecíalle ver xa o seu fillo sacerdote; imaxinaba como recibía os dons do trigo, as ánforas de viño tapadas con flores, as tortas e os *gattòs*<sup>6</sup> que os amigos lle regalaran ao novo crego. Mentres así soñaba e pregaba, viu entrar a Maddalena. A rapariga viña na súa procura, achegouse e sentou ao seu carón.

—Ah, está aquí! —dixo—. Andabamos na súa procura, e a min ocorrúeseme axiña que estaría aquí.

—Volverei decontado.

—Eu quedo un pouco tamén.

Calaron. Do patio chegaban confusos rumores, cantos e melodías melancólicas que vibraban na noite pura. Unha voz harmoniosa de tenor cantaba ao lonxe, entre o coro triste e cadencioso do acompañamento vocal dos cantos nuoreses. E aqueles cantos nostáxicos e sonoros que semellaban impregnados da solemne tristeza da breixeira, da noite, da soidade, ascendían, expandíanse, atravesaban o boureo da recovaxe enchendo o aire de flores e de soños.

Maddalena escoitaba, presa dunha fonda tristura. Ora si, ora non, parecíalle recoñecer aquela voz. Era Pietro?

---

<sup>6</sup>N. da A. Doce típico de Nuoro con améndoas, azucre e mel.

Era Elias? Non sabía, non sabía, pero aquela voz e aquel canto coral, esvaecido na noite, producíanlle unha voluptuosidade de tristeza case morbosa. E a tía Annedda continuaba no seu soño, na súa pregaría, sen se decatarse de que Maddalena se estremecía e latexaba ao par dela coma se de verdade fose unha pomba namorada.

Mais, de súpeto, os pensamentos das dúas mulleres suspenderon o seu curso. Un home entraba e avanzaba con paso incerto cara ao altar. Era a figura que ocupaba as súas almas: Elias.

El axeonllouse nos chanzos do altar, coa gorra colocada no ombreiro dereito, e comezou a golpear o peito e a fronte, e a xemer xordamente. A luz arrubiada oscilante da lámpada alumeábao dende as alturas, outorgándolles un lúcido reflexo aos seus cabelos. Porén, el non era consciente de que o estaban mirando e seguía co seu fervor doloroso, xemendo e golpeando o peito e a fronte.

As dúas mulleres esculcaban, contendo a respiración, e a tía Annedda sentíase case feliz da dor do seu fillo. «Arrepíntese de embebedarse», pensaba, «fai bos propósitos. Loado sexas, San Francisco, meu San Francisco».

—Ven, saíamos, podería vernos e avergoñarse —díxolle en voz baixa a Maddalena, sacándoa da igrexa.

—Que ten Elias? —preguntou Maddalena, turbada.

—Arrepíntese dos seus excesos. É moi devoto, filla.

—Ah!

—Ás veces é impetuoso, pero é un mozo con conciencia, filla, con moita conciencia.

—Ah!

—Si, moita conciencia, filla. Pode ser inducido á tentación, porque ti sabes que o demo sempre rolda ao noso redor, pero Elias sabe combatelo e antes morrería que cometer un pecado mortal. Ás veces a tentación véncelo en pequenas cousas, coma hoxe. Xa viches como se

emborrachou e como falou mal, pero despois arrepiñítese amargamente.

—Ah! —dixo Maddalena por terceira vez, e non sabía o porqué, pero sentía como as bágoas asolagaban os seus ollos.

Atravesaron o patio e volveron entrar na *cumbissia*, onde o tío Portolu, Pietro e os amigos, sentados no chan ao redor do fogar cantaban e xogaban. Maddalena sentou na penumbra, ao son da xanela, máis seria e decorosa que de costume. Pietro achegouse e fitouna.

—Estás moi seria, Maddalena. Que tes? Viches a Elias? Díxoches algo?

—Non, non o vin.

—Elias está de mal humor. Deixa que fale, non lle fagas caso. Trata a todos así.

—Non me importa! —exclamou con vivacidade—. Ademais, non me dixo descortesía ningunha.

—E ti es moi prudente, non si? —dixo Pietro moi cariñoso, aloumiñando o seu lombo.

—Déixame! —dixo ela de malos modos—. Vai xogar.

—Non, quedo aquí, Maddalena.

—Vai!

—Non!

—Tío Portolu, dígalle ao seu fillo que volva xogar.

—Pietro, fillo, deixa en paz a pomba. Ven aquí, rápido. Queres que me levante e colla o meu caxato para que me obedezas?

Pietro regresou ao seu sitio.

—Eh, eh, o can vello faise obedecer! —dixo alguén.

Maddalena deulles as costas e ollou a través da xanela, co pensamento ben lonxe da escena rumorosa que se desenvolvía ao seu redor, cos seus fermosos ollos perdidos nun triste soño. Era unha noite morna, velada; a lúa navegaba cara ao sur nun lago de prateados vapores. As negras

matogueiras do breixo, esfumadas nos fondos cincentos, recendían máis que de costume.

Maddalena pensaba en Elias, e foi entón cando, por segunda vez, case evocada pola súa inconsciente suxestión, a figura de Elias xurdiu diante dela. El pasou por debaixo da xanela e afastouse naquel luar vaporoso. Onde iría? Maddalena sentiu como as bágoas saían a cachón dos seus ollos e como un estremecemento percorría as súas vísceras e lle estalaba na gorxa. Gustaríalle tirarse pola xanela, correr tras Elias e envolvelo e afogalo coa súa paixón. Mais el desapareceu na distancia e ela enxugou en segredo as súas bágoas.

Elias fixera a súa promesa, dixéralle mentalmente ao seu irmán: «Durme tranquilo, Pietro, irmán; ela é túa, e aínda que se lanzase aos meus brazos, rexeitaríaa». Esvaecidos os vapores do viño, sentíase forte, e despois da crise que o arrastrara aos pés do Santo, case ledó. Todos os desesperados propósitos fermentados polos licores e polas miradas de Maddalena, voaran aquel día no seu maxín –a idea de facerse cura, a idea de pedir por esposa a filla do prior– e todo se evaporara coa embriaguez. Agora sentíase non só calmo senón tamén algo avergoñado polo que pensara e dixera durante aquela turbia xornada. Foi mirar os cabalos, que pacían tranquilos no luar, abeberounos e regresou á igrexa.

«Mañá tornamos», pensaba. «Pasadomañá, camiño do ovil. Estarei meses enteiros fóra da cidade, co meu pai, co miñaxoia de Mattia, cos amigos pastores. Que maravillosa vida! Cando estea só, alá arriba, todos estes días, todas estas parvadas parecerán un soño. Claro, as festas son fermosas e os santos son bos, pero o viño, a xente, a troula acenden o sangue, e se un non ten moita experiencia pode cometer grandes erros e ser inducido ás tentacións. Ah, ben, agora marchó, déitome e durmo, porque a noite pasada

non descansei nada; logo mañá... o camiño... e pasadomañá marcharei lonxe, lonxe. Eh, Elias Portolu, tes medo de ti mesmo... ? Pero que vexo alí? Un home durmindo debaixo daquela matogueira; non, non é un home. E logo, que é? Si, un home... Oh, é o Padre Porcheddu... !». Anicouse marabillado e sacudiu o dormente.

—Ei, ei, Padre Porcheddu! Que fai? Por que está aquí? Non sabe que este vento podería facerlle mal e que hai bichas e insectos entre a herba?

Tras moitas e vigorosas sacudidas, o Padre Porcheddu espertou asustado. Tardou en recoñecer a Elias, remelou varias veces os ollos e, por fin, espertou e levantouse.

—Ha, ha, saín despois de cear. Quería pasear pero creo que adormecín.

—Eu tamén o creo! Se non o vise por casualidade, quedaría aquí quen sabe até cando, e quen sabe a angustia que sentiríamos ao ver que non tornaba.

—Querido amigo, non penses que bebín moito, non tal. Saín para ollar a lúa e sentei aquí. Ah, sabes que unha vez fun poeta?

—Oh! Oh!

—Sentamos un pouco aquí? Mira que noite tan fermosa. Si, fun poeta e publiquei un poema, e como era un poema de amor, sabes o que fixo monseñor? Díxome que o deixase, que non eran cousas que debese facer un sacerdote.

—E vostede, Padre Porcheddu... ?

—Deixeino. Meu fillo, sei que ti me xulgaches tolo...

—Padre Porcheddu!

—... un tolo, pero un tolo que non lle fai mal a ningún, e moito menos a min mesmo. Sempre souben vivir, fun alfúfaro pero prudente. E aínda que daquela o deixei, quedome o costume de fantasiar algunhas veces. Mira que noite tan fermosa, fillo. É unha desas noites que invitan

a pensar, a evocar a propia vida, a arrepentirse do mal feito, a facer bos propósitos para o futuro. Ti es intelixente, Elias Portolu, non es un simple pastor, estudaches e sufriches e podes comprender estas cousas.

—É certo —dixo Elias con voz profunda.

O Padre Porcheddu, coa face volta cara ao ceo, miraba a lúa. Elias tamén levantou a ollada e mirou alá arriba. Sentíase estrañamente conmovido.

—Iso é, meu fillo —seguiu o outro—, ti entendes todas estas cousas. Eu comprendín que es intelixente e miras a lúa non para adiviñar a hora, coma todos os pastores, senón cun sentimento elevado, solemne —dixo, e Elias non entendeu ben estas últimas palabras—. Talvez ti tamén sexas un poeta e poderías facer poesías de amor...

—Iso non, Padre Porcheddu.

O Padre Porcheddu calou unha miga, caviloso, grave, e despois murmurou unha redondilla en dialecto. Era unha *invocación ao mes de maio*.

*Maju, maju, bene eni,  
cun tottu sole e amore,  
cun sa parma e cun su fiore  
e cun sa margaritina...<sup>7</sup>*

Elias non paraba de ollar a lúa preguntándose se estaría ben compoñer unha poesía para... Maddalena. Ah, non ben se esquecía, o demo volvía dominalo! Pero a voz do Padre Porcheddu resoou, un pouco grave, un pouco trémula, queda, mais vibrante naquel gran silencio da velada lúa, da breixeira deserta e recendente.

—Ollas a lúa, Elias Portolu, estás pensando en facer unha poesía... Adiviñeino. Estás namorado.

---

<sup>7</sup>N. da A. Maio, maio, aí o vén, / co teu sol e co amor, / coa palma e coa flor / e coas margaridas.

—Padre Porcheddu...! —dixo Elias espantado, abaxando a cabeza.

De socato sentiu que aquel home que tiña ao seu carón estaba ao cabo do seu doloroso segredo e ruborizouse de vergoña e de cólera. Naquel intre gustaríalle lanzarse sobre o Padre Porcheddu e esganalo.

—Estás namorado de Maddalena. Eh, non te ruborices, non te anoxes, fillo. Adiviñeino, pero non te asustes, non creas que todos entenden as cousas como as entende o Padre Porcheddu. Ademais, que vergonza hai niso? Ela é unha muller e ti es un home, e ao seres un home estás suxeito ás paixóns humanas, ás tentacións, como diría a túa nai, a tía Annedda. A vergoña non está niso, fillo, está en non saber vencelo. Mais ti vencerás. Maddalena...

—Fale baixo... —dixo Elias.

—Para ti Maddalena é sagrada. Cando a miras, é coma se mirases unha santa. Entendes, non si?

—En... entendo... —borboriñou Elias.

—Moi ben, entendiches. Xa che dixen que es intelixente! Ves por que Deus creou o día e a noite? O día para darlle azos ao demo para que combata contra nós; a noite para que poidamos recollernos en nós mesmos e vencer as tentacións. As noites coma esta son axeitadas para iso, porque nestas noites tan calmas, no silencio, debemos pensar especialmente que a nosa vida é breve, que a morte chega cando menos o esperamos, e que de toda a nosa vida non levamos diante do Señor máis que as nosas boas obras, o deber cumprido, as tentacións vencidas.

—E logo a poesía? —preguntou Elias, cun sorriso asomando nos beizos. E semellaba ledo de coller o Padre Porcheddu nunha contradición, pero a súa voz estaba turbada.

—A poesía máis fermosa é a da voz da conciencia cando nos di que cumprimos co noso deber. Non o cres así, Elias Portolu?

—É ben certo, si.

—Moi ben. Agora marchemos. Comeza a arrefriar e amais dixéchesme que aquí hai bichas. Eh, dáme a man, axúdame a erguerme... Que xa non teño vinte anos para brincar coma ti! Bravo, grazas. Agora permite que me agarre a ti. Que se di do Padre Porcheddu? —preguntou mentres collía o brazo de Elias—. Está tolo, pode troulear, beber, cantar, tirarlles o pan aos cans, pero non é malo. A conciencia, sobre todo a conciencia, Elias Portolu, lembra a conciencia! Ah, que vexo alí? É algo negro, mira, será unha bicha?

—Non, é unha broza.

—Quen me vexa volver así, pensará que estou bébedo. Mais tanto me ten porque non o estou. Ti pensas que estou bébedo?

—Non, ho —gritou Elias con ímpeto.

—Ben, daquela lembra sempre o que che dixen!

—Lembrareino.

—Quérolle ben á túa familia —comezou o Padre Porcheddu, pero enseguida se arrepentiu destas palabras, cambiou habilmente de tema e en todas as horas que permaneceu con Elias non volveu tocar aquel asunto íntimo.

O nome de Maddalena xa non se pronunciou. Agora Elias sentíase outro, forte, calmo, case frío, decidido a loitar feramente contra si mesmo.

Á maña seguinte tivo lugar a partida. O vello prior entregáralle o estandarte, a capela portátil e mais as chaves ao novo prior, que se botara ás sortes a véspera. A priora dividira o pan e as provisións adiantadas e a última caldeira de *filindeu*<sup>8</sup> entre as familias da gran *cumbissia*. Cando xa amencía comezaron os preparativos para a partida: cargáronse os carros, enseláronse os

---

<sup>8</sup>N. da A. Sopa espesa que se pode comer fría.



cabalos, enchéronse as taleigas. Partiuse despois da misa e o novo prior pechou o portón. As estancias, a igrexa, a fraga, todo volveu quedar deserto, instalado sobre o fondo azul das senlleiras montañas.

Adeus. O moucho retomou o seu prolongado brado, cadencioso, vibrante no silencio infinito da foresta. Nas noites fragrantas de lentisco, nos largos días luminosos, el era o rei da soidade, el só impera, e o seu brado melancólico semella a voz soñadora da paisaxe. Adeus. Os cabalos trotan, galopan, descendén e saen polas verdes engrobas da montaña. A boa e fera confraría dos parentes e dos devotos de San Francisco torna á súa pequena vila, alá abaixo, tras as frescas pendentes do Orthobene, torna ao seu traballo, ás súas malladas, ás súas colleitas, á súa dura vida. A festa rematou.

O tío Portolu levaba a tía Annedda sentada nas ancas do seu cabalo, e Pietro a súa prometida. Desta vez, Elias galopaba entre os primeiros da caravana. Tamén el se lanzaba decote á carreira, co nariz tremente e os ollos acendidos, como embriagado polo vento tépedo e perfumado que axitaba as matogueiras roseadas e lle pasaba pola face con intensos aloumiños. Con todo, no fondo estaba serio: non cantaba, non gritaba coma os demais e esquivaba a mirada de Paska, a filla do exprior, a quen adoitaba atopar preto del. Paska non deixaba de dedicarlle algunha tenra aínda que tímida mirada, pero el pensaba: «Por que teño que enganar a ninguén e moito menos unha rapariga inocente? Non, non debo enganar a ninguén, tampouco a min mesmo».

Lembraba as palabras do Padre Porcheddu e os bos propósitos que fixera a noite anterior. Por iso ignoraba a Paska, arredábase de Maddalena e, sen ser consciente, procuraba escapar de si mesmo, embriagándose inocentemente co galope e coas carreiras do seu áxil cabalo.

O tío Portolu e a tía Annedda montaban a egua e o poldro ía detrás. Pietro e Maddalena tiñan un cabalo moi manso, magro e feble. Por iso ían de últimos e o tío Portolu non paraba de ter conta deles. Contra o mediodía chegaron ao Isalle. Consonte o costume, desmontouse alá abaixo para comer, á sombra dun arboredo, entre rochas cubertas por vizosa carriza, na ribeira da auga. O campamento axiña se dispuxo. Apareceron os lumes, xiraron os espetos, preparáronse as mesas. Ía bo día. Enormes, altos arbustos de loendros xurdían ao pé da auga, inmóbiles no aire cálido. No fondo do val, as leiras de cereais coruscaban á raxeira. A capela coa pequena imaxe de San Francisco pousouse na terra, sobre un gran pano estendido e, logo da comida, homes e mulleres congregáronse ao seu redor, axeonllándose, bicándoo e depositando unha ofrenda no seu interior. Pietro chegouse con Maddalena, e máis para que ela o vise ca por devoción, botou unha xenerosa esmola dentro do peto. Despois foi a tía Annedda e logo Elias. Este detívose un anaco, dirixíndolle ao santiño olladas cheas de súplicas. Ah, unha vez máis sentíase perdido: a calor, o torpor daquel mediodía sereno, o viño, a presenza de Maddalena atormentábano intensamente. Pero o pequeno santo escoitou a súa pregaría e deulle coraxe para se afastar e irse deitar na ribeira da auga, á sombra dos loendros, el só, só e forte contra a tentación.

No campamento, as mulleres parolaban namentres tomaban o café e ordenaban os trebellos para volver partir; os homes cantaban ou tiraban ao albo. Elias sentía tronar os disparos e como percorrían o val, se repetían no verdor distante e tornaban rebotando co eco. Escoitaba voces distantes, esvaecidas na quietude meridiana, o rechouchío dalgún pimpín, o murmurio da auga que corría. Os seus sentidos acougaban coa primeira dozura do sono cando tivo unha visión. Era Maddalena, que baixara para

lavarse. Ao velo, ela non se turbou; pola contra, achegouse a el e anicouse... Ah, aquilo era demasiado! Demasiado! Os seus ollos cativábano, ardentes, fatais. El lembraba a súa promesa: «Pietro, irmán, aínda que ela se lanzase aos meus brazos, eu rexeitaríaa...» Mais sentía unha arela, un delirio que o sufocaba e o cegaba; devecía por fuxir e non era quen de moverse, e ela estaba alí preto, e os seus ollos entornados e ardorosos debaixo das grandes pálpebras, e os seus beizos e os seus dentes facían que perdesse o xuízo.

—Maddalena, meu amor... —bisbou, pero enseguida se arrepenheu e deu en xemer de paixón e de dor—. Pietro, irmán! Pietro, irmán...!

Espertou tremelicando. Estaba só e a auga murmuraba e os paxaros rechouchiaban, pero non se oían nin disparos nin voces. Ergueuse. Canto tempo durmira? Mirou o sol, que declinaba. Todos partiran, pero vixiando o cabalo de Elias quedaban dous pastores aos que a caravana, en troco dos lácteos recibidos, lles deixara as sobras do banquete. Elias agradecéullelo e partiu. O seu cabalo voaba, e o movemento e o desexo de unirse rápido cos compañeiros dispersaron a impresión ardente e afanosa que lle deixara o soño. Pasada case unha hora de carreira viu o tío Portolu e a tía Annedda, a Pietro e a Maddalena parados nos seus cabalos no alto dunha pendente. Talvez esperaban por el? Os demais xa estaban lonxe.

—Que foi? —gritou dende abaixo.

—Arre, demo! —berrou o tío Portolu—, por que te atrasaches tanto? Dálle o cabalo ao teu irmán, que o seu escordou.

—Non, non llo dou.

—Elias, fillo, obedece o teu pai —dixo a tía Annedda.

—Non —respondeu Elias enfasiado—. Deixástesme alá abaixo coma se fose un can. Non llo dou.

—Pois daquela leva ti un treito a Maddalena. Así non podemos seguir —propuxo Pietro.

«Pero que dis, Pietro!», gritou Elias para os seus adentros, arrependíndose de negarlle o cabalo. Agora non podía refutar nin tampouco reprimir unha sensación de ledicia.

Mais cando sentiu no descenso o mol corpiño de Maddalena nas súas costas, cun abandono esaxerado, coma no soño, e o seu brazo demasiado cinguido ao van, el, que cría nos soños, lembrou o que tivera e ficou alerta.

Cabalgando no robusto cabalo, por momentos, entre as reviravoltas e as alturas e as corredeiras escavadas entre os rochedos e cubertas de silvas floridas, Elias e Maddalena quedaban sós, en silencio, abrazados, envolvidos no seu triste amor. Chegou un momento no cal Maddalena, de natural apaixonado e débil, non puido reprimirse.

—Elias —dixo con voz algo tremente—, perdóame se te enfastío!

—Oh! —dixo el sacudindo a cabeza.

—O vindeiro ano levarás nas ancas do teu cabalo a túa muller...

—A miña muller?

—Si, a Paska. Daquela estarás contento.

—E ti, estarás contenta?

—Oh, eu estarei morta...

—Morta... ! Maddalena!

—Morta... en vida... de amor, quero dicir...

Non só tremía a súa voz, tamén a súa man, pousada no van de Elias, e todo o seu corpo abandonado sobre as súas costas. El tamén vibraba coma unha corda rota, e unha sombra veloulle os ollos: era a mesma angustia, a mesma embriaguez do seu soño.

—Maddalena... —borboriñou, apertándolle a man, pero endureceu decontado e dixo en voz alta—: creo que vas caer, ponte dereita e mantén o equilibrio.

Na súa alma resoaban fortes e insistentes as palabras do Padre Porcheddu e a súa promesa non lle marchaba da cabeza: «Está tranquilo, Pietro, irmán; aínda que ela se lanzase aos meus brazos, eu rexeitaríaa».

Nuoro xa estaba preto, alá abaixo, detrás do bordo do val iluminado polo sol do ocaso. A caravana parou no alto, cos cabalos esgotados e suados, brillantes sobre o fondo de ouro do ceo, esperando a que todos se xuntasen para entraren xuntos na aldea e daren tres voltas ao redor da igrexa do Rosario, cuxa campá xa tanguía, distante, arxentina, saudando o retorno do pequeno santo.

## IV

Elias goza por fin da ilimitada soidade da *tanca*, animada nada máis que polos gritos ou os asubíos dalgún pastor, polo choquelear dos rabaños e polos bramidos do armen-tío. Mestos sobreirais perfílanse no horizonte, cerrando o fondo sereno do ceo. A *tanca* dos Portolu fora desbravada anos antes, e agora estendíase aberta, vasta, sollía. Unicamente algunha sobreira xurdía aquí e acolá entre o verde da herba, dos arbustos e dos estripeiros. Nas chairas húmidas a vexetación era suave e delicada, perfumada de menta e tomiño. Os vizosos pastos adquirían, co decorrer da primavera, un verdor brillante e luminoso; os cardos bravos abrían as súas flores violeta e ouro e os espiños amosaban as súas rosas ventureiras. Só baixo as árbores e nas húmidas chairas, a herba permanecía verde e fresca. A *tanca*, malia que plana e desarborizada, contaba con recullos secretos, penedos e fraguizas; o curso da auga fluía en certos puntos entre arboredos de sabugueiros, onde o sol apenas penetraba, formando lagoas averdadas e misteriosas, contornadas e balizadas de rochas sobre as que a auga esvaraba murmurando. A par da ribeira, durante un longo treito, a vexetación era fresca e avelañá. Pola noite, o recendo dos xuncos e da herba santa chegaba a resultar case irritante.

A rabañada dos Portolu, discretamente numerosa, pacía na *tanca*; as ovellas lucían gordas polo seu longo

e intricado vélaro e os pericos víanse medrados e ben mantidos. En dous ou tres días comezarían coa rapada do fatado.

Elias sentíase fisicamente ben naquel lugar senlleiro e de salvaxe fermosura, pois nel medrara e transcorrera a súa primeira mocidade. Día tras día exploraba e recoñecía cada curruncho, cada recanto agochado da *tanca*.

Os cans, un grande e negro, de fera mirada, olímpicamente deitado baixo a árbore na que estaba encadeado, e outro, pequeno, co pelo hirsuto arrubiado coma o dun leitón, recoñeceran a Elias e el case chorara mentres os aloumiñaba.

Ademais dos cans, había no ovil un rancho manso e argalleiro, cuns ollos cativos, aleutos e acariciantes que semellaban humanos; un gato negro e un fermoso chibo branco que servía de guía para as ovellas, abríndolles alegremente a marcha cando había que cruzar un paso difícil ou vadear o río. Se non pacía, o fermoso chibo non saía do rabo de Mattia, a quen seguía paso a paso, perseguíndoo, saltándolle enriba, facéndolle mil monadas. Era un animalíño adorable: andaba pola choupana, molestaba o gato, xogaba co rancho ou co cuzo e durmía aos pés de Mattia.

A vida decorría sinxela e primitiva no ovil dos Portolu, frecuentado só polos pastores veciños e por algunhas xentes de paso. Por alí non acostumaba pasar xente equívoca nin foraxidos ou cousa tal.

O tío Portolu era un home honesto e enérxico e Mattia algo miñaxoia, e Elias non sentía desexo ningún de retomar as vellas amizades nin de facer outras novas. Agora amaba a soidade, e a miúdo, naqueles primeiros días que pasou no ovil, escapaba mesmo da compañía dos seus cando o seu labor non facía falla. Vagaba de aquí para alá na procura dos lugares que lle lembraban a súa infancia

e que provocaban que se conmovese. Emocionábase con gran facilidade por calquera cousa, mais, logo da primeira arroutada irritábase polo que consideraba unha debilidade, sobre todo cando o seu irmán, e especialmente o tío Portolu, se decataban e se burlaban del.

—Ei, ei, que tes? —diciálle o tío Portolu—. Semellas un home de queixo fresco, meu fillo. Tornas pálido coma unha mulleriña por calquera parvada. Temos que ser homes de verdade, leóns, sen nos conmoer, sen chorar e sen cambiar a cara. Que sorte de home é o que chora! Un corno! Ves o teu irmán Mattia? Non é que sexa un lince e pasma con moitas cousas, pero dende logo non cambia seguindo de cor, e ás veces marabillarse é tamén unha astucia. Eh, non mires así a Mattia, el é ben máis pillo ca ti.

Despois destas pequenas reprimendas, que se repetían decontino, Elías propoñíase ser tamén el pillo e forte, pero que queredes? Asaltábano tan de improviso certos pensamentos, certas lembranzas e certas sensacións que naqueles intres xa non se sentía dono de si, e tornaba a entenrecerse, a anoxarse, a avergoñarse.

Levara canda el todos os libros que posuía, mais non creades que estes volumes formaban unha biblioteca. Tratábase dun libro dos oficios da Semana Santa, dalgúns volumes relixiosos que lle regalaran *naquel lugar*, da *Battaglia di Benevento*, duns opúsculos de poesías sardas e mais dun vedraño herbario ilustrado. Agocháraos nun lugar ben seguro e apartado, debaixo dunha rocha, nun arboredo de sabugueiros, o seu lugar favorito para o descanso.

Pero o tío Portolu e Mattia —este último sabía ler— tamén tiñan libros de seu: *I Reali di Francia* e *Guerino detto il Meschino*, e as *Fioretti* de San Francisco. Cantas veces non os lera Mattia para si, para o seu pai ou para os demais pastores! E que turbación infantil sentían aqueles



rexos homes, que non querían conmovese por nada, cada vez que lían ou escoitaban as aventuras de Guerino ou as palabras das *Fioretti*!

Entre todos os libros, Elias prefería o dos oficios da Semana Santa. Xa sabía de memoria os evanxeos e líaos case sen atrancos mesmo en latín. Camiñaba cara ao arboredo de sabugueiros, e naquela frescura, coa recendente sombra dos xuncos, ao pé da auga murmuradora, lía a palabra sagrada. A aquela hora remataran xa as angueiras do ovil. Mattia trotaba a Nuoro na egua seguida polo poldro, coa taleiga chea de queixo fresco e mais de requexo; o tío Portolu, sentado no limiar da cabana, tallaba e gravaba engorde unha cabaza, debuxando precisamente un episodio do Guerino, ao tempo que moumeaba, falándolle á cabaza, ao canivete, aos dedos, á tinta que empregaba; e o rabaño botaba a sesta á sombra dos arbustos, e o rancho, o chibo, o gato e os cans tamén durmían. Toda a *tanca* repousaba na ardentía do sol, baixo o ceo de metal claro, cincinto no horizonte; non se movía nin unha folla.

Elias relía no seu libro arrolado polo murmurio da auga, mais, naquela paz infinita, o seu corazón non atopaba acougo. Decote, na metade dun versículo, unha acordanza xurdía na súa mente e reclamaba toda a súa atención, e aquela acordanza non era boa, ah, non, non era boa!

Algunhas veces adormecía así, na quietude profunda do mediodía, e Maddalena aparecíasele indefectiblemente en soños. E eran soños que o turbaban e exacerbaban a súa dor, deixándolle unha desagradable impresión para o resto da xornada. Albergara a esperanza de aquedar e de esquecer na soidade da *tanca*, lonxe dela, pero os recordos dos días que pasaran en San Francisco, aquel soño que tivera na beira do Isalle, aquel retorno fatal, eran demasiado recentes. O seu sangue aínda se acaloraba e a súa vontade non abundaba para combater o incendio: a soidade e as

renovadas forzas físicas engrandecían a súa paixón. Pero o que máis a aumentaba era a lembranza inmóbil, teimuda e indestrutible da viaxe de regreso daquela festa; os soños de Elias revivían case sempre aquela escena, xa que as súas costas, o seu van, a súa man conservaban intacta a impresión física do corpo e da man de Maddalena, e a súa mente, lembrando as palabras dela, perdíase de novo nunha vertixe de pracer e de angustia.

El irritábase, pero non era quen de coutar o xenio. Ás veces os seus beizos pronunciaban a promesa que fixera, pero, ao tempo, o seu pensamento abandonábase a aquel recordo. Daquela profería aldraxes e gustaríalle flaxelarse, castigarse, mais éralle imposible dominarse.

«O meu pai ten razón», pensaba, «son un homiño de queixo fresco, unha besta, un sandeu. Que necesidade teño de pensar nas mulleres, e especialmente na muller que non debo mirar? Non se pode vivir doutro xeito? Teño que ser un home de verdade, un león, e son un añaqoto, unha ovella tola. Pero que podo facer? Eu non me fixen así; se me fixese eu, poríame un corazón de pedra. Mais, quen sabe? Se cadra co tempo hame pasar este desvarío». Isto era o que pensaba, porén non apazugaba porque sentía que aquel desvarío lle había durar.

Entre tanto, degoiraba volver ver a Maddalena e esta arela medraba día tras día no seu corazón, aínda que polo menos sobre isto o seu propósito era firme. Non só o era, senón que tiña pavor de que chegase o día en que Maddalena, Pietro e a tía Annedda irían ao ovil para tosquiar o rabaño; e, non obstante, contaba as horas que o separaban daquela xornada, e sentía, mesturado co pavor, un pracer febril ao se decatarse de como se aproximaba o momento.

A véspera daquel día, contra a tardiña, estaba pechando unha pasantía no muro da *tanca*. Dende alí estendíase o bosque que vixiaba o tío Martinu Monne, «o

pai da selva». Onde andaría o tío Martinu? Elias aínda non o vira, malia que fora na súa busca dúas ou tres veces.

De súpeto, velaí que aquela tardiña o tío Martinu saíu do bosque a rentes do muro. Era un ancián xigantesco, aínda forte e ergueito, con longas guedellas louras e unha espesa barba pedresa. A súa face, sucada de fondas engurras, semellaba fundida en bronce. Estaba imponente co seu traxe escuro, sobre o cal levaba unha zamarra sen mangas de coiro graxento, coma se fose un home prehistórico. Ao que o viu, Elias proferiu exclamacións de ledicia, saltou o muro e tendeu a man ao vello.

—Benditos os ollos, tío Martinu! Fun buscalo dúas veces. Como está?

—Ben chegado! E dentro de cen anos outra desgraza coma a pasada. Como estás ti? Eu ben. Tiven que ausentarme varios días —respondeu o tío Martinu, calmo, con voz forte e pronuncia lenta.

Sentaron no muro e falaron por extenso, contándose moitas cousas.

—O día que volvín —dixo Elias—, soñei con vostede. Estaba moi canso, bebera un pouco e adormecín no patio da miña casa. E soñei con vostede: estabamos así, como estamos agora, neste muro. Como se cumpren os soños!

—Vaites! —dixo o outro, pero sen sorprenderse.

Elias non lle contou o soño con detalle, pero preguntoulle:

—Vostede cre nos soños?

—Pois que queres que che diga? En realidade, os soños non se cumpren, mais adoita suceder que esperamos unha cousa, pensamos decote nela e por iso soñamos. Logo acontece e parécenos que o soño se cumpriu, cando é algo que sinxelamente tiña que ocorrer.

Elias admirou unha vez máis a sabedoría do tío Martinu pero negou coa cabeza. Cavilaba no soño na

beira do Isalle: esperaba e desexaba talvez o parrafeo que tivera con Maddalena? Non, el cría que non.

—Mañá tosquiámos as ovellas, tío Martinu —dixo pasado un momento—. Virá onda nós, non si? Verá a miña nai, o meu irmán Pietro e mais a súa prometida.

—Oín dicir que o teu irmán vai casar. É boa a moza?

—Si, parece boa. É moi guapa.

—Pero iso non abonda. Os cadros que son fermosos pendúranse das paredes e só serven para adornar. Cómpre que a muller sexa boa e cariñosa co home e que non ame outro neste mundo.

Elias ficou caviloso e non respondeu. Por outra banda, xa era tarde, o ceo empardecía e o bosque ía quedando en silencio na quietude solemne da tardiña; tiña que retornar á mallada.

—Virá, tío Martinu? Esperamos por vostede, non falte.

—Irei.

—Vale, non falte! —advertiu Elias, saltando o muro.

—Nunca faltei á miña palabra, Elias Portolu. Saúda o teu pai da miña parte.

—Vale. Boa noite.

—Boa noite.

O tío Martinu non só non faltou senón que mesmo chegou moi cedo e axudou os pastores cos preparativos para aquela especie de festa campestre. A aurora alaranxada incendiaba o leste, vertendo brillos de ouro rosáceo sobre a herba e sobre as pedras da *tanca*; no oeste, o bosque somerxiase no silencio co fondo de lousa clara do ceo.

O tío Portolu roxaba unha pedra para facer a callada. Elias e o tío Martinu mataban un perico tan gordo coma unha ovella; esfolárono, despezárono e quitáronlle as vísceras fumegantes.

Pouco despois do rompente do día chegaron Pietro e as mulleres. Viñan amodo, montadas nun carro guiado por

Pietro. Ninguén saíu ao seu encontro, pero Elias sentiu como lle batía violentamente o corazón. Maddalena baixou de primeira, lizgaira e louzá, sacudiu o vestido e axudou a súa nai e a tía Annedda a apeárense.

Mentres Pietro descargaba o carro —a tía Annedda levaba pan fresco e viño a esgalla—, as mulleres encamiñáronse cara á choupana. Maddalena estaba máis encantadora e graciosa ca nunca: a blusa branquísima, bordada e amidonada, e a saia escura de indiana cun bordo de cor celeste salientaban as súas fermosas formas. Apenas a tivo preto e caeu baixo o poder daqueles ollos ardentes, Elias sentiuse perdido. Mais naquel extravío de pracer angustioso tivo a forza de pensar: «Non podo quedar a soas con ela, se non serei home perdido. Teño que confiar en alguén para que me siga sempre e se se presenta o caso nunca me deixe a soas con ela. Ah, teño medo de min mesmo. Pero, a quen dicirlllo? Á miña nai? Ao meu pai? Non, non é posible. A Mattia? Non o entendería. Si, a tío Martinu!».

Respirou. Entrementres, o tío Martinu miraba solemne a moza dende a súa imponente altura, e o tío Portolu facía as presentacións, rindo coa súa risa forzada e cáustica.

—Eh, eh, xabaryl vello, ves a prometida de Pietro? Chámase Maddalena, e sabe fiar e coser, e ninguén me veu con contos sobre ela. Mira, é unha pomba branca. Non sentes como emana recendo de rosas? E esta é Arrita Scada, a vella pomba, vela, Martinu Monne?

—Ben a vexo, si.

—Bo día —dixo a tía Arrita, volvéndose con curiosidade cara ao vello—. Vostede é de Orune, non si? Está na *tanca* de fulano de tal?

—Son de Orune, si, e estou na *tanca* do tal.

—Falade logo! —gritou tío Portolu—. Agora imos tomar a callada, comer o leite callado. Veña, rápido!

—Pero se acaba de saír o sol! Non é hora de tomar callada —dixo Maddalena rindo.

—Filla —sentenciou a tía Arrita—, hai que comer e beber cando alguén invita, estea o sol alto ou baixo.

—Eh, eh, Martinu Monne, escoitas a vella pomba? Non che dixen que era aguda coma un allo?

Entraron na choupana, onde estaba Mattia co chibo a un lado e o gato ao outro; pouco despois chegou Pietro e o cadro quedou completo. As mulleres sentaron en mezos de cortiza. Elias, silencioso pero non triste, repartiu *corcarjos*<sup>9</sup> de pezuño de ovella, e o tío Portolu destapou os *malunes*<sup>10</sup> cheos de callada e de leite. O tío Martinu dominaba a escena e fitaba insistentemente a Maddalena. Comeron e beberon a oito; a callada estaba exquisita, e o tío Portolu ofenderíase se os invitados non deixasen limpos os *malunes*.

Tras a colación, principiaron a tosquiar. Apresaban as ovellas, atábanas, tendíanas na herba sen que opuxesen a máis mínima resistencia, e Mattia e Elias tosquiábanas con destreza con grosas tesoiras para arrocar. A intricada e sucia la amoreábase por todas partes ao longo do chan, e as ovellas, xa libres das súas ataduras, tornaban ao pasto achicadas e tranquilas.

As mulleres, coma adoito, preparaban o xantar, reservándolle ao tío Portolu a tarefa de asar o año. E Maddalena seguía teimosa a Elias, como atraída por un fío máxico, e cada vez que el levantaba a vista batía cos ollos dela, que parecía querer enmeigalo. De socato quedaron sós: Pietro fora á cabana; Mattia perseguía unha ovella máis brava que as outras e o tío Martinu foi axudarlle.

Elias experimentou un rauto de confusión, de medo, de pracer indicible, ao se atopar a soas con Maddalena;

---

<sup>9</sup>N. da A. Culleres.

<sup>10</sup>N. da A. Recipientes de cortiza.

sós, entre a herba e os altos cardos en flor. O corazón latexáballe con forza e unha vertixe de desexo sobrevoou todo o seu ser cando os seus ollos bateron cos apaixonados e suplicantes de Maddalena. «Sálvame! Sálvame», dicíalle aquela mirada. «Ti ámasme, eu ámote; vin para pedirche que me salves e nos salves. Elias, Elias!».

Mais el pensaba que se perdería e a perdería se continuaba a ollar para ela. Obrigouse a si mesmo e mirou ao lonxe. A ovella corrícala entre a herba, perseguida polo tío Martinu e por Mattia, que tentaban acurrallala contra un breixo.

—Que estúpidos! —dixo Elias—. Se fose eu, arestora estaría tosquiada.

E botou a camiñar, deixando a Maddalena soa, ao sol, entre a herba e os altos cardos floridos; soa, coas pálpebras de Madonna abaixadas con resignada dor.

—Tío Martinu —díxolle Elias ao vello, mentres Mattia ía diante turrando da ovella brava—, fágame un favor: non me deixe só nin un momento con aquela rapaza.

Falaba engorde, entre ansioso e avergoñado, cos ollos baixos. O tío Martinu mirouno de arriba abaixo, longo tempo, intensamente, e ao final non dixo palabra.

—Esta noite... contareille... Non pense mal, tío Martinu —dixo Elias erguendo a vista—. Fíome máis de vostede ca do meu pai.

O tío Martinu non respondeu, non se sorprendeu, non sorriu; só pousou unha man no seu ombro e durante toda a xornada seguiu os seus pasos coma se fose a súa sombra.

O xantar foi unha vez máis ledo e bulicioso. O tío Portolu anuncioulle a tío Martinu que Maddalena e Prededdu casarían dentro de pouco, despois da colleita do trigo, pero o vello non aparentou alegrarse gran cousa pola noticia.

As mulleres e Pietro partiron contra o solpor. Maddalena semellaba alegre: ría, facía bromas, dirixíase a Pietro

con continuos sorrisos e non lle prestaba atención a Elias. Pero este, algo picado no seu amor propio, non se deixaba enganar por aquela falsa alegría. «Coida que son estúpido», pensaba. «Pois ben, tanto mellor, mais se soubese... se soubese...».

Por momentos parecíalle que o seu corazón partía e tiña o tolo desexo de sotelar forte, de gritar, de golpear a fronte. O carro arredábase, e as manchas purpúreas dos corpiños das mulleres e a figura branca e negra de Pietro desaparecían alá abaixo, no verde fondo da *tanca*, nas rosadas paisaxes do solpor. Adeus, adeus. Xa non a volvería ver así, libre e namorada, na soidade da *tanca*, latexando de amor ao seu carón coma naquela mañá de primavera. Todo rematará.

O carro desapareceu ao lonxe e o silencio e o baleiro reinaron arredor de Elias. Pero ao volverse para tornar á choupana, viu a tío Martinu, que esperaba por el.

—Eu marchó —dixo o vello—. Queres acompañarme, Elias?

—Vamos.

Camiñaron. Xa se puxera o sol e os bosques e a paisaxe distante calaban baixo o ceo completamente rosáceo, cun rosa denso, case violáceo. Toda a *tanca*, as matogueiras brillantes, a herba inmóbil, as penas e a auga reflectían a cálida luminosidade da peonia; era unha paz case relixiosa, coma a dunha igrexa iluminada por cirios acendidos. O tío Martinu e Elias atravesaron en silencio toda a *tanca* e foron sentar no muro, serios e graves.

Elias sentíase triste; non sabía como empezar e miraba teimudo as súas mans. O tío Martinu comprendeu en que estado de ánimo se encontraba o seu amigo mozo e tentou quitalo do apuro.

—Elias Portolu —dixo gravemente—, sei o que me queres dicir. Maddalena está namorada de ti.



—Cale —dixo o outro horrorizado, pousándolle a man no brazo—, que *as silveiras teñen orelleiras* —engadiu axiña, recorrendo a un proverbio sardo para desculpar a súa turbación.

—Teñen, si —respondeu con voz grave «o pai da selva»—, cada pequena mata, cada árbore, cada pedra ten orellas. E que? O que che acabo de dicir e o que che direi ben pode escoitalo calquera, empezando por Deus que está alá arriba e rematando polo máis miserable dos seus servos. Maria Maddalena ámate e ti tamén a amas. Unídevos en Deus, porque el vos creou un para o outro.

Elias mirábao en fite, absorto. Lembraba a conversa que tivera co Padre Porcheddu, os consellos, as advertencias daquela inesquecible noite de San Francisco. A quen debía escoitar?

—Pero é a prometida do meu irmán, tío Martinu!

—E que? Seica o ama? Non. Así que nin é súa nin o será nunca, consonte as leis do Señor. O matrimonio por amor é o matrimonio de Deus; o de conveniencia é o matrimonio do demo. Sálvate, Elias Portolu, e salva a pomba, como lle chama o teu pai. Maria Maddalena aceptou a Pietro porque llo impuxeron, porque el tiña gran, porque tiña orxo, fabas, casa, bois, terras. O demo actuaba. Pero Deus destinara outra cousa. El fixo que tornases, fixo que te atopases coa rapaza. Vístesvos, amástesvos, mesmo sabendo que, segundo os prexuízos dos homes, non podíades mirarvos nin sequera. Non percibes nisto unha forza superior á do home, que che amosa o camiño? Non é a man de Deus? Pénsao ben, Elias Portolu, pénsao. Xa o pensaches?

—É certo. Pero Pietro é o meu irmán.

—Todos somos irmáns, Elias Portolu. Pietro non é parvo e entenderá o que lle expliques. Vai e dille: «Irmán, amo a túa prometida e ela ámame. Que pensas facer? Queres facer infeliz o teu irmán e a estoutra criatura inocente?»

Elias sentiu frío só con pensar en falarlle así ao seu irmán, e sacudiu a cabeza con dor e con terror.

—Nunca! Nunca! Pietro mataríame, tío Martinu!

—Ao meu ver, tes medo.

—Teño, por que escondelo? Teño medo, mais non da morte. É que tamén Maddalena estaría perdida, e Pietro e toda a miña familia. E non teño só esta espiña no corazón, tío Martinu. Quérolle ao meu irmán e non desexo, no caso de que el se resigna, que sexa infeliz.

—Pietro podería resignarse máis facilmente ca ti; ten un carácter diferente ao teu. Entendo os teus bos sentimentos, Elias Portolu, pero non os aprobo. Pensa nas consecuencias; nunca pensaches nelas? Maddalena ámate perdidamente, lino nos seus ollos. Se ti calas, casará con Pietro, irá vivir á túa casa e acabaredes perdéndovos, porque a natureza humana é fráxil. Non o ves, Elias Portolu? Pensaches niso? A tentación supérase hoxe, mañá, mais pasadomañá acaba vencendo ela, porque non somos de pedra. Pensáchelo, Elias Portolu?

—É certo, si! —dixo Elias, cos ollos cheos de terror.

Gardaron silencio durante un intre. Ao seu redor a calma era intensa, infinita. As sombras baixaban paseniño sobre os bosques, o ceo de peonia empardecía con tenros matices violetas. E, de socato, Elias sentiu como aquela gran paz arcana penetraba no seu corazón.

—Eu podo marchar... —dixo coa face demudada—, marcharei da miña casa.

—Casarás? Se cadra iso é peor.

—Non, non vou casar.

—E logo que vas facer?

—Fareime cura. Estráñalle, tío Martinu?

—Eu non me estraño de nada.

—Que me aconsella? No soño da primeira noite do meu regreso que lle contei, aconsellábame meterme a crego.

—Unha cousa son os soños e outra a realidade, Elias Portolu. Se tes vocación, non serei eu quen che quite a idea, pero tamén che digo que nin sequera iso te salvará. Somos homes, Elias, homes fráxiles coma canivelas. Pénsao ben.

—E daquela que me aconsella?

—O consello xa cho dei. Vai, volve á aldea e fala co teu irmán.

—Nunca... nunca... con el!

—Pois fala coa túa nai. A túa nai é unha santa e porá o bálsamo na ferida.

—Pois irei, si! —dixo Elias nun repentino pulo.

Decidírase, e un lampo de ledicia brillou nos seus ollos. Levantouse e deu algúns pasos. Gustaríalle poder partir decontado, librarse axiña daquel pesadelo que o esmagaba. Todo lle parecía doado, todo amañado, e por uns intres sentiu unha felicidade tan intensa coma nunca antes na súa vida.

—Ben, non perdas o tempo —díxolle o tío Martinu—. Marcha mañá mesmo, fala, no teñas escrúpulos nin prexuízos. Espero por ti aquí mañá destas horas e contarasme o que fixeches.

—Irei e virei logo, tío Martinu. Boa noite e grazas.

—Boa noite, Elias Portolu.

E cada moucho ao seu souto.

Ao día seguinte, á mesma hora, os dous homes reencontráronse no mesmo lugar, a rentes do muro da *tanca*. Ao seu redor reinaba o mesmo silencio, puro, infinito. O solpor acendía as extremas cimas do bosque, unha pega grallaba ao lonxe, pero Elias estaba triste, exhausto, co rostro cuberto de fastío e de sufrimento coma o primeiro día do seu regreso.

—Meu querido tío Martinu —dixo—, se soubese como foron as cousas! É inútil, non podo, non podo falar, nin coa miña nai nin con ninguén. Onte sentíame decidido,

parecíame ter un corazón de león, ou mellor dito, a face tan dura coma o coiro. Pois ben, déitome, durmo e nos meus soños creo estar na casa, falando coa miña nai... Todo me semella doado. Esperto, parto, chego á casa. Sentíame aínda ledado, cheo de esperanza e de coraxe. Chamo a miña nai á parte e sinto como dos meus beizos saen as palabras que levaba preparadas. Ela mira para min, e entón, de súpeto, sinto como o meu corazón bate con forza e como se me pon un nó na gorxa. Ah, non, tío Martinu, é imposible, non podo falar, por moito que queira. Podería cometer un delito, pero revelarlles algo así aos meus parentes, non. Non é posible.

—Volve intentalo —probou a dicirlle o vello, pero Elias fixo un aceno de repulsión, case de rebelión.

—Ah, non! —dixo en voz alta—. Non me tente, tío Martinu. É algo superior ás miñas forzas. Podería ir mil veces sen conseguilo.

—Certo —dixo o vello, coma se o golpease un recordo—. Lembro un feito —engadiu logo—. Verdadeiramente era unha cousa bastante máis grave, pero o home tamén era bastante máis forte ca ti, valente, despreocupado, violento. Debía cometer un delito, e xa cometera outros; debía matar un home honesto. Tíñao por algo natural, facilísimo, e no seu interior estaba máis ca decidido. Chegou o día e a hora elixida. Foi á casa do home honesto e atopouno ceando. Puido asinalo sen perigo ningún. Pero o home honesto mírao en fite e abonda para que o outro non poida nin erguer o brazo. E isto aconteceu dúas, tres, dez veces.

Mentres o vello falaba, Elias comíao cos ollos, esquecendo a súa inquietude ao escoitar aquela historia: ah!, xa a coñecía, non só iso, senón que sabía que o home violento era o mesmo tío Martinu. Todo o mundo coñecía dende había anos aquela historia, e engadían

que o home honesto, cando chegou a coñecela tamén el, chamou por tío Martinu e deulle traballo. Converteuno no seu pastor e despois en gardián das súas *tancas*. Dende entón, o tío Martinu fora a súa man dereita, o servo máis fiel do home a quen quixera asasinar.

E Elias sentiu alivio; no fondo avergoñábase da súa debilidade e da súa continua indecisión, mais se un home de ferro como o tío Martinu Monne non lograra vencer na súa fera mocidade o poder dunha ollada honesta, como podía el, un pobre e feble mozo, vencer o horror da confesión aos seus do que lle parecía un delito?

—Certo é que o feito que che contei —engadiu o ancián—, non ten comparanza coa túa historia, pero demostra igualmente como existe sobre nós unha forza que non somos quen de vencer. Así que se podes, Elias Portolu, tenta facer algo!

—Non podo facer nada, tío Martinu! —dixo Elias desalentado.

—Ao mellor queres que interveña eu... —comezou o vello, caviloso, logo dun breve silencio, pero Elias aper-toulle o brazo e protestou de xeito irado:

—Nunca, tío Martinu! Nunca, nunca! Ah, non cometa o erro de crer que nin sequera pensara tal. Se non me garda o segredo, tío Martinu, non lle mirarei máis para a cara.

—Levas razón, non convén. É certo!

—Que me aconsella?

—O que xa che aconsellei, Elias Portolu. Fai algo, bule, sé precavido.

—Xa o son, tío Martinu. Deixarei que se cumpran os acontecementos. Logo, se non podo resistir, farei o que lle dixen onte.

—E farás mal —dixo o vello levantándose—. Tenta outra cousa, Elias, fillo. O feito que che contei acabou ben pola indecisión dun home, pero o teu podería acabar

mal. Ti sabes escribir, pois escribe, e o teu irmán sabe ler. Entendédevos, adiántate ao futuro. Non che digo máis.

Unha luz de esperanza relampou de novo nos ollos de Elias.

—Si, escribirei.

Separáronse sen máis palabras e Elias encamiñouse á mallada co corazón un pouco confortado.

«Si, si», repetía para si, «escribireille a Pietro como fan os señores, direillo todo. El é razoable e escoitará. Teño pluma e papel. Dareille a carta a Mattia... Non, levareina eu mesmo. Dareilla á miña nai para que lla entregue en man. Si, iso é».

Durante toda a noite pensou e repensou como escribir a carta. Sabía xa como comezar e como rematar; o resto era fácil. Á mañá seguinte acordou obstinadamente firme no seu propósito. Apenas puido, apartou para o seu sitio favorito, onde agochara os seus libros e a pluma e un tubo de cana cheo de tinta, e preparouno todo. Sentado a par dunha pedra elevada, buscou a mellor posición —e a posición era óptima para poder escribir comodamente— e despois ficou un tempo pensando.

Ao seu carón, o regato cantaruxaba entre os xuncos; unha agradable airexa zoaba entre os sabugueiros e as altas herbas producían intensos murmurios. Vagos rumores, esvaecidos, próximos, distantes, animaban a *tanca*, baixo o cerúleo e luminoso ceo daquela pura mañá.

Elias cismaba, coas mans xa non tan brancas que apreixaban a folla de papel ordinario estendida encol da pedra. De súpeto, ergueu a cabeza, coma se escoitase unha voz distante; logo colleu a folla, a pluma, a tinta, meteuno todo no escondedoiro e tornou á mallada. Non era quen de frear esa forza superior da que lle falara o tío Martinu.



## V

Chegou o estío. A *tanca* tinguiuse toda dun fermoso amarelo pálido, catar nas pradarias e ao longo da ribeira do regato, onde a vexetación adquiriu unha louzanía tropical. Que fondos tan delicadamente suaves refulxían agora aló embaixo, nas espléndidas mañanciñas, nos solpores de ouro rosado, nas noites relucentes de purísimas estrelas, cando a lúa nova baixaba misteriosamente nos bosques silandeiros!

Elias consumíase por culpa do amor e da tristura, mais non tomaba unha decisión nin daba un só paso para deter os acontecementos. Entre tanto, o tempo decorría. Pietro obtivera unha colleita magnífica e as nupcias celebraríanse dentro de escasos días. Elias non volvera ver o tío Martinu, e tampouco non o intentaba. Case tiña pavor a que tal cousa acontecese, porque, no canto de conforto, o vello, que pasaba por ser un gran sabio, desencadeara na súa alma un auténtico inferno.

«E se el levase razón?», preguntábase ás veces, aínda que se rebelaba deseguido contra este pensamento e sentía así mesmo que non tiña folgos para actuar, para moverse, para desvelar o seu segredo e, sobre todo, para empecer a felicidade de Pietro.

Mais a acordanza e o desexo de Maddalena e o pensamento de que dentro de pouco a ía perder inexorablemente, ensumíano. Tentaba loitar contra o seu corazón e contra



os seus sentimentos, desprezar a súa paixón, ser forte como quería o tío Portolu. «Pero que demos, hai unha chea de mulleres no mundo! E tamén se pode vivir sen elas, e mesmo sen amor, e un home que se teña por tal debe rirse destas cousas!»

Pero a loita era en baluto e sen a figura de Maddaleña todo o horizonte de Elias se baleiraba e se escurecía. Porén, igual que en San Francisco degoirara a distancia, a soidade, o silencio da *tanca*, agora arelaba que chegase o día da voda de Pietro. Así polo menos todo acabaría para sempre. Parecíalle que *despois* curaría e recuperaría a paz e a saúde. Porque tamén se sentía esmorecer fisicamente. O ardor daqueles longos días luminosos e a frescura insidiosa das claras noites perfumadas aniquilábano e causábanlle febre.

No medio da súa tristura nacía o odio aos homes; mesmo aborrecía o seu pai e a Mattia, e decote escapaba, vagaba toda a xornada pola amarela e ardente soidade da *tanca*, e pasaba as noites ao sereno.

Adormecía ao mediodía, tras ler e reler nos seus libros sagrados, e espertaba coa cabeza atacada por unha grave dor. Logo, pola noite non daba durmido. Entón refuxiábase longo tempo no seu escondedoiro, acachoupado entre as pedras, ollando o ocaso da lúa tras os bosques e sumido nunha dolorosa febleza. O tío Portolu, o can vello, ben se apercibía do estado físico e dos sombríos ánimos do seu fillo, sen conseguir adiviñar a causa, e aflixíase e rifáballe acerbamente nos poucos momentos que cadraban.

—Por que te escondes? —urráballe—. Que vida é esta? Se cavilas nun delito, acométeo e acaba de vez; se estás namorado, cólgate. Pero que home es ti! Unha pabea de palla, unha estatuíña de queixo de vaca, iso é o que es ti! Non ves que non podes nin manterte en pé e que a túa cara está verde coma unha ra?

—Estou malo —diciá Elias, non para escusarse, senón porque tiña un medo malsán a que o tío Portolu chegase a adiviñar o seu segredo.

—Se estás malo, sanda ou morre. Eu non quero xente débil canda min. Quero ver leóns, quero ver aguias, e ti es unha lagarta.

—Déixeme en paz, padre —suplicaba Elias, afastándose amoucado.

—O demo te coma! O demo te coma! —ía atrás del berrándolle o tío Portolu. Pero cando estaba só, o vello contristábase e el tamén sentía o corazón pequeno coma o dun paxariño, e pensaba—: Está visto que Elias enferma. Ah, non. Meu san Francisco, lévame a min, pero déixame vivos e fortes os fillos! Os meus filliños! Os meus pombos! Os meus paxariños! Ah, que eles sexan felices aínda que o tío Portolu morra desesperado. Elias, Elias, por que non curas? Que vou facer eu sen ti? Farei que veña a túa nai, farei que tornes con ela á vila e ela hate meter no leito e farache menciñas con herbas, con sal, coas medallas santas, como ela sabe.

Entrementres Elias vadiaba, triste, desesperado, irritado contra si mesmo e contra os demais. Unha noite, o tío Portolu, cando atravesaba a *tanca*, viuno empoleirado nunha pena, contemplando a lúa. «Estará a facer algún feitizo? Cismará en cometer un delito? Quererá meterse a crego?», preguntouse o vello fitando o fillo, cos ollos máis arrojados ca nunca pola calor daquel cegador día. «San Francisco, *santu Franzischeddu meu*, sándame este fillo». E volveu á mallada moi agoniado. Ah, certamente, o extraño proceder de Elias amargáballe a ledicia pola voda de Pietro, que se ía celebrar o domingo seguinte.

E Elias, no alto da pena, cos ollos vidrosos, fixos e como enmeigados polo puro esplendor da lúa, ficaba estantío, mergullado en confusas visións. Era o mesmo

atordamento, o zunido, a vaga vertixe que sentira a primeira noite do seu retorno no patio da súa casa. O vento lixeiro que sopraba nos bosques, distante, semelláballe unha voz confusa, quer doce, quer temerosa. Que dicía? Que dicía o vento? Que murmuraba a selva? Gustaríalle sentir clara aquela voz, e angustiábase, entenrecíase, alporizábase ao non logralo. Parecíalle a voz do Padre Porcheddu, a de Maddalena, a da súa nai, a do tío Martinu. Lembraba o soño que tivera a noite do seu regreso e o da ribeira do Isalle, e outros soños, outras visións remotas. E sentía no fondo da súa alma unha angustia confusa por mor daquelas voces que non podía oír, por mor daqueles soños, por outras cousas que non daba lembrado.

A luzada da lúa golpeáballe na face, nos ollos, envolvéndoo nun feitizo coma de soño. Ao seu redor, na liña dos bosques, nos arredados horizontes, o ceo esvaeciase cun esplendor de perla. Os rabaños aínda pacían ao lonxe, espallando pola soidade nocturna o melancólico tinguilear das chocas. Nunca Elias se sentira tan triste coma aquela noite. Acontecíalle ademais unha cousa insólita: lembraba os días, os meses, os anos pasados *naquel lugar*, e lembrábaos cunha dor humillante, como nunca antes os recordara, e confusamente pensaba: «Ah, se non tivese pecado nin frecuentase malas compañías non estaría *naquel lugar*, coñecería a Maddalena denantes ca Pietro e agora non sería tan infeliz. É certo que me domaron, pero volvéronme débil coma unha mulleriña. E dicir que sempre conto as miñas acordanzas *daquel lugar* con grande orgullo! Desvergonzado, Elias Portolu, desvergonzado!»

E sentía chegar o rubor ao seu rostro e os seus pensamentos ensarillábanse de novo, tornaban as visións, as voces confusas, a figura do Padre Porcheddu, a de Maddalena, a do tío Martinu, e outras figuras que vira *naquel lugar*. E a atrapallada angustia que estrullaba o

seu corazón volvíase cada vez máis pesada, esmagadora coma un fragueiro. Finalmente tivo a impresión de aferrar aquel recordo e de distinguir a voz; daquela, un arrepío percorreu o seu corpo, a súa face tornou lívida e os dentes deron en baterlle. «Ela casa dentro de tres días. Todo acabou!», berrou para os seus adentros. «Isto é o que me mata e non fago nada, non me movo, non ouso... ».

Sufriu un rauto de desesperación, un desvarío de audaces propósitos e decidiu: «Irei, actuarei. Non quero morrer. Ámoa e ela áname, díxomo alá abaixo, na ribeira no Isalle... non, cando volvíamos... ben, díxomo, e eu biqueina, e ela é miña, é miña, é miña... Irei... Ah, irmán, mátame se queres, pero ela é miña. Agora baixo, corro, vou a Nuoro, amaño as cousas. Todo se pode amañar, o tío Martinu leva razón, pero teño que andar lixeiro».

Moveuse, pero deseguida o asaltaron calafríos que partían da punta dos seus pés e serpeaban por todo o seu corpo. Sentou de novo fronte á lúa, co rostro cincento, batendo os dentes. Recordaba tamén a súa promesa, a noite que chorara coma un cativo aos pés de San Francisco, mais agora aqueles propósitos quedaban lonxe. Coidaba que fora vencido pola paixón e que xa non o aturaba máis. Pensaba: «Entón coidaba que o día das nupcias non chegaría nunca, pola contra agora está próximo; é pasadomañá. Teño que actuar. Pero, por que non podo moverme?», preguntouse a si mesmo nun intre de lucidez. «Quero moverme e non podo. Sinto os membros pesados coma as pedras. E estes arrepíos? Teño febre, debo de estar enfermo». Despois pensou aterrado: «Ah, e se caio enfermo? Se non podo moverme? E se mentres... Ah, non, non, irei, irei».

Ergueuse pesadamente, baixou do penedo e botou a andar cambaleando polo medio dos restrollos e do feo escintilante e recendente co luar. Seguía a sentirse o ruído

das chocas dos rabaños, a distante voz do vento no bosque. Camiñaba; gustaríalle correr pero non podía e paraba cada pouco, cun escuro zunido e agudos asubíos nos ouvidos.

De socato deixouse caer na terra debaixo dunha árbore, entre cuxas pólas vía como a lúa o miraba cun ollo luminoso, case cegador. Aquel ollo da lúa foi a súa última percepción. Despois xa non sentiu máis ca unha aguda dor na sobrecella esquerda, coma se levase un machadazo, e como aumentaba o zunido dentro dos seus ouvidos. Pero no seu soño maléfico continuaba camiñando e esbardallaba. Era coma se atravesase un lugar cheo de rochas monstruosas, de silveiras espiñentas, de cardos secos, iluminado por un luar azulado.

No seu delirio lembraba perfectamente a onde se dirixía e o que quería, pero por moito que corría, gabeando polas rochas, saltando as silveiras, suando, derreado, agoniado, non conseguía afastarse daquel lugar misterioso. E sentía unha carraxe e unha dor infindas. Doíanlle todas as articulacións, sentía o lombo roto, os pés, as mans, as tempas latexantes, e todo o seu corpo enchoupado de suor. E camiñaba, seguía a camiñar polo alto daquelas rochas que lle producían terror e espanto naquel resplandor lívido de lúa invisible que o arrodeaba cunha luz estraña, máis triste e arrepianante ca as tebras.

Nunca soubo precisar canto tempo durou aquela súa loita desmesurada contra as rochas, as silveiras, os cardos, aquela carraxe imprecisa, aquela congoxa oprimente, aquel pavor a monstros invisibles, a aquela luz horrenda. Outras miraxes non menos monstruosas, pero confusas e sen tregua, entrelazábanse, disolvíanse, retornaban coma nubes empurradas polo vento para envolvelo e torturalo.

Por fin chegou un momento no cal a súa alma, cansa e vencida, se afundiou nun escuro abismo de inconsciencia, mentres o seu corpo continuaba sufrindo. Logo sentiu

como aquel abismo se iluminaba cunha triste luz de alba que medraba e medraba, e como a súa alma notaba os padecementos do corpo e, abandonando aqueles soños e ardendo de febre, abriu os ollos á realidade.

Atopouse na casa, tendido na súa cama e tapado coa basta colcha de la, no humilde cuarto branco. Unha luz melancólica de crepúsculo entraba pola xanela entornada. Do carreiro chegaban ledos gritos de cativos, e do patio, da cociña, das estancias contiguas procedía un quedo son de voces. Debía de haber moita xente. Que dicían? Que facían? Estaba Maddalena? E Pietro? Xa casaran?

Elias sentiu un frío intenso, pero agora pasara o delirio, e mesmo se Maddalena non casase aínda e a tivese diante, non lle diría nada. Desexou que xa se celebrase o casorio mais asaltouno asemade unha violenta tristura e invocou a morte. Porén, en vez da morte tornaba a vida, tornaban as inquietudes. Falara no seu delirio? Que acontecera? Como o atoparan? Como o levaran até alí? Vírao Maddalena? Compadecérase del? Ante esta idea da piedade de Maddalena, entenreceuse e volveu desexar a morte.

Naquel intre entrou a tía Annedda. Axiña comprobou a mellora de Elias e inclinouse sobre a almofada, sorrindo de alegría e de piedade.

«Saberá algo?», preguntouse Elias abaixando as pálpebras lívidas.

—Fillo, como estás? —preguntoulle a nai, pousando unha man na súa fronte.

—Ben.

—Deus sexa loado. Tiveches moita febre, Elias. Por pouco suspendemos o esposorio...

«Sábeo!», pensou el con dor.

—Pero esta mañá xa estabas algo mellor. O teu irmán casou ás dez.

«Non sabe nada!»

Mais este pensamento non abondou para quitarlle a indicible dor que lle causaban as palabras da súa nai. Porque no fondo aínda tiña esperanzas, pero esperanzas de que? Nin el o sabía: esperaba o descoñecido, o imposible, pero esperaba. Agora todo rematará. Pechou os ollos e xa non abriu a boca nin sentiu as palabras da nai. Notaba o corpo dorido e pesado, inmóbil coma unha pedra, e parecíalle que se quixese moverse non podería.

Todo rematará.

A tía Annedda volveuno deixar só. Ao que ela abriu a porta, da cociña e do patio chegaron até Elias máis claras as voces dos invitados e algunha risada frouxa. Volveu abrir os ollos, ollou as paredes onde morría a melancólica luminosidade do crepúsculo, pensou na ledicia dos demais, que non sentían pena del, e experimentou máis intensamente a súa grave dor, a súa soidade, a súa fin. E chorou silenciosamente, perdéndose nunha dor máis escura ca a morte.

Entre tanto, a nova da súa mellora, trasladada pola tía Annedda, tirou da alma da familia e dos escasos invitados, todos parentes dos esposos, a sombra que a doenza de Elias proxectara sobre eles. Naturalmente, o máis ledo foi o tío Portolu.

—San Francisco sexa loado! —dixo, cun brinco—. Se o meu fillo morrese, eu non sobreviviría. Vamos onda el, a facerlle compañía, vamos.

Por mor da tristura nin sequera bebera nin fixera as catro trenzas nos cabelos, pero estaba aseado, coas botas ensebadas e o seu flamante traxe do trinque. Só Maddaleña parecía estar indiferente, coas súas largas pálpebras de Madonna baixas en actitude resignada. Sentaba a carón do seu esposo, no patio, e falaba pouco, mirando para o anel e cambiándoo seguido dun dedo para o outro. Pietro estaba feliz; tiña a cara barbeada, os ollos brillantes, os

beizos vermellos, e co seu traxe de noivo, co cándido colo da camisa bordado e coas puntas voltas sobre o chaleco de veludo azul escuro, case parecía garboso.

—Vamos, vamos —dicía o tío Portolu, que devecía por ir ver o fillo. E apenas abriu a porta do cuarto comezou a facer bromas, rindo coa súa risa forzada, sen se decatar da dor mortal que paralizaba a Elias.

—Védelo *su bella mannu*<sup>11</sup>, a flor da nosa casa, que quería morrer xusto o día da voda do seu irmán? Faise iso? Si, eu vinte sobre a pena, a outra noite, e dixen para min, este pombo anda enfermo. Logo atopámolo debaixo daquela árbore, coma morto, e tivemos que traelo até aquí nun carro. Que barbaridade! Ah, estás branco coma a cinza, Elias. Queres beber? Ha, ha, o viño cura todos os males. O teu irmán casou, sabes? Érguete e brindemos á saúde dos noivos.

—Déixao en paz —dixo a tía Annedda con voz queda, tirándolle da faldra do abrigo, e el calou, fitando con tristura os ollos pechos de Elias.

Os esposos quedaron no patio, arrodeados polos parentes. A dicir verdade, a conversa non estaba moi animada; aínda reinaba no ambiente un pesadume, un fastío que o comportamento tímido e frío da esposa non lograba disipar.

Algún rillote impertinente asomábase polo portón, berrando, pedindo doces, guindando pedras contra o muro. Na cociña, a nai da noiva e outra parente aviaban a cea. A tía Annedda ía e viña do patio á cociña, da cociña ao cuarto de Elias, sempre nos bicos dos pés, branca e co rostro calmo. Ela sabía que Elias tiña que mellorar. Crendo que «collera algún susto» preparáralle e fixéralle beber unha auga especial, e despois colgáralle do pescozo unha medalla santa, acendéralle unha candeia a San Francisco

---

<sup>11</sup>N. da A. O fermosísimo.



e por fin pronunciara *as palabras verdes*, un esconxuro para saber se o doente viviría ou morrería. *As palabras verdes* responderan que viviría. San Francisco sexa loado e Deus sexa bendito en toda a súa santa vontade.

Pouco a pouco a xente foi marchando e quedaron só os dous irmáns, a nai da noiva e mais unha veciña amiga da tía Annedda. A cea foi máis melancólica que o xantar; sentíase xemer a Elías cadora e un veo de tristura pesaba sobre todos.

—Parece que estamos nun velorio —dixo o tío Portolu, esforzándose por rexoubar, pero sentíase triste e parecíalle un mal agoiro para os esposos a melancolía que tinguira aquel día de voda. Cando se asegurou de que non faltaba nada na mesa, a tía Annedda entrou onda Elías para levarlle unha cunca de caldo.

—Incorpórate un pouco e bebe, fillo —dixo amorosamente, arrefriando o caldo coa culler.

Pero Elías fixo un aceno de noxo e afastou coa súa man a da nai.

—Elías, meu fillo, bebe, sé bo; bebe, que che fará ben.

—Non, non, non... —repetía el cun lamento infantil.

—Vamos, sé bo. Se segues así, poraste enfermo de verdade e cometerás pecado mortal, porque o Señor desexa que conservemos a saúde.

El abriu os seus dous grandes ollos ateigados de angustia e de sufrimento físico.

—Déixeme en paz, déixeme morrer en paz —dixo.

A tía Annedda saíu e volveu entrar seguida por Maddalena. Non ben viu a acabada de casar, Elías deu en tremer visiblemente, e non tivo nin a forza nin o desexo de ocultar a súa turbación. Só foi quen de murmurar uns parabéns:

—Boa sorte... —pero as palabras morréronlle na gorxa.

—Elías, por que fas isto? Por que non tomas algo? —dixo Maddalena, fría e firme—. Non te comportes co-

ma un cativo. Por que afixes a túa nai? Veña, sé boiño, como di ela.

El incorporouse decontado, colleu a cunca e bebeu, acorando e tremendo coma unha folla. Despois obrigárono a beber viño e axiña caeu nun lixeiro e agradable sopor que pronto mudou nun sono tranquilo.

Pero coa noite pecha espertou, e apenas esperto, malia o benestar físico que lle proporcionara o sono, sentiu unha indicible arroutada de angustia, unha fonda desesperación. Maddalena estaba alí, baixo o mesmo teito, e Pietro era feliz.

Elias sentiu que para el acabara de vez a alegría da vida e comezaba a aflición da loita contra os celos, o pecado e a dor. Ao seu redor e dentro del imperaba unha terrible escuridade, e sentiu a tola necesidade de erguerse, de moverse, de camiñar e de marchar lonxe. Era o seu destino.

«Marcho», pensou, «cómpre que marche, que me arrede de aquí, que vaia lonxe, non volver nunca; se non o fago, son home perdido. Ai de min, ai de min...».

Virouse retorcéndose, apertou os puños e golpeou a fronte contra a almofada, trabando nos beizos para sufocar os saloucos e os laios, co desexo rabioso de arrancar o corazón, collelo no puño e esmagalo contra a parede.



## VI

Avanzaba o outono e a *tanca* íase cubrindo cunha doce melancolía. Nos días límpidos a paisaxe semellaba máis vasta, con misteriosos confíns alén do velado límite do horizonte, e unha soidade máis intensa espallábase polas *tanças*. As árbores, as pedras, as silveiras adquirían unha traza grave, coma se tamén elas sentisen a tristura outoniza. Grandes corvos tardos e melancólicos pairaban polo ceo pálido; a herba do outono renacía entre os res-trollos denegridos polas abondosas chuvias que caeran recentemente.

Un destes días velados, aínda morno pero tristeiro, Elias atopábase só, sentado no limiar da choupana. Lía un dos acostumbrados libriños de oracións e de meditacións. O rabaño pacía ao lonxe; algún gracioso año de outono, branco coma a neve, beaba con lamentos de pícaro consentido. Elias lía e esperaba polo tío Martinu Monne, a quen mandara chamar para pedirlle consello.

«Desta volta», pensaba, «desta volta quero seguir o consello do vello. El ten experiencia na vida, e talvez faría ben en seguir dende o primeiro os seus consellos. Abonda... », engadiu despois para si, suspirando, «agora todo rematou».

Finalmente, a gran figura do vello apareceu no esvae-cido fondo da corredeira, avanzando dereita e tesa cara á choupana.

Elias púxose de pé, pousou o libro e camiñou ao encontro do tío Martinu. Aínda que sabía que a *tanca* estaba deserta, non deixaba de lembrar aquel proverbio que di que *as silveiras teñen orelleiras*, e coa intención de falar con seguridade, conduciu o vello a un lugar aberto, cun gran treito privado de matos e de penedos. Só había algunha pedra situada entre a restroballada, e precisamente foi sobre dúas pedras onde sentaron Elias e o vello.

Comezaron conversando sobre temas intranscendentes: do que fixera o tío Martinu en todo o tempo que non se deixara ver, das ovellas, dos pericos, dun touro que fora roubado nunha *tanca* veciña. Pero ao cabo dun tempo, o vello fitou a Elias e mudou de ton.

—Para que me fixeches chamar, Elias Portolu? Que hai de novo?

Elias estremeceuse, ruborizouse e mirou en volta; non viu a ninguén. O bosque, as rochas e as matogueiras calaban na vaporosa paisaxe, baixo o torpor do ceo velado.

—Preciso pedirlle consello, tío Martinu...

—Da outra vez pedíchesmo e non o seguiches.

—Agora é distinto, tío Martinu. Talvez faría ben en facer caso daquela do que dixo, pero xa non ten remedio, agora todo rematou. Quero facerme crego, tío Martinu. Que lle parece?

O vello mirou ao lonxe, caviloso.

—Aínda estás namorado?

—Máis ca nunca! —exclamou Elias, e pouco a pouco a súa voz tornou tenue, lamentosa, case coma de pranto—. Ás veces teño a sensación de que vou tolear. Ela é fermosa, ah, se vise o fermosa que está! Eu sempre me propoño non volver á casa, non vela, non mirala, pero o demo turra de min, tío Martinu. E ela tamén me mira, e eu teño medo. Cómpre buscar unha solución ou se non acontecerá o que vostede dixo.

—Por que non casas?

—Ah, non me fale diso! —apuntou Elias, cun ademán de espanto no rostro—. Maltrataría a muller, ben llo sei, quizais me volvería malvado e o demo tentaríame aínda máis.

—Maria Maddalena tamén te mira?

—Eh, non diga nomes, tío Martinu! Si, mírame.

—Daquela non é unha muller fiucega?

—Creo que si que o é, pero ela non ama o seu home, nunca o amou, e o seu home non a trata ben. Cansou pronto, tío Martinu e ademais emborráchase decote e entón perde o siso. Están a rifar seguido.

—Tan pronto?

—Nestas cousas axiña se empeza. Mais precisamente porque non o quere, teño medo a que Pietro acabe batendo nela. El non quere que saia da casa, que vaia onda a súa nai nin que ande de leria coas veciñas.

—É celoso?

—Non, non é celoso, nunca o foi, pero si sañado, bebe demasiado, abusa do seu benestar.

—Ai, Elias, Elias! Que che dixera? Se seguises o meu consello! —exclamou o vello, pero deseguida sacudiu a cabeza e engadiu—: Amais, quen sabe? Se cadra contigo tamén pasaría o mesmo.

—Ah non! Que di? —dixo Elias con fervor, mentres un doloroso soño brillaba nos seus ollos—. Eu adoraría cada un dos seus pensamentos, dos seus desexos...

—Déixate de andrómenas! Iso dise axiña, pero chega un día no que cansamos de todo, e especialmente da muller. Ti cres, Elias Portolu, que o teu capricho duraría moito? Chegará un tempo no que te rirás de todo isto. Ela terá fillos, murchará, non mirará para ti, converterase nunha de tantas aldeás nais de familia, cos vestidos sucios, vella, desleixada, fea.

—Engánase, tío Martinu. Velaí xustamente a desgraza: ela nunca terá fillos e conservarase sempre fermosa e louzá.

—E ti que sabes, Elias Portolu?

—Díxoo a miña nai, que entende desas cousas. O mal humor de Pietro creo que se debe sobre todo a ese feito. Ah, tío Martinu, non me traizoe. Estou a confiarrlle cousas que non lle diría nin sequera ao meu confesor.

—Se cres que eu te traizoaría, non debiches chamar-me! Teño oído segredos ben máis graves ca este! Ademais —dixo logo o vello—, tanto ten que ela non teña fillos, murchará igual.

—Non crea tal, tío Martinu! É unha desas mulleres que co decorrer dos anos, aínda que non sexan felices, sempre se poñen máis fermosas. Na casa non ten traballo; se o home a trata mal, os outros, especialmente a miña nai, tráena na palma da man. Estará ben no senso material e sempre será fermosa. De por parte, eu non a amo pola súa beleza! Ámoa porque... *é ela!*

—Avellará! Avellará!

—Ah, de aquí a alá aínda ha chover abondo! E vostede sabe moito, así que non diga iso. Seica non entende o que é a mocidade? Acabaremos caendo en pecado mortal, e daquela?

—E ti cres, Elias Portolu, que se te fas cura todo acabará? O home, o mozo, non vai desaparecer; poderías caer igual, e entón xa non será pecado senón sacrilexio.

—Oh non! Que di? —dixo Elias con horror—. Entón será distinto. Ela non me mirará máis e ademais pedirei que me envíen a outra aldea.

—Ben, todo iso está ben, fillo. Mais deixas a un lado outras cousas. Dime, ti xa non es un rapaz: hante querer? Para facerse crego precísase tempo, estudos, cartos. Quen sabe se todo se poderá superar, quen sabe se ti en tanto darás vencido a tentación!

—Unha vez que eu anuncie o meu propósito, xa non temo nada. Ela non me mirará máis e eu coutareime. É certo que non son un rapaz, mais tampouco non teño trinta anos como aquel pastor que vendeu o seu rabaño e que se fixo cura en menos de tres anos.

—Todo iso está ben. Porén, dígoche outra cousa: que os curas que se fan tal por desgustos, e especialmente por desgustos amorosos, non me chistan nada. Cómpre comezar cando rapaz, cómpre ter vocación.

—A vocación tíña e téñoa. Sentina de rapaz e logo volveume cando estiven *naquel lugar*. E non pense, tío Martinu, que se me meto a cura é por preguiza, por gañar, por vivir ben, coma tantos outros. É porque creo en Deus e desexo vencer as tentacións do mundo.

—Iso non abasta, Elias Portolu. O home que se fai sacerdote non debe só combater contra o mal, ten que facer o ben. Debe vivir entregado completamente aos demais, nunha palabra, debe facerse cura polos demais e non por si mesmo. E ti queres ser crego por ti, para salvar a túa alma, non a dos demais. Pénsao ben, Elias Portolu. Teño razón ou non?

Elias cavilou un anaco. Sentía que o vello sabio levaba razón, si, pero non quería, non podía darse por vencido.

—En fin —dixo—, desaconséllamo, tío Martinu? Pero pense tamén vostede se obra ben ou mal. Interrogue a súa conciencia.

O tío Martinu, que nunca se descompoñía, semellou impresionado pola última observación de Elias. Os seus ollos sagaces miraron ao lonxe, cara ao horizonte vaporoso, mentres a súa ruda alma absorta sentía vibrar voces arcanas naquel gran silencio desértico.

—A miña conciencia dime que monte en cólera contra ti, Elias Portolu —dixo logo dun momento de silencio—. Como di o teu pai, ti non es un home, es unha pabea de



palla, un xunco que se dobra co primeiro golpe de vento. Velaquí que porque estás namorado dunha muller que non podes posuír, que non quixeches posuír, queres converterte nun mal sacerdote, cando poderías ser un home hábil para o ben. Tes que ser unha aguia, non un tordo, Elias: ten razón o teu pai!

E mentres Elias ficaba apesarado pola brusquidade destas observacións, o vello proseguíu:

—Ti sabes o que é a dor, Elias Portolu? Ah, ti cres que xa bebiches todo o fel da vida porque estiveches no cárcere e porque te namoraches da muller do teu irmán? E iso que é? Nada! Un home debe cuspir sobre eses miudallos. A dor éche moi diferente, Elias, moi diferente. Sentiches a angustia de ter que cometer un delito? E despois os remorsos? E a miseria, sabes o que é a miseria? E o odio? E ver o inimigo, o teu rival, triunfar, apoderarse do teu e despois acosarte? Traizoáronte? Traizoáronte a muller, os amigos, os parentes? E acariñaches un soño durante anos e anos e despois viches como desaparecía diante dos teus fociños coma se fose unha nube? E sentiches o que é chegar a non crer en nada, a non esperar nada, a ver todo baleiro ao teu redor? Non crer en Deus, ou crer que é inxusto e odialo porque te abriu todos os camiños e logo foichos pechando un por un, sabes o que significa iso, Elias Portolu, sábelo?

—Tío Martinu, estame asustando —murmurou Elias.

—Dáste de conta do tipo de home que es! Asústaste con só sentir falar da dor do home. Camiña, érquete e camiña, Elias Portolu! Camiña! Camiña! Camiña! Es novo, es san, camiña e mira a vida de fronte. Tes que ser unha aguia e non un tordo. Ademais, o Señor é grande, e adoita reservarnos alegrías que nin sequera imaxinamos. O home nunca debe desesperar. Quen sabe se dentro dun ano es feliz e te ris do teu pasado? Camiña!

Como enfeitizado, Elias ergueuse e comezou a arredarse, mais o ancián díxolle:

—Ei, seica me deixas aquí só? Non me levas á choupana? Non me vas dar callada e leite?

—Vamos, tío Martinu. Estou tan atordado coma unha ovella tola.

Puxéronse en marcha en silencio. Na choupana, Elias deulle ao vello leite, viño, pan e uvas, e aínda faláron de cousas intranscendentes. Antes de marchar, o tío Martinu retomou de súpeto o seu argumento:

—Para o demais sempre haberá tempo. Cando de verdade saibas o que é a vida, se queres retirarte, retírate. Pero non esquezas o que che dixen: mellor ser un home mundano e hábil para o ben ca un home de Deus levado ao mal. Adeus, anda con coidado.

Elias quedou apesado pero tranquilo. Sentíase forte e avergoñado pola súa pasada debilidade. «O vello xabaril leva razón: cómpre ser un home», pensaba, «cómpre ser unha aguia e non un tordo. Quero ser forte, un bo cristián, si, pero forte». E nos días vindeiros mergullouse na tristura e superou en parte a desesperación, e mesmo fixo o posible por sacar da cabeza as ideas melancólicas.

O outono era extraordinariamente apracible e levadío na *tanca*. O ceo despexado amosaba unha dozura tenra e indíxible, habitual no ceo outonal sardo. Nos afastados horizontes, nos fondos case leitosos chegábase a intuír o mar. Algunhas atardecidas o horizonte tinguíase completamente dun ton rosado lácteo, coma de nácara, e por el circulaban unhas poucas nubes dun azul pálido, coma se o sucasen barcos de vela. Fronte á claridade do ceo, o bosque debuxábase cunha tinteira escura e húmida. As matogueiras quedaran sen apenas follas, mais algunha aciñeira, perdida na vasta *tanca*, comezaba a dourarse, e a herba tenra e espesa medraba cubrindo os restrollos

denegridos. Algunha flor ventureira, especialmente preto da auga, abría os seus melancólicos pétalos violetas. E o sol vertía gratas mornezas en cada recanto, sobre as urces, sobre os muros, sobre as rochas, e con aquela dozura do sol, baixo o puro ceo, cos seus prados de herba curta e fina, a *tanca* parecía cada vez máis extensa, case ilimitada, coas súas estremas perdidas na ribeira dos calmosos mares do horizonte.

A rutina no ovil continuaba calma e, naquela estación, pouco fatigosa.

O tío Portolu ausentábase decote e Mattia levaba unha vida algo salvaxe e taciturna, gozaba coa rabañada, cos cans, co cabalo, co gato e co chibo, que se convertía en castrón e lle andaba sempre detrás e ao que lle falaba coma se fose un amigo. Dende había un tempo estaba ocupadísimo fabricando colmeas de cortiza, porque para a vindeira primavera quería formar unha alvariza. Tiña gustos sinxelos e ningún vicio, pero era supersticioso e bastante medorento. Cría nos mortos e nas ánimas erradías e nas longas noites da *tanca*, cando seguía o rabaño, palidecera moitas veces ao descubrir o que, ao seu ver, eran movementos bruscos no aire, animais estraños que pasaban á carreira sen facer ruído ningún, e nas voces distantes do bosque, naquela inmensa soidade dos matos e das rochas, sentía con frecuencia arcanos laios, suspiros e murmurios.

Elias sentía envexa do carácter e da simplicidade do seu irmán. «Velaí o está», pensaba, «sempre tranquilo coma un cativo de sete anos. En que pensa? Que desexa? Nunca sufriu e quizais non sufrirá nunca. Non é forte, mais sempre é máis forte ca min». Naquela fin do outono, tras a conversa co tío Martinu, coidaba que adquirira certa enerxía, pois, cando menos, lograba dominarse e facer bos propósitos para o futuro.

Mais, un día que volveu á vila atopou unha auténtica tempestade entre Pietro e Maddalena. Naquel tempo Pietro sementaba o trigo e as sementes gardábanse nunha antiga hucha sarda de madeira negra colocada no cuarto do matrimonio. Pietro tiña a impresión de que a cantidade de sementes diminuíra e dera en berrar coa muller.

—Que pensas que fixen con elas? —diciña Maddalena, ofendida—. Fogazas ou doces? Ben sabes que na túa casa non che hai segredos e que a túa nai ve todo o que eu fago.

—Ela ten razón, fillo —confirmaba a tía Annedda—. O trigo non puido rever. Que iamos facer con el?

—Vós saberedes, mulleres! Vós sodes as que facedes e desfacedes, as que tedes necesidades secretas e antollos, e para satisfacerdes os vosos caprichos recorredes ás provisiones e decimades o voso e enganades o pobre marido, que traballa todo o ano para vosoutras.

Pietro falaba en plural, pero Maddalena sabía que cada palabra estaba dirixida a ela.

—Fala comigo —dixo irada—, non metas a túa nai nisto. O trigo estaba no noso cuarto.

—E falta de aí.

—Queres dicir que fun eu?

—Quero, si —urrou Pietro.

—Miserable!

—Quen é o miserable? Eu? Mirade para ela, a filla de Arrita Scada! Maldita a hora na que casei contigo!

Oíanse este e outros vituperios. Elias entrou xusto naquel intre e a tía Annedda saíu ao patio para axudarlle a descargar as alforxas do cabalo. Elias escoitou a disputa e encolléuselle o corazón.

—Que lles pasa? —preguntou apertando os dentes—. Por que se enlearon? Ah! —dixo en voz alta despois de prestar atención a algunhas palabras da súa nai—. Pero isto é unha infamia! Pietro está tolo? A nosa casa estase

a converter na casa dos escándalos! Xa é hora de acabar con isto!

—Aínda acabamos de comezar! —dixo Pietro, achegándose á porta, cos ollos escintilantes de ira—. E ti métete nos teus asuntos, se non queres levar a túa parte.

—Olo co que dis! —berrou Elías.

—Olo, ti. Eu son un home e ti es un fantoche, e ten coidado de non inmiscirte nas miñas cousas.

—Parade, fillos, parade. Pero que é isto? Tal cousa nunca acontecera na miña casa! —dixo a tía Annedda, congoxosa e palidísima.

—Eu son o patrón —dicía Pietro con desprezo—, que o saibades! O patrón son eu e se hai alguén que queira mandar, estou disposto a esmagalo como se fai cos saltóns.

Entraron na cociña, e Maddalena, ao ver a Elías e ao sentir as palabras de Pietro e da tía Annedda rompeu a chorar. Isto acabou de alporizar a Elías contra Pietro, e a Pietro contra Maddalena.

—Si, si, lágrimas. Mulleres! Quero boas accións ou de aquí en diante hai quen fará amizade coa cachaba.

—Inténtao, covarde! —gritou Maddalena, levantándose ameazante—. Miserable, calumniador, ruín...

Pietro arroibou de ira e lanzouse contra ela berrando:

—Repíteo, repíteo se podes...

—Estás bébedo...

—Para! —gritaron asemade Elías e a tía Annedda.

E Maddalena saloucaba e repetía:

—Calumniador, ruín, ruín, ruín...

—Agora veredes se estou bébedo e se son ruín!  
—bradou Pietro revolvéndose, e achegouse a ela e arreoulle unha labazada.

Elías tornou lívido e deu en tremer. Ende ben, a tía Annedda agarrouno e Pietro tivo a prudencia de marchar. Doutro xeito, todo remataría nun desastre.

—Isto só acaba de comezar —voceou Pietro dende o patio, con voz rabiosa pero irónica—. Debiches casar ti con ela, irmán! Vaia xoia! Agora marcho a beber e se cando volva hai alguén que queira levantar un dedo, xa veremos quen é o león e quen a lagarta.

E saíu. Maddalena deixara de chorar tras recibir a labazada. Estaba branca coma un cadáver e tremelicaba de ira e de dor, pero comprendera decontado que se non cambiaba de actitude ía provocar unha grave desgraza na familia.

—A culpa é miña —dixo con voz tremente—. Perdoádeme; non volverá suceder. Xa que me tocou esta cruz, saberei soportala. Perdoádeme, perdoade o escándalo, perdoade a miña lingua. Ah —dixo despois, mentres Elias, pálido e silencioso, a comía cos ollos e a tía Annedda pechaba o portón—, que non saiban nada a miña nai e os meus irmáns!

«É unha santa!», pensaba Elias. «Esa besta feroz non a merece. «Debiches casar ti con ela!». Estas palabras de Pietro resoaban na súa mente, no seu corazón, no estremecemento de todo o seu sangue revolto. «Que fixen! Que fixen! Que irremediable erro! Agora eles son infelices porque ela non o ama e el debe estar irritado por isto, e eu... Que son eu? Eu son máis infeliz ca eles, e ámoa máis ca antes, e...». Sentía un impetuoso desexo de coller a Maddalena entre os seus brazos e levala de alí. Xa era tempo, xa era tempo! Quen os separaba? Que os separaba? Pero a tía Annedda volveu entrar e el tornou á realidade.

Durante o resto da tarde tivo ocasión de estar a soas con Maddalena. Ela traballaba en silencio, sentada ao pé da porta espalancada; tiña as pálpebras denegridas e de cando en vez ceibaba fondos suspiros. Elias saía, regresaba e non se decidía a partir. Unha fascinación fatal atraíao cara a aquela porta aberta, obrigábao a dar voltas arredor da

moza coma unha bolboreta a unha luz. El cría a Maddalena máis molesta do que en verdade estaba, e consumíao a dor por ela máis ca a súa propia. Aloulábano baldíos pesares, inútiles remorsos, ira contra Pietro, fatais desexos... Naqueles momentos de paixón daría a vida por consolar a Maddalena, mais non conseguía dicirlle nin unha palabra e irritábase interiormente contra a súa timidez.

—Non marchas? —preguntáballe a tía Annedda suplicante—. Marcha, fillo, vaite, que é moita hora. Vaite que te esperan, vaite.

—Xa marcharei! —respondeu el ao fin, anoxado.

—Ah, fillo, queres armar un escándalo! Vaite, vaite. O teu irmán retornará bébedo e montará outro escándalo. Ah, fillos, non tedes temor de Deus e róldavos a tentación!

Maddalena salaiou case xemendo, e a Elias trastornárono as palabras da nai. Era certo: roldábao o demo e el esperaba con acre desexo o retorno do irmán para insultalo, para lle facer pagar a dor e a humillación de Maddalena. E non lle abundaba con iso. Agora miraba a Maddalena cuns ollos distintos a como a mirara até entón. Tivo conciencia disto todo e sentiu un acceso de terror. «Voume perder, voume perder», pensou. «Que gañei co meu sacrificio? Cedínlle a muller ao meu irmán para que non fose infeliz, e agora son eu, eu mesmo, quen quero desgraciao. É posible que eu sexa capaz de tanto? Eu? Eu?», interrogábase marabillado. Coidaba que se convertera nun ladrón, e es-trañábase e asustábase do seu súbito cambio. «Teño que marchar e non volver máis», pensou finalmente.

Decidiuse e marchou, para alivio da súa nai, que esperaba aquel momento con grande angustia. Maddalena non se moveu do seu sitio e nin sequera ergueu as súas largas pálpebras violáceas de Madonna aflixidísima; pero el, ao marchar, envolveuna nunha ollada desesperada, e botou a andar coa morte no corazón.

Unha dor grave e tráxica invadiuno dende aquel día. Comezou a desesperar por si mesmo e por todo, e a odiar os seus semellantes. Até daquela a súa desesperación e a súa necesidade de soidade tiveran algo de apracible e de bo; agora convertíanse en malvadas, acres, acompañadas como estaban por un instintivo desexo de vinganza. Elias Portolu coidaba que a sorte, a malvada esfínxe que atormenta os homes, fora inxusta con el. Buscara facer o ben, sacrificándose e, en troques, o ben convertérase en mal. Por que? Que fatalidade tiña o dereito de xogar así cos homes? Na inmensa soidade da *tanca*, baixo o pálido ceo do outono, na misteriosa dor da paisaxe deserta, dos difusos horizontes, a alma do pegureiro propoñíase as terribles cuestións dos homes refinados, mais non lograba atopar respostas. Quedáballe a dor, e na dor non só se perdía a fe, senón que principiaba a axitarse o monstro da rebelión.

Máis dunha vez, Elias, vagando preto dos lindes da *tanca*, dexergara o tío Martinu, aquel vello pagán cuxa ríxida figura dominaba e asemade formaba unha mesma cousa coa moi triste e fatal paisaxe, pero sempre escapara del con rabia. «É unha vella besta», pensaba. «Que é a dor? Que é a dor? El, o vello de pedra, riuse de min, pero con todos os seus delitos e as súas desgrazas e a súa sabedoría non sabe que eu sufro máis nun día ca el en toda a súa vida. Que non me veña en diante cos seus sermóns porque o mato coa machada».

Emporiso, comprendía que o vello non lle fixera mal ningún e lamentábase decontino por non seguir os seus consellos! Pero estaba irritado con todos, e especialmente consigo mesmo, e sentía a cruel necesidade de facerlle mal a alguén, aínda que fose a un rapaz, para experimentar non pracer senón dor.

De feito, frecuentaba a mallada un rapazolo, o fillo dun pastor veciño, unha xente moi pobre. Era algo boubexo,



pero bo, esfarrapado, tan magro e denegrado que semellaba unha estatuíña de bronce. Ía case decotío á choupana dos Portolu, e enredaba tranquilo co gato, co rancho e cos cans. Elias sempre lle daba pan, froita e leite, e tamén viño, e o rapazolo afeccionárase. Mais aquel día pagounas todas xuntas. Elias estaba só na choupana e dun humor terrible porque a tarde anterior Mattia trouxera malas novas da casa: Pietro embebedábase sempre que volvía do traballo e insultaba e maltrataba a Maddalena. O cativo achegouse cos pasos silenciosos dos seus pés descalzos, abrazou o can e entrou na choupana.

—Que queres? —preguntoulle Elias rudamente.

—Dáme leite!

—Non temos.

—Dáme leite, dáme leite, dáme leite! —comezou a repetir o rapazolo sen parar.

Elias sentiu unha carraxe invencible. Agarrou o pequeno polo brazo e sacouno fóra a patadas, insultándoo coma se fose un adulto e ordenándolle que non volvese máis. O cativo marchou con dignidade, sen dicir palabra, mais pasados uns instantes Elias escoitou como choraba alá lonxe. O seu pranto era desolador, desesperado e resoaba tristemente na soidade, e Elias sufriu unha voluptuosidade de ira contra si mesmo, un ímpeto violento de morder os puños até botar golfaróns de sangue. Aquel pranto era coma o eco da súa propia dor e acometeuno unha infinita desesperación: «Son un animal, estou perdido. Mais acaso os demais son distintos? Todos somos malvados, coa diferenza de que os outros non teñen escrúpulos e gozan, e eu sufro porque fun un necio, porque fixen o ben a quen non o merecía».

Tamén rexurdían con insistencia dende o máis fondo da súa alma as acordanzas *daquel lugar*, e coidaba que a dor sufrida coa condena non fora nada en parangón coa dor que

sentía agora. Ao mesmo tempo, a lembranza da dor pasada aumentaba a presente; detalles esquecidos retornaban á súa mente con acrimonia: o recordo das humillacións, dos vexames, das persecucións dos *verdugos*, como lles chamaba aos gardas do cárcere, facían que arrubiasse de ira. Ah, se tivese algún deles diante naqueles momentos, na *tanca* solitaria... ! «Eснаquizaríao», pensaba, rinchando os dentes, «e despois lambería o sangue do coitelo». En definitiva, parecía que unha feroz besta se axitase no interior daquel mozo pálido, de natural tranquilo, a quen decote se vía sentado no limiar da choupana, coas pernas abertas, cos cúbados nos xeonllos, enfrascado na lectura de libros sagrados.

Entre tanto chegara o frío, a inmensa tristura do inverno na soidade, e a imbele constitución de Elias resentíase profundamente. Os longos días de chuvia, de neve e de canseira –xa que é no inverno cando o pastor sardo, cuxos rabaños e el mesmo viven á intemperie, traballa seguido e sofre máis–, a incomodidade da cabana sempre chea de fume e de vento, a loita contra os elementos, acabaron por esgotar as forzas físicas e morais de Elias.

Naquel tempo, durante certas nevaradas que provocaban a morte das ovellas aterecidas, no mozo retornou a idea de facerse cura. Mais, que distinta de antes! Na amarga loita contra os elementos e contra si mesmo, desesperábase máis ca nunca, sentía un irrefreable desexo de levar unha vida cómoda, unha necesidade de tregua, e cría que a súa única salvación era cambiar de estado.

E asemade unha maléfica fascinación atraíao decontino á vila, a aquela casa quentiña onde Maddalena traballaba ao pé do lume. Unha paz relativa reinaba agora entre os esposos. Polo menos Maddalena facía por ser prudente e só por veces se oía a voz aviñada de Pietro. Mais fose ela feliz ou non, Elias xa non era capaz de coutarse. A mala

semente xermolara; día tras día o vaso ateigárase e cunha pinga máis estaría a piques de rebordar. Elias abandonábase en segredo e por enteiro á súa paixón. Pensaba: «Nunca o saberá ninguén, e menos ela; pero vela, mirala, quen mo empece? Que mal fago? Non teño máis alegría ca esa. E logo non teño dereito a unha miga de alegría?». De aí que a visitase seguido e a ollase e que instintivamente desexase que ela se apercibise, e ela ben que se apercibía e inconscientemente correspondía ás súas olladas. E cando as súas miradas se cruzaban, un arrepío, unha suspensión da vida, unha vertixe de triste pracer facían que se sentise morrer.

Estaban a piques de perderse: só faltaba a ocasión. Contra a fin do inverno, a Elias atacouno un verdadeiro delirio de amor; xa non razoaba e entre atroces sufrimentos sentía unha triste felicidade ao sentirse correspondido por Maddalena. Todo o que antes lle parecía pecado e dor, agora consideráboo dereito, alegría; todo o que antes lle provocaba horror, agora atraíao vertixinosamente.

O último día do entroido, Pietro, Maddalena, el e mais outras dúas mozas acordaron disfrazarse. Os esposos amigaran e mesmo Pietro estaba moi contento. A tía Annedda opúxose timidamente ao plan daquela mascarada, mais non lle fixeron caso. Co seu sinxelo bo senso, a pequena vella desaprobaba as mascaradas, os bailes, as perversións carnavalescas, e fixo que Maddalena lle prometese que non bailaríaa, cando menos con máscaras descoñecidas, e especialmente os bailes profanos, os que permitían as parellas apertarse e tocarse.

Maddalena e mais as amigas vestían de gatas. Levaban dúas saias escuras, unha atada ao van e a outra ao pescozo, e un chal envurullado na cabeza. Os homes ían disfrazados de turcos, con longas túnicas brancas apertadas á altura dos xeonllos e corpiños femininos de brocado

en vivas cores postos do revés, atados detrás e coa parte do lombo no peito.

Sáiron nun momento en que a calella estaba deserta e baixaron polas rúas onde Nuoro adquire o aspecto dunha pequena cidade. As mulleres comportábanse de maneira temesiña, tentando cambiar o paso, temerosas de ser recoñecidas, sufocando baixo a carauta de cera as súas risas de ledicia pueril. E os homes camiñaban xuntos diante, como para abrirlle camiño á compañía. De cando en vez, Pietro emitía un aturuxo salvaxe, gutural, estricando o pescozo coma un galo. Elias recordaba entón os brados de alegría dos cabaleiros camiño de San Francisco nunha pura mañá de maio. O corazón latexáballe, pois dende o primeiro momento el, que sabía bailar un pouco aqueles bailes profanos porque os aprendera *naquel lugar*, dixera para si: «Bailarei con Maddalena». Tanto lle tiñan a prohibición da tía Annedda e mais a promesa de Maddalena; el eslumecía por bailar con ela e superaría calquera obstáculo para triunfar no seu intento.

Unha forza salvaxe e rebelde axitábase no seu interior. Así como durante un tempo conseguira coutarse e querer o ben alleo, agora sentía toda a ousadía do mal e devecía por apagar os seus peores instintos. Sentía o rostro ardente debaixo da carauta e aquel traxe estreito molestáballe e dáballe moita calor. Amais, o día era morno, velado e na suave brisa sentíase xa a promesa da primavera.

As rúas estaban cheas de xente: máscaras barrocas e vulgares andaban de cacho para testo, entre unha nube rumorosa de pillabáns sucios que urraban improprios e palabras indecentes. Pasaban máscaras soas, vestidas de vivas cores, seguidas da mirada indagadora e burleira dos traballadores e dos burgueses; pasaban señoras, cativas, criadas con corpiños encarnados. Grupos de paisanos borrachos apertábanse nalgúns treitos do paseo, e músicas

melancólicas de guitarra e acordeón xurdían e vibraban naquel aire tépedo e velado, que facía que os sons fosen tan nidios coma nun crepúsculo de outono.

Todo abundaba para atordar a alma de Elias, afeito á enorme soidade da *tanca*. En van cría coñecer o mundo e estar preparado para calquera cousa porque cruzara o mar e vira a triste multitude *daquel lugar*. Ah, agora abundaba aquel pequeno carnaval de Nuoro, aquela recovaxe diversa, aquela melancólica cuadrilla cun acordeón errante, para que a súa alma se perturbase naquel mundo que non era o de seu e para que as cousas lle semellasen distintas. Pensaba que toda aquela xente que camiñaba, falaba e ría era feliz, mesmo estaba borracha de felicidade, e tamén el se abandonaba sen escrúpulos á loucura dos seus desexos, a unha irresistible necesidade de ledicia e de pracer.

Agora Pietro e mais el camiñaban coas mulleres no medio, protexéndoas dos empurróns e das vilanías dos pillabáns. Maddalena ía no centro, pero cada pouco adiantábase e ollaba ora o seu home, ora a Elias, que correspondía sempre ás miradas daqueles ollos ardentes e amendoados baixo a carauta.

—Fagamos algo, paremos. Andar arriba e abaixo é unha parvada —díxolle Elias á compañeira que levaba ao seu lado.

—Como queiras —respondeu esta, e comunicoulle a Maddalena o desexo do mozo. Todos pararon.

—Que podemos facer? —preguntou Maddalena.

—Bailar. Veña, imos bailar alí.

—O teu irmán quere bailar —comentoulle Maddalena a Pietro.

—Non.

—Si —dixeron as mulleres.

—A miña nai non quere que bailemos.

—Bailemos o baile sardo.

E as tres mulleres saltaron con alegría, correndo cara ao sitio onde se bailaba ao compás do acordeón. Unha roda de xente composta por paisanos, pillabáns e traballadores, case todos con faces pálidas e xardescas, arrodeaba con actitude curiosa e insolente unhas parellas de máscaras que bailaban empuxándose e rindo.

Un home vestido de muller, co rostro encarnado e barbudo, coa carauta colocada pola parte de atrás do pescozo, tocaba dándose unha grave importancia, cos ollos fixos nas teclas do acordeón. O que soaba era unha polca que interpretaba con bastante mestría, pero triste, melancólica coma unha música de órgano de man.

As nosas máscaras irromperon na roda dos curiosos e penetraron no espazo onde se bailaba, mentres algunhas parellas paraban, alasando, cansas pero non fartas daquel pracer. Ninguén protestou contra os acabados de chegar, pola contra; de súpeto, un home vestido de cura, coa cara pintada de amarelo, invitou a bailar unha das nosas máscaras, que aceptou sen miramentos. Elias atopouse entón ao lado de Maddalena. Morría coa gana de bailar, pero agora, xusto no momento, non se atrevía por medo a Pietro.

—Toca o baile sardo —gritoulle este ao músico.

E o músico ergueu os ollos e fitou un momento a máscara turca, pero non cesou.

—Silencio! —gritaron as parellas que pasaban bailando diante de Pietro.

—Vale, silencio! —dixo el coma para si mesmo, moi humillado.

—Bailade tamén vós, veña! —dixo a máscara que bailaba co cura ao pasar diante das súas amigas.

—Bailemos, si, bailemos. Que facemos así? —suplicou solermeira a outra máscara, dirixíndose a Pietro.

El mirouna aos ollos, abriu os brazos e dixo:

—Ben, bailemos, xa que tes tanta gana, pero ten en conta que eu non sei bailar e se che piso os pés alá ti.

Colleuna entre os brazos e empezou a saltar e a xirar comicamente con ela. Por sorte, outro disfrazado, cun longo abrigo de pano cinguido cunha corda, veu librar a muller, rogándolle a Pietro que lla cedese. Este recuou, parou e viu que Elias e Maddalena bailaban xuntos.

—Mira para eses dous! Saben bailar! —dixo para si, de maneira afable—. Se os vise a tía Annedda, abofé que os correría a paus!

Elias e Maddalena bailaban ben, con graza, aínda que non facían moito caso do baile logo de caer case sen se decatar un nos brazos do outro, abouxados por unha embriaguez sen nome. Elias sentía como lle batía o corazón coa angustia, e Maddalena vía xirar vertixinosamente ao seu redor aquela roda de rostros pálidos, xardescos e insolentes.

«Gustaríame falarlle, pero que lle podó dicir?», pensaba Elias, cinguindo nunha aperta desesperada o seu busto, baixo a saia escura que lle baixaba dende o pescozo. Procuraba en baluto, con angustia, unha palabra, unha soa palabra que dicirlle. Só sentía un tolo ímpeto de erguela entre os seus brazos, de romper aquela roda de necios curiosos, de fuxir lonxe, á soidade, urrando toda a súa dor e a súa paixón. Mais Pietro estaba alí, quieto, terrible coma unha esfinxe debaixo da súa carauta, que ría cun riso grotesco, e Elias, dende había un tempo, tiña un estraño medo do seu irmán. Sabía algo, Pietro? Adiviñá-bao? Era posible que fose tan estúpido como para non ler nos ollos do irmán a cruel paixón que o devoraba? «E que me importa?», pensaba Elias despois de facer con terror aquelas preguntas. «Que o vexa e que me mate; faramé un favor». E non sentía rancor ningún por Pietro; só tiña

medo e agora tamén unha estraña e pueril compaixón polo irmán. «El é máis desgraciado ca min porque ama a súa muller e ela non o ama», pensaba. «Pietro, irmán, que erro cometemos!»

Mentres bailaba, arrastrado polo pulo dos seus desexos tolos, cavilaba confusamente en todo isto e sentía paixón, piedade, medo, dor e pracer asemade. O son do acordeón, o balbordo do xentío, aquela fantasmagoría de rostros e de cores, o movemento, a carauta, o contacto con Maddalena abouxábano e acendíanlle o sangue. Chegou un momento no que xa non vía, inclinouse arfando e díxolle algo a Maddalena que ela non entendeu, pero que fixo que erguese os ollos cara aos del. El fitouna longamente, desesperadamente, e dende aquel momento só tivo un único pensamento fixo, devorador.

O baile cesou. A roda de curiosos desfíxose e as nosas máscaras volveron vagar polas rúas entre o xentío. Despois caeu a noite, pálida e velada, e seguindo coma en soños os acompañantes, Elías atopouse no carreiro, diante da casa silenciosa, fronte á sebe inmóbil no crepúsculo. O gato, quieto na fiestra, cos ollos cravados ao lonxe, semellaba sumido na contemplación das montañas agrisadas e violáceas que pechaban o horizonte. O lume ardía no lar.

A tía Annedda agardaba sentada no patio, coas mans enlazadas debaixo do mandil. Rezaba para conxurar a tentación que podía andar á espreita dos seus fillos disfrazados, pois para ela a carauta era un símbolo do demo, e sufriu un lixeiro sobresalto cando todos chegaron. Se cadra, un maligno espírito interno borboriñáballe que as súas pregarías eran en balde, que o demo vencería, que coa chegada dos seus fillos disfrazados o pecado mortal entraba naquela casa até entón pura.

—Divertístedesvos? Xa era hora de que tornásedes!  
—dixo lamentándose.



—Tardamos —confirmou Maddalena—, pero sen pensar. Vinde, vinde, que eu morro coa calor.

E precedeu as amigas pola escaleira de fóra en tanto Elias quitaba a carauta e Pietro, que xa a quitara antes de entrar, corría ao cántaro da auga e, erguéndoo, bebía con avidez.

—Que sede traes! —dixo a tía Annedda.

—Sede e fame, madre. Déame de comer, que despois marcho ao *seranu*<sup>12</sup>.

E andou cara á mesa apegada á parede, encol da que estaba a cesta do pan e os restos da comida. Aquel día os Portolu gozaran dun abondoso xantar: fabas fervidas con touciño e *cattas*, unha especie de chulas de pasta fermentada, con ovo, leite e augardente.

—Ti estás tolo! —dixo a tía Annedda—. San Francisco che axude! Que tes pensado facer? Cearás connosco e logo iraste deitar. Esta non é noite de saír. Vai e quita esa roupa.

—Pero que di, madre! O entroido é unha soa vez no ano! Irei ao baile e o meu irmán Elias virá comigo. Hai anos que non imos xuntos!

A cara de Elias, completamente encarnado e moi guapo co seu disfrace feminino, escureceuse. Causábanlle dor as palabras do irmán? Ou é que se avergoñaba polo relouco que espertaba nel o plan de Pietro de querer pasar a noite fóra?

—Engánaste se cres que eu vou ir ao baile —dixo, e despois esforzouse e engadiu—: e mellor sería que ti tampouco non foses.

—Estás oíndo, Pietro?

—Non, eu vou. Ceo e marcho. E ti tamén virás, Elias, xa verás como nos divertimos. Ven e cea.

—Non, non, voume espir.

---

<sup>12</sup>N. da A. Baile popular de entroido.

—Déame viño, madre. Ah, se soubese que ben o pasamos! Bai... non, non bailamos, non o crea aínda que llo digan! —exclamou Pietro comendo a papos cheos—. Eh, temos que gozar da mocidade. Que mal ten iso? Eu non sei bailar, pero divírtome igual. Ah, e como se divertiron as mulleres! E aquel cura! E aquel abrigo? Ha! Ha! —dicía rindo, coma se estivese el só.

—Polo menos ten coidado de non manchar o corpiño, que San Francisco che axude! Queres queixo? Ah, rapaces, róldavos a tentación, mais logo vén a coresma. Polo menos iredes confesarvos, non si?

Elias arreguizouse. Dende uns segundos antes estaba parado na porta, indeciso, coma atento a unha voz distante.

«E se ceases con Pietro e saíses con el?», dicíalle aquela voz. «Oíches a túa nai? Iraste confesar?».

Mais non podía, non podía prestar oídos a aquela voz. Ah, a tentación dominábao, estrullábao, era mil veces máis forte ca el. Era inútil combatela porque xa vencera, dende había moito tempo. Foi quitar a roupa e logo sentou no patio, no sitio onde antes estaba a súa nai, e acomezteuno un só desexo: que Pietro marchase; e un só medo: que Pietro quedase na casa. Pero Pietro, pouco despois de que marchasen as amigas de Maddalena, saíu ao patio e díxolle ao irmán:

—E logo non vés?

—Non.

—Es parvo. Eu voume divertir. Abrirasme o portón?

Elias non respondeu. Ensumido nos seus pensamentos, cos cóbados sobre os xeonllos e a cabeza encovada entre as mans, tremía por dentro de dor e de pracer e xa non ousaba mirar para o irmán. E Pietro marchou.

—Ven cear —dixo asomándose á porta a tía Annedda, por dúas veces.

—Non teño gana, síntome mal —respondeu Elias; e quedou longo tempo inmóbil, na mesma postura, inclinado e coa cabeza entre as mans.

Dentro oía a Maddalena charlar alegremente, como nunca a oíra, con voz cambiada. Contáballe á tía Annedda todos os detalles da mascarada, e ría, e debía de ter os ollos escintilantes, o rostro acendido, a alma ebria. As dúas mulleres non tardaron en retirarse, e todo foi silencio ao redor de Elias. O lume seguía ardendo no lar; unha quietude temerosa estendíase no aire, no patio tranquilo, na noite velada.

Ergueuse. Doíalle o lombo, batíalle o corazón, o sangue circulaba lixeiro polas súas costas, pola caluga, saltándolle á cabeza, escurecendo os seus pensamentos. Neste estado de inconsciencia subiu a escaleira sen facer ruído e petou cun levisimo golpe na porta de Maddalena. Ela aínda estaba esperta porque contestou decontado:

—Quen é?

—Abre —dixo el con voz queda—, son eu. Teño que dicirche unha cousa.

—Agarda —respondeu ela sen se inquietar.

E axiña abriu.

—Que queres? Sénteste moi mal, Elias? Que tes?

Tras dicir isto mirouno e palideceu. Talvez abrira inocentemente, pero agora, ao ollalo co rostro tan esbrancuxado e cos ollos coma un tolo, entendeuno todo e turbouse.

El entrou e pechou a porta. E ela, que ben podería gritar e salvarse, calou e non se moveu.

## VII

Pietro volveu de madrugada, borracho coma unha cuba. Elias abriulle o portón e retirouse, pero antes de que amencese xa estaba no patio, e apenas alboreceu saíu para o ovil.

Era unha alba triste, cincenta pero non fría. O ceo estaba cuberto por unha soa nube brumosa, inmóbil, que pesaba coma unha bóveda de pedra gris sobre as paisaxes mortas. Elias cabalgaba só, perdido naquel silencio de morte. Non se oía unha voz, non se movía unha póla. Os regatos, ao longo da beira das corredeiras, discorrían verdes, fríos, silandeiros. Elias tiña o rostro da mesma cor ca aquel ceo lívido e os ollos con olleiras, verdes, fríos e tristes coma a auga dos regatos.

Tiña a sensación de espertar dun soño divino e asemade monstruoso, e un monstro de felicidade e de angustia furgáballe no corazón. Mais a felicidade, se podía chamarse así, non ía separada daquela sensación de angustia, e noutros momentos, os máis, nos que a dor polo delito cometido predominaba, nada servía para suavizala. A parte boa e crente da alma de Elias espertaba de novo de golpe naquela alba coresmal triste e ameazante, e perdíase e espantábase ante a realidade do feito consumado.

«Non foi certo, foi un soño», cismaba, apertando as bridas cos dedos entalados polo terror. «Un soño. Cantas veces non soñei na ribeira do Isalle e na *tanca*? Pero, non,

non, non! De que queres convencerte, Elias Portolu? Miserable! Estás tolo, es o máis vil, o máis abxecto dos homes».

Mentres eslatrifaba contra si mesmo, recuperaba o recordo da escena, e todos os seus membros se estremecían de pracer e o seu rostro acougaba; logo viraba máis inquieto ca antes, unha onda de vergoña e de remorso penetraba en cada unha das súas veas, e de novo o terror e os tolos degoiros de golpearse, de losquearse, de morder os puños, asaltábano coma cans doentes. Daquela retornaban as aldraxes: «Es vil, miserable e tolo, Elias Portolu, carne de presidio. Que podían esperar de ti a túa nai, o teu pai, os teus irmáns? Lixaches a túa propia casa, traizoaches o teu irmán, a túa nai, a ti mesmo. Caín, Xudas, infame, brégolas, ransoño! Que vas facer agora, que outra cousa che queda se non darte coa machada?» Con todo, volvía lembrar o acontecido e sentía que agora amaba a Maddalena até a morte e que na primeira ocasión que se presentase recaería. E con estes pensamentos arrepiñábaselle o cabelo co horror.

Así transcorreu a viaxe. Cando chegou á pasaxe da *tanca* ergueu devagar os ollos e contemplou como absorto a paisaxe que se estendía diante del, silenciosa e verde, cun triste verdor invernal. As rochas, a liña do bosque, grave e inmóbil baixo o ceo gris, todo lle pareceu distinto, coma se lle demostrase o seu asañoamento. «Que fixen? Que fixen? Como vou soportar a mirada do meu pai?» Emporiso soportouna, alén de ter que escoitar os discursos do tío Portolu, que o ferían cruelmente.

—Que, divertícheste, cordeiro? Si, ho, nótaseche na cara. Vés da cor do lévedo. Seguro que te disfrazaches e que bailaches e que trasnoitaches e te divertiches. Léochos nos ollos, meu fillo. E o teu pai aquí, traballando, e coas orellas alerta contra os malfeitores mentres ti te divertías. Ben, non penses que che teño envexa. Estás no tempo, que o

meu xa pasou e agora xa estamos na coresma. E que tal a tía Annedda? Ah, mandoume fogazas e chulas, nunca se esquece deste vello pegureiro. E Madelenedda que tal? Divertiuse? Deixemos que se divirta, a pequena pomba; é unha santiña, coma a miña Annedda. Imítalle ben, máis ca os seus fillos.

«Se el soubese!», pensaba Elias estremecéndose. Cada palabra do pai esgazáballe o corazón. En tanto, semelláballe que non podería abandonarse aos seus pensamentos en presenza do tío Portolu, e non ben puido procurou a soidade e, sen confesalo, desexou atoparse con tío Martinu. Pero o vello non estaba. Cando cruzou a *tanca*, Elias só topou ao seu irmán Mattia, que erraba tranquilo e taciturno, armado cunha longa pértega. Ninguén máis. Baixo aquel gran ceo morto, na inmovilidade de cada cousa, as *tancas* parecían cada vez máis desertas e ilimitadas.

Elias volvía o pensamento á mascarada, ao balbordo, ás cores do xentío, ao baile con Maddalena, e cada pequena lembranza facía que se estremecese. Ah, todos os que vira eran felices e só el estaba condenado a vagar en soidade e a felicidade mudaba para el en tormento. Comezou de novo a rebelarse: xa que dera o primeiro paso, xa que a súa alma estaba perdida inexorablemente, por que non seguir gozando?

«Son un idiota», pensaba. «Maddalena non pode vivir sen min, díxomo, e eu xureille que serei sempre seu. Por que a vou facer infeliz? Non faremos máis mal sobre a terra, viviremos sempre como marido e muller e Pietro nunca sufrirá pola nosa culpa». E o seu rostro acougaba co soño de tanta felicidade, pero, de socate, nun alustro, sentía o horror que agochaba tal soño e naquel intre quere-ría rodar pola terra, levantar as rochas, urrar ao ceo o seu pecado, bater a cabeza contras as pedras para esquecer, para arrincar da súa mente os desexos e os recordos.

Ao caer a tarde sentiuse vencido por unha tristura e por un langor invencible. Comezou a ollar o horizonte, cara a Nuoro, co desexo de tornar, de ver a Maddalena, de vela polo menos de lonxe, e de apertarlle aínda que só fose a man, de reclinar a cabeza no seu colo e de chorar coma un neno. «Teño que ir, teño que ir», murmuraba, igual ca a noite na que a febre o tombara debaixo dunha árbore. «Teño que ir, teño que ir».

E houbo un momento no que se puxo en marcha, pero logo do primeiro paso lembrou que o empurraba non só o desexo de ver de lonxe a Maddalena, senón o pecado mortal, o demo, o monstro da recaída. «Onde vas, Elias Portolu? Seica non es un home?» E non foi, mais sentiu medo de si mesmo e da súa debilidade e entroulle o pensamento de tirarse aos pés do seu pai, de confesarllo todo e de rogarlle: «Áteme, padre, encérreme entre dúas rochas. Non me deixe partir, non me deixe só, axúdeme a combater o demo».

«Pobre de min, se lle digo isto, hame matar!», pensou despois; «E terá razón se me esmaga co pé como a un sapo».

Durante algúns días loitou contra si mesmo deste xeito. Vencida a primeira tarde, resultoulle menos terrible resistir as seguintes xornadas e non regresou a Nuoro. Pero as forzas abandonábano e unha tristura mortal non lle concedía descanso nin de día nin de noite, e sentía que se volvía á vila e vía a Maddalena, non resistiría a tentación.

Acudiu outra vez na busca de tío Martinu. Cruzou a *tanca*, saltou o muro e internouse no bosque. Ía unha noite de clarísimo luar; o vento zoaba nas copas das árbores, suscitando unha axitación sonora e continua. Pero no interior do bosque, baixo as sobreiras, non se movía nin unha folla. A luzada da lúa coábase entre as pólas, límpida, tranquila; nos fondos de prata outros contornos do bosque

aparecían negros coma montañas. Semellaba un bosque dun conto de fadas.

Elias camiñaba. Os seus penetrantes ollos distinguían os cavorcos do terreo, os troncos na sombra, cada pequena matogueira. Dexergou a luz na cabana do tío Martinu, e deseguido, malia a tristeza que o empurraba, sentiuse aliviado. Por fin podería confiarlle a alguén o horrible segredo que lle esmagaba o corazón e pedir axuda e consello. Mais, cando chegou á cabana e saudou o tío Martinu, mergullouse de novo na desesperación. Que podía facerlle aquel vello? Que dicirle? O feito, feito estaba, e aínda que caese o mundo xa non tiña remedio. E o que tiña que suceder, sucedería igual, calquera que fose o consello do ancián.

Lembrou cantas veces lle dera o tío Martinu bos consellos e o moito que o aliviaran, pero endexamais puidera seguielos. Pensando nisto, deixouse caer ao pé do lume, cunha expresión de dor tan visible na face que o ancián axiña o adiviñou todo.

—Onde estaba? —dixo Elias—. Vin onda vostede moitas veces.

—Para que me buscabas, Elias Portolu?

—Hai tempo que non o vía.

—E agora onde vas, así, de noite?

—Onda vostede, tío Martinu.

—Estiveches na vila?

—Despois do último día do entroido, non.

—Buscáchesme despois?

—Busquei, si —dixo Elias, e logo sentiu que o tío Martinu o sabía todo e ruborizouse.

—Estás esbrancuxado —dixo o tío Martinu fitándoo—, levas na cara o sinal do pecado mortal. Para que me buscas se xa non tes necesidade de consello?

Coma as outras veces, Elias regalou os ollos, espantado e perdido, e encontrou a mirada de xabariño do vello,



salvaxe e doce a un tempo. O tío Martinu sentiu amolentar o seu corazón de pedra. Cría que Elias Portolu, aquel mozo lanzal e feble coma unha muller, na hora da tempestade se refuxiaba nel coma o ñagoto debaixo da sobreira. «Para que reprocharlle nada?», pensou; «Sofre, ben se ve, ruborízase; bater nel é como tronzar canas cunha machada». Aínda así, preguntou con voz ruda:

—Para que viñeches, Elias Portolu? Que queres que che diga? Se seguises o meu primeiro consello!

—Palabras! Palabras! —soltou Elias con auténtica desesperación—. Como sabemos que o meu irmán non me mataría de seguir o seu primeiro consello? E, a pesar de todo, non o ofendería como o ofendín agora, e agora non me tocará un pelo. Así son as cousas do mundo, tío Martinu! A sorte e o demo andan á espreita.

—Daquela, para que viñeches?

—Pois vin —proseguiu Elias, cada vez máis desesperado e irritado— para volverlle pedir consello e estou certo de que será bo; e vin para pedirlle axuda e estou certo de que vostede, para impedirme que regrese a Nuoro até que a tentación non pare de atormentarme, sería capaz de atarme, de agocharme. Quen sabe se poderei seguir o seu consello? Quen sabe se mentres me ata, non tentarei morderlle as mans e escapar e ir facer o que quere o demo?

—O demo! O demo! —dixo o vello erguendo os ombros con desprezo—. Que tes ti co demo! Estou farto de oírte falar así! Quen é o demo? O demo somos nós.

—Vostede non cre no demo? E en Deus?

—Eu non creo en nada, Elias Portolu! Cando eu pedín un consello, seguino, e cando pedín axuda biquei a man de quen ma daba e non a mordín. Que a bicha te morda, Elias Portolu!

Elias sorriu tristemente.

—Era unha maneira de falar, tío Martinu.

—Pois tamén como unha maneira de falar, direiche que, para vires pedir consellos que logo non segues e para rogarme que te ate e despois morder a miña man, era inútil que te molestases, Elias Portolu. Ti cres no demo; daquela, agárrao polos cornos e átao, pero coida que non te morda.

O vello era burleiro e máis ca nas súas palabras no ton co que as dicía agromaba ese mordaz sarcasmo con que só os de Orune saben falar. Unha angustia infantil espallouse polo rostro de Elias.

—Tío Martinu —dixo suplicante—, niso consiste toda a súa sabedoría? En matar un desesperado?

—Ah, Elias Portolu, eu non son un sabio, mais sei que cadaquén leva os zapatos segundo teña os pés. Ti, que cres en Deus e no demo, viñeches pedirme consello a min, que só creo na forza do home. Enganácheste, e eu tamén me enganei dándoches consellos que non cadraban co teu carácter. Velaí até onde chega a miña sabedoría, Elias! Ah, o asno é máis sabio ca min! Se cadra, penso agora, en vez de serche útil causeiche dano. Debes ir onda un home de Deus e pedirlle consello. Sempre hai tempo. Isto é o que che digo.

Elias sentiu que o vello levaba razón e de súpeto lembrouse do Padre Porcheddu e da charla que tiveran unha noite de lúa coma aquela, nas alturas de San Francisco.

—De feito, coñezo un home de Deus —dixo—. Unha vez deume bos consellos e axudoume a ser forte contra a tentación. É un home alegre, que se divirte, pero no fondo é un home de conciencia. E listo! Tamén el, coma vostede, tío Martinu, adiviñou axiña o meu segredo, mentres que ningunha das persoas coas que estou acotío o adiviñou. Irei onda o Padre Porcheddu.

—É de Nuoro?

—Non, non é, pero vivir vive en Nuoro.

—Pois veña, vai, vai decontado.

—Teño medo, tío Martinu.

—De que tes medo, lebracho? —gritou o vello.

—De atoparme só con Maddalena —respondeu Elias coa mirada perdida.

—Ah, Elias Portolu, fasmе rir! Pero que sorte de animal es? Es unha lebre? Un gato? Unha galiña? Unha lagarta?

—Un home mortal!

—Daquela —gritou tío Martinu—, irei contigo, non te deixarei só. Como te convertiches nun prosma, e con tal de non verte máis diante, se ti queres, levareite deica o inferno.

Esta promesa fixo sorrir a Elias e logrou acalmalo. Por fin vía unha fenda de luz. Pensaba: «Si, confesareime, comungarei, salvarei a miña alma».

A dor e a paixón non o abandonaban un só instante e a idea de ter que renunciar a Maddalena para sempre, agora que era súa, producíalle un pesadume inefable, pero o primeiro paso fóra do camiño do pecado xa estaba dado e os demais parecían menos difíciles.

Á mañá seguinte, o tío Martinu foino buscar e ambos os dous camiñaron a pé cara a Nuoro. Ao longo da viaxe non intercambiaron nin vinte palabras. Durante a noite Elias fixera o seu exame de conciencia e agora, no camiño, ía repetindo os seus pecados e os seus bos propósitos, mais, consonte se achegaban á vila sentíase preso dunha angustia mortal.

—Tío Martinu, mire —dixo de súpeto—, se por min fose, non pasaríamos pola miña casa.

—Ah, que home este! —exclamou o vello, como falando para si—. Vaise confesar por medo a si mesmo, non por temor de Deus, e nunca saberá vencerse.

—Por favor, non vaimos á miña casa! —dixo Elias, case con rabia.

Por sorte, Maddalena non estaba. Con todo, sentiu o débil que era porque se contristou por non vela e non se atreveu a preguntar onde andaba. Logo o vello e mais el foron onda o Padre Porcheddu e esperaron que retornase do coro. O crego era beneficiado cantor e non esperaba converterse en cóengo; non obstante, vivía comodamente, atendido con amor pola súa vella irmá Anna nunha casiña amoblada ao uso da aldea natal, con altos leitos de madeira con baldaquino, tullas de madeira negra e cadeiras co asento de palla.

Da aldea mandábanlle grandes provisións de viño, noces, cebolas, feixóns e froitos secos, e a vella Anna sabía preparar toda sorte de conservas e doces de mel, así como o café máis exquisito de Nuoro. Cando soubo que aquel mozo de mirada inquieta que buscaba o Padre Porcheddu era fillo de tía Annedda Portolu, acolleuno calorosamente; coñecía aquela santa velliña porque dunha vez lle sandara unha man enferma e sen querer aceptar recompensa ningunha.

—Polas ánimas, polas pequenas ánimas do purgatorio! —dicialles tía Annedda aos seus enfermos.

Finalmente chegou o Padre Porcheddu. Seguía a ser o mesmo, encarnado e alegre, e acolleu a Elias con exclamacións de alegría aínda que sen deixar en ningún momento de fitalo con malicia.

«Xa o adiviñou!», pensou o mozo, e palideceu coa vergoña e a angustia.

—Teño que falar con vostede... —bisbou.

—E este vello carballo? —preguntou o Padre Porcheddu, referíndose ao tío Martinu—. Vamos, vamos arriba. Annesa, trae café e algo máis, se hai.

—Eu xa marcho —dixo Martinu—. Espero por ti na túa casa, Elias Portolu. Bo día, señor cura. Encoméndolle este mozo.

Pero o Padre Porcheddu non permitiu que marchase até que a tía Annesa non lle servise unha copa de augardente e logo outra.

Despois, o tío Martinu tornou á dos Portolu e esperou sentado ao pé do lar. Cando chegou Elias, Maddalena aínda estaba ausente e el sentiuse contrariado, aínda que non tanto coma unha hora antes. Non. Gustaríalle tela diante para se demostrar a si mesmo e ao tío Martinu o forte que estaba agora; miraría para ela sen paixón nin desexo, con ollos puros e arrependidos.

De certo, algo novo, unha chama pura e audaz brillaba agora na súa mirada. Mais o seu rostro tiña unha palidez mortal e as mans non paraban de tremerlle. O tío Martinu fitouno detidamente, en silencio, e despois díxolle que tiñan que marchar deseguida. Elias venceu o desexo de poñer a proba a súa fortaleza volvendo ver a Maddalena e foise.

—Confeseime —díxolle ao vello non ben estiveron sós—, volverei dentro de dúas semanas para comungar e porque o Padre Porcheddu debe darme unha resposta.

—Que resposta?

—Voume facer cura —dixo Elias baixando a voz—. Ah, xa era hora! Ese é o meu camiño.

O vello non respondeu; parecía que a súa alma estaba de novo moi afastada da alma de Elias e que nada lle importaba das actuacións do mozo. Porén, Elias non se molestou; tamén a súa alma estaba agora moi distante da do vello e de todas as cousas do pasado!

Envolvíao unha especie de éxtase: todas as angustias, todas as inqedanzas, as vergoñas e as indecisións cesaran. Por diante vía un camiño completamente branco e achanzado coma o carreiro que estaban a percorrer, e un fondo nidio, sereno, similar ao horizonte azul escuro daquela pura mañá.

—O Padre Porcheddu está interesado. El encargárase de todo, e dentro de dúas ou tres semanas todo estará listo —dicía con voz turbada, falando máis para si que para o tío Martinu—. E vai saír ben, xa o verá. Teremos que pagar, pero o meu pai ten cartos e non lle importará axudarme.

—Está ben, está ben. Se ese é o teu camiño, cólleo dunha vez por todas —dixo tío Martinu.

Separáronse no ovil, e Elias nin sequera lle deu as grazas a aquel home que o guiara até a súa salvación, só lle dixo:

—Déixese ver, tío Martinu.

O vello non prometeu nada e non se deixou ver. Un mes despois Elias viuuno dende lonxe e evitouno.

«Oh, oh!», pensou tío Martinu cun sorriso malicioso nos seus ollíños de xabaryl. «E está a piques de se converter nun home de Deus! Pois abofé que empeza ben!».

Que lle pasaba a Elias? Decorrera un mes, a coresma acababa e o Padre Porcheddu aínda esperaba en balde. Os primeiros días despois da confesión, o mozo vivira entre o ceo e a terra: o pasado quedara no esquecemento e o futuro presentábase doce. Sentíase renacer coa mesma pureza e dozura coa que ao seu redor renacía a natureza naquel principio da primavera. Rezaba seguido e agardaba con certa ansia que pasasen aquelas dúas semanas. A súa faciana serenárase e os seus ollos tiñan unha expresión e unha transparencia infantil.

Mais quince días de espera eran demasiado. Ah, o Padre Porcheddu non debía de coñecer tan ben o corazón humano como presumía se verdadeiramente coidaba que a alegría da confesión duraba dúas semanas nun corazón turbado polas paixóns. O tempo pasaba, cubrindo cun veo a alegría de Elias. Chegou un día, na segunda semana, no que recaeu na tristeza; era coma a man dun monstro

invisible que o aferraba pola caluga e o empurraba cara a un abismo.

Ao día seguinte, Elias pensou en regresar á vila e en tirarse aos pés do Padre Porcheddu, pero e se antes ía visitar a Maddalena? Con esta pregunta, estremeceuse. Ah, era inútil, era inútil. Seguía amando a Maddalena e non podía esquecerla. No momento en que cría vencer e sepultar no seu corazón os sentimentos e o pasado, a paixón aferrábo máis tenazmente e envolvíao coma unha folla nun remuíño. E a man daquel monstro invisible que o oprimía na caluga continuaba a empurralo cara ao pecado. O seu rostro volveu ser lívido e os seus ollos sombríos.

Un día no que casualmente se atopaba preto do paso da *tanca*, caviloso e triste, viu unha cousa extraordinaria. Aquela mañá, coma de costume, Mattia fora a Nuoro. Debía retornar contra o mediodía e naquel intre o tépedo mediodía de marzo reinaba na *tanca*. Era unha doce hora de sol, de soños; non se sentían voces humanas, non se vía nin unha alma en toda a extensión da chaira. O morno vento sopraba ondeando a herba quente polo sol.

Foi entón cando, a lombos da egua apencada seguida do poldro, xa medrado, Elias viu chegar a Maddalena en vez de a Mattia. Era unha miraxe? Un soño da súa mente enferma? Maddalena nunca fora soa á mallada. Elias púxose pálido e perdeu a serenidade. Era ela, era ela: aqueles eran os seus ollos ardentes, que o fitaban dende lonxe cun poder magnético.

Nin sequera por un momento sentiu o desexo nin tivo forzas para escapar; só quedou sentado no muro. E Maddalena camiñou sen présa. Non ben superou a entrada, desmontou axilmente e achegouse a Elias. Tremía e mirábo cunha tola paixón. Ah, que expresión e que luz tiñan os seus ollos escuros, ardentes, entornados, vistos dende abaixo, como os vía Elias! Nunca os esquecerá e

naquel momento sentiu que aquela mirada facía nacer nel unha alegría, un só instante da cal valía por unha eternidade da que experimentara a semana pasada.

—E Mattia? —preguntou

—Quedou na vila; convencino para que me deixase vir. Pietro non está e a túa nai tampouco, que baixou á zarra para coller olivas e non tornará até que empardeza.

—Maddalena, hasnos perder! Por que viñeches?

Ela inclinouse sobre el, delirante.

—E ti, por que non volves? Por que non volves, Elias? Elias! Elias! Elias! —continuou a xemer sobre o seu rostro, agarrándolle as mans con crecente delirio—. Non ves que estou morrendo? Xa que ti non viñas, vin eu!

E cubriulle a cara de bicos. El xa non viu máis e saltou co mesmo delirio ca ela, e de novo caeron na tentación.

Durante toda a coesma o Padre Porcheddu esperou a Elias en van. Preguntou por el e soubo que o mozo regresaba decote á vila, e daquela sospeitou.

«Volveu caer!», pensou. «E eu fixen o ridículo con monseñor, agora que me saíran ben os trámites para que ese mozo entrase no seminario. Cura! Cura! Outra cousa é o que quere ser! Cómpre reparar esta situación, porque doutro xeito nesa casa pode suceder unha traxedia!»

Por iso decidiu ir en persoa na procura de Elias até que o atopou.

—Espereite —díxolle, mirándoo en fite.

Mais os ollos de Elias, fríos e malvados, refugaron a mirada do home de Deus. O seu rostro estaba chuchado, murcho pola paixón e o pecado.

—Non puiden.

—Por que non puideches?

—Penseino mellor; son indigno de comungar e aínda non tomei a decisión. Aínda teño tempo para facelo, Padre Porcheddu.



—Tes tempo, Elias? Pero que dis? Ai de quen espera a mañá! Volviches caer no pecado, arrástrate o demo.

—Non, non estou en pecado! Que está a falar? —dixo Elias con indiferenza.

O Padre Porcheddu asustouse; preferiría que Elias confesase o seu pecado, mesmo rebelándose ou blasfemando, pero aquela frialdade, aquel disimulo eran o máximo da perdición.

—Elias, Elias! —dixo con voz turbada—. Ten conta de onde vas, volve en ti... Ai de quen sementa na carne porque recollerá corrupción, e bendito o que sementa no espírito porque recollerá a vida eterna...

Elias negou coa cabeza varias veces.

—Eu non entendo desas cousas, só as entenden os sacerdotes. Ademais non estou en pecado; non lle fago mal a ninguén. Quíteo da cabeza, Padre Porcheddu.

—Ti non entendes destas cousas, Elias, mais ben podes prever as consecuencias do teu pecado. Pensa, pensa; se un día se chega a saber, que horror, que traxedia! Pensa na túa nai e no teu pai! Pensa que o pecado non pode permanecer moito tempo agochado, porque onde hai lume hai fume.

—Non estou en pecado —repetía o outro con obstinada frialdade—. Non pode pasar nada cando non hai nada.

E de aí non se movía. O Padre Porcheddu deixou-no, sen esperanza de podelo salvar. Non obstante, Elias quedou profundamente impresionado tras esta charla. A súa era unha horrible felicidade, amarga polo remorso, polo medo, polo horror do pecado! Todas as cousas que o Padre Porcheddu lle dixera, pensáraas e repetíraas seguido, pero non podía ou non tentaba dominarse. Despois do pracer sentía o afluxamento da dor, do remorso e do desgusto, mais volvía procurar a súa culpable felicidade para evitar aquela dor, aquel remorso. Amais, nos

momentos máis tristes da súa desesperación comezaba a sentir desgusto e desprezo por Maddalena.

«Ela é a tentación», dixo para si tras a conversa co Padre Porcheddu. «Ela foi a que me perdeu. Por que veu? Por que me tentou? Seica esta muller non pensa en Deus nin na vida eterna?».

A seguir, arrepeníase daquel desprezo; lembraba canto o amaba Maddalena e sentíase arrastrado cara a ela por unha tenrura aínda máis fonda, por un amor aínda máis apaixonado. Pero as palabras do Padre Porcheddu prenderan ben nel: o remorso e a dor foron entón máis intensos no corazón de Elias, e comezou de novo a pensar que debía buscar a paz lonxe de Maddalena.

—Un día seremos vellos —díxolle unha vez—, e daquela que faremos? Perdoaranos Deus?

—Non falemos desas cousas! —dixo ela con desprezo—. Oh, mira que se te meteses a cura, como dicías na festa de San Francisco! —e atacou a rir.

El sobresaltouse e non respondeu, mais o seu desgusto e a súa irritación contra Maddalena medraron. Se ela lle respondese ao xeito, amosando esperanza na misericordia do Señor, el conmovérase e amaríaa máis, pero as súas burlas e o seu desprezo convertérona en odiosa nun momento. Dende aquela tarde comezaron a ter pequenas disputas, ora por isto, ora por aquilo. Cando se separaban, Elias arrepeníase das súas palabras, pero cando volvía ver a Maddalena, empezaba outra vez.

—Mira, Elias —díxolle ela por fin—, estás enfadado e maltrátasme sen razón, e eu tamén, baixo o ferro candente das túas palabras, non sei ben o que digo. Acabaremos por non entendernos e asemade non podemos vivir o un sen o outro. O mellor vai ser que non nos vexamos durante unha tempada, paréceche? Coido que debemos deixalo durante un tempo...

—Non, é mellor que nos vexamos con máis frecuencia, discutir até que nos odiemos e separarnos para sempre.

—Elias! —dixo ela palidecendo—. Por que falas así? Por que debemos odiarnos e separarnos para sempre?

—Porque estamos en pecado mortal.

Ela púxose mortalmente triste.

—Seica non o sabías antes, Elias Portolu? Agora xa é tarde!

—E logo por que?

—Porque vou ter un fillo teu...

Aínda que mudou de cor e o invadiu un remuíño de diversos afectos, Elias cubriu a Maddalena de bicos, díxolle atoladas palabras, pediulle perdón, prometeulle todo o que ela quixese.

Separáronse, decididos a non se volver ver intimamente até o nacemento do neno, e Elias, perdidamente namorado, sentíase feliz por fin, como non o fora en moito tempo.

## VIII

Chegara o outono. O ceo estaba cada vez máis acunchado e o aire máis fresco e as intensas chuvias purificaran a terra e o ambiente. Elias tamén tiña a sensación de estar a mergullarse nun rito de purificación; tamén el volveu ser puro, os seus pensamentos aclaráronse e mesmo pasou uns días felices.

Naquelas xornadas serenas ficaba durante horas tendido barriga arriba debaixo dunha árbore, admirando o ceo azul a través da enramada, escoitando a voz distante do bosque, o curso do torrente, o reclamo dos paxaros. E sempre pensaba en Maddalena, mais dunha maneira distinta á de antes: agora amábaa castamente, como nos primeiros días que a coñecera, ou mellor, como un esposo que pensa na nai do seu fillo. E tamén tiña ben presente este fillo. «Será un home», imaxinaba. «Cando medre, virá para aquí connosco, comigo; tereino sempre canda min, fareime querer moito, moito».

E sentíase moi feliz, aínda que non tardaba en azoralo a presenza dunha sombra: «E se Pietro o quere ter con el? El crerá que é fillo seu, levarao canda el, quererá que sexa labrego, farase amar como pai». E a seguir cismaba: «Non, non! Direille: déixame o neno; eu non casarei nunca e herdará todo o meu haber. Farei que estude, fareino meu. Pietro accederá e o meu neno quererame». Eito a eito, a idea do cativo foino abranguendo todo; xa mesmo

imaxinaba atolados plans e deu en pensar máis nel ca na propia Maddalena.

Un día Mattia chegou ao ovil con moita présa e con ledas novidades.

—Padre, irmán, Maddalena vai ter un fillo. Madre rezoulle a Santa Anna e o neno será un home —anunciou sorrindo moi contento, coma se o pai fose el.

Ao tío Portolu pouco lle faltou para chorar de alegría e empezou a bendicir a San Francisco, a Nosa Señora de Valverde, a Nosa Señora dos Remedios e a unha chea de santos.

—Ah, a nosa pomba! Xa dicía eu que non podíamos ter a mala sorte de que fose estéril. Ah, un pequeno Portolu, un novo pombo... Cando o veremos? —preguntaba a cada pouco.

—Eh! —dixo Mattia rindo—. O que vostede quereda é que nacesse axiña e que estivese aquí para guiar as ovellas!

Elias notaba como o seu corazón batía con forza, e pensaba con gran dor: «Se eles soubesen!». Porén, no seu interior estaba contento e, cousa estraña, case ditoso por lles causar aquela felicidade aos seus. E igual ca ao tío Portolu xa lle tardaba que nacesse o neno.

Entrementres os días ían pasando. Chegou o frío e tamén a brétema e a neve, que prometían un duro inverno. Elias, que era moi friorento, empezou a sentirse outra vez a desgusto na mallada. Coma o ano anterior, degoiraba a dozura do fogar, a vida abrigada e cómoda. «Oh, que dozura!», pensaba, «pasar as longas tardes á beira do lume, a carón de Maddalena!». Mais agora non a soñaba coma o ano pasado, con paixón axitada; non, víaa ao pé dun berce e sentía un arrollo nostálxico que lle lembraba os da súa infancia. Desta maneira, sen que soubese explicar o motivo, o ritmo do seu corazón relaxábase día tras día. Unha forza misteriosa, que non era nin remorso, nin terror,

nin desgusto, nin canseira, nin medo actuaba paseniño no seu interior. Na distancia, nos fríos días do ovil, desexaba aínda atoparse a carón de Maddalena, mais cando a volvía ver xa non experimentaba a terrible felicidade do pasado ano. E matinaba: «Talvez sexa porque está en estado; pero logo de que naza o neno, volverei amala coma antes».

Un día, tía Annedda faloulle así a Arrita Scada, en presenza de Elias:

—Elias di que nunca casará e a Mattia non mo queren porque é algo simple, así que Maddalena terá que darnos moitos netos, non si, Arrita Scada? Se non, quen encherá a casa cando nós morramos?

Elias desgustouse moito e encolléuselle o corazón ao pensar que aqueles fillos podían ser seus; oh, non, abundaba con un! «Nunca! Nunca!», gritou para si.

A principios da coresma acudiu onda o Padre Porcheddu e confesouse. Non amosaba o arrepentimento nin a dor e o fervor do ano anterior, pero aseguraba estar firmemente decidido a non caer máis en pecado mortal. Semellaba outro. O Padre Porcheddu decatouse de que a ardencia da paixón se apagara, mais fitouno caviloso e negou coa cabeza.

—Así pensas arestora —dixo—, pero, verás como se non te salvas de inmediato, haste perder de novo. Aproveita este momento de graza.

—Que quere dicir, Padre Porcheddu?

—Non lembras o que tiñas pensado facer o ano pasado? Eu levei a cabo os trámites necesarios e semellaba que todo ía saír ben...

—Ah, xa sei o que quere dicir —murmurou Elias, baixando a mirada coma un rapaz—. Pero agora...

—Agora, que... ? Que quere dicir iso? Non o pensaches?

—Si, penseino moito, pero se cadra é tarde de máis e non son digno...

—Nunca é tarde para a misericordia de Deus, Elias Portolu. Pénsao ben se queres salvarte.

A Elias, pensativo e morriñento, veulle ao maxín unha acordanza: a tarde gris e silenciosa na *tanca* na compañía da tesa figura de tío Martinu, e as palabras que lle dirixira o ancián retornaron á súa cabeza.

—Padre Porcheddu —dixo—, e se despois, cando sexa cura, a tentación aínda me atormenta? Non sería peor?

—Non, Elias Portolu, agora xa te coñezo. Ti vencerás a tentación ou, mellor dito, a tentación non te molestará máis. Porque para ti, a tentación é esa muller, e ela, cando vexa que es sacerdote, xa non te tentará.

—Quen sabe! —dixo Elias con tristura.

—Ademais, enviarante a un lugar remoto e, se ti queres, xa non a verás endexamais.

—Si, despois, pero mentres... !

—Mentres? Non temas por iso; irás ao seminario e eu encargareime de que estudes. Non poderás ir á túa casa máis que a certas horas, de día, e, se así o queres, non caerás nunca máis na tentación. Decídete, Elias Portolu, non perdas tempo. Pensa que debemos morrer, que a nosa vida é moi breve, que só temos unha alma e que debemos salvara.

Mentres pronunciaba estas palabras, o Padre Porcheddu fitaba a Elias, coma se quixese suxestionalo, e, de feito, viu como palidecía de súpeto e case perdía o sentido. Mais deseguida Elias ergueu o rostro cos ollos acendidos.

—De acordo, logo —dixo emocionado—, faga o que considere. Confío en vostede, Padre Porcheddu. Non direi nada na casa até que todo estea amañado.

—Daquela marcha. Prométoche que dentro de oito días todo estará listo. En tanto, o meu consello é que frecuentes moito a igrexa. Vaite, fillo, e está contento. Verás como sentes que renaces noutra vida.

Elias marchou, pero non podía estar alegre. Non! Tiña a sensación de estar soñando, non o invadía ás toas aquela alegría infantil que experimentara o ano anterior despois da confesión. En troques, contristábase e amargas bágoas cegaban os seus ollos. Non obstante, estaba firmemente decidido, aínda que o seu pesar cadraba coa súa decisión. Aquilo xa non era un soño, era a realidade, e nos primeiros momentos dese seu sólido propósito non era quen de se separar do pasado sen sentir como o seu corazón se crebaba. Tería que dicirlles adeus a todas as cousas que formaban parte da súa vida, xa que logo, era a mesma vida a que desaparecía, cos seus costumes, alegrías, dores, paixóns, erros e praceres.

Durante bastantes días viviu a amargura deste adeus. Especialmente na *tanca*, a tristura estrullábao até deixalo frío, insensible a calquera outro acontecemento que non fose a súa despedida dos lugares e dos obxectos entre os que tanto amara e sufrira. «Xa non volverei ver isto, xa non volverei facer estoutro», cavilaba seguido, e un nó premíalle a gorxa. Con todo, a súa decisión era firme, e cantos máis días pasaban, máis se afacía ao feito de deixalo todo e de comezar por fin unha nova vida. Pouco a pouco, tras se despedir en segredo de cada pequena cousa, de cada árbore, de cada pedra, dos animais e dos homes, acadou que as ideas se lle fosen aclarando e comezou a imaxinar o futuro.

Se tornaba á vila, ía á igrexa e quedaba nela moito tempo, asistindo con devoción aos oficios relixiosos. Marabillábase co son do órgano, coa solemne ladaíña dos cantos litúrxicos e coas roupaxes dos sacerdotes, e ao pensar que un día el tamén cantaría aquelas pregarias experimentaba un estremecemento de dozura, e cando se vía vestido con aqueles hábitos luminosos e santos esquecía o pasado e sentía unha inmensa felicidade. Mais cando regresaba



á casa a turbación apoderábase del, especialmente en presenza de Maddalena. «Que dirá ela cando o saiba?», incinía. Cría que xa non a amaba, a pesar de sentirse unido a ela por un nó indisoluble, e ademais ela lucía un aspecto case deforme, pois estaba amarela e tiña a cara inchada. Metíalle medo romper esa ligazón. «Que pensará? Que dirá? Desesperarase? Ah, talvez lle fará dano, talvez sería mellor esperar».

Tamén pensaba, sempre con tenrura, no neno que viña en camiño, mais por esta parte aledábase da súa decisión. O seu novo estado non lle impediría amar o rapaz e mesmo podería levalo canda el, educalo, encargarse de que fose un home de ben e asegurarlle un porvir. Pero un día que falou disto co Padre Porcheddu, este negou coa cabeza e dixo:

—Non barrenes niso porque fas mal. Agora o neno aínda está na mente do Señor, mais cando naza e medre, debes ficar lonxe del, xa que podería converterse nunha perigosa ligazón entre ela e ti. Un sacerdote non debe ter nin fillos, nin muller, nin familia; non ten que pensar nas riquezas e nas cousas terreaís, pois está casado coa igrexa e os seus fillos son a pobreza, o deber e as boas obras. Pén-sao ben, Elias Portolu. Se aínda te sentes atado ás cousas mundanas, non deas o paso que vas dar. Tes que pensar unicamente en salvar a túa alma e non noutra cousa.

—Vostede quere que sexa un santo —contestou Elias sorrindo, aínda que no fondo sentía que o Padre Porcheddu levaba razón e entristecía-se por ter que renunciar á súa pobre fantasía de pai. Pero nin sequera isto o movía da decisión que tomara.

Decorron os oito días e os trámites do Padre Porcheddu chegaran a bo porto. Monseñor o bispo interesárase moito por aquel mozo pastor que quería consagrarse a Deus por vocación e admitiuno axiña no seminario en condicións case gratuítas. Seguindo o

consello do Padre Porcheddu, Elias escribiulle ao bispo unha amable carta de agradecemento e isto acabou de entusiasmar a monseñor.

—Monseñor quere coñecer-te, Elias Portolu. Non tes máis remedio que darlles a nova aos teus.

—Ah! —dixo Elias suspirando—. Teño medo...

—De que?

—De facerlle dano a esa muller. Se puidese esperar!

O Padre Porcheddu negou.

—Queres esperar? Aínda te atan as cousas do mundo? Ai, ai, iso non me gusta nada!

—De acordo —dixo Elias con firmeza—, quero demostrarlle que non estou atado a nada. Hoxe mesmo darei a nova na casa.

—O teu pai está na vila?

—Está.

—E o teu irmán Pietro?

—Tamén.

—Ben, despois do xantar dilles que queden na casa. Irei eu e falaremos todos xuntos.

—Non sei como agradecerlle...! —exclamou Elias con relouco—. Que Deus llo pague!

—Ben, ben, diso xa falaremos con Deus outro día. Agora vai en paz.

Elias marchou, pero non foi quen de entrar na casa até a hora do xantar. Sentía un gran peso no corazón e como se lle cerraba a gorxa. Ah, a realidade do seu soño aproximábase, arroteábase, apremábase, arrancábase violentamente do mundo, da mocidade, do pracer, da familia, da vida que vivira até daquela. E por iso sufría unha dor infinita, mais nin por un momento lle pasou pola mente recuar.

Por fin entrou, comeu distraído e pendente da porta. Cada pouco, apenas oía algún rumor no carreiro,

sobresaltábase. Maddalena observábo e non puido evitar preguntarlle que lle pasaba e a quen esperaba.

—A unha persoa —respondeu el—. Prégovos a todos que quededes, xa que esta persoa ten que falar con vosoutros.

—Tamén comigo? —preguntou Maddalena—. Quen é? Quen é?

—Con todos. Xa veredes quen é.

Atacárono a preguntas, mais el non respondeu e saíu ao patio. Maddalena experimentaba un tremendo desacougo, que non conseguiu disimular a pesar de que Pietro estaba diante, e tamén ela comezou a mirar cara á porta, tentando escoitar se alguén se achegaba polo carreiro. «Quen será esa persoa?», preguntábase arreo para os seus adentros. Había tempo que se apercibira do cambio de Elías, e o temor de que se namorase doutra muller e de que estivese pensando en casar provocaban nela celos e sufrimento. «Quere casar», pensaba aquel día, «e a persoa que espera debe ser o casamenteiro, que vén solicitar o permiso para que Elías pida a man da moza. Ai, este día tiña que chegar! Pero, tan pronto! Nin sequera agarda que naza a súa criatura. Deus, Deus, axúdame, dáme forzas, Señor misericordioso. Non me fagas sufrir, non me castigues antes de tempo». Un grave padecemento debuxouse na súa cara pálida, e as súas pálpebras, aquelas largas pálpebras que abaixaba con resignada dor, tornaron violetas.

Cando Elías entrou co Padre Porcheddu, mirou para ela e tivo medo. Tamén o mozo palideceu e sentiu un frío mortal polo sangue. Pero o Padre Porcheddu cantaricaba, mirando en volta, saudando con bromas e torpes reverencias. Quería quedar na cocíña, aínda que Annedda, moi atenta, teimaba en que subisen ao cuarto de Maddalena.

—E que, como anda, tío Portolu?

—Con dúas patas coma as galiñas, Padre Porcheddu!

—E os seus fillos, son valentes? Seguen a ser uns pombos?

—Ai, si! —exclamou o tío Portolu, remelando os seus ollos encarnados—. Como os meus fillos haille poucos, grazas a San Francisco.

Elias esforzábase en sorrir, pero o Padre Porcheddu observaba a angustiada confusión que ía asomando no seu rostro, así que despois dunha miga de charla, ollou a Maddalena, chiscou o ollo e dixo:

—E dentro de pouco teremos outro pombo na casa, non é certo? Ha, ha! Semella que San Francisco lle quere ben, tío Portolu, pois todas as grazas de Deus están con vostedes. E agora escóiteme: que diría se o seu fillo Elias se fixese cura?

Todos quedaron copados, porque se o Padre Porcheddu falaba así, a cousa xa estaba decidida. Ninguén esperaba ese acontecemento! Maddalena ergueu os ollos, e un fugaz rubor serenoulle a cara. Despois dos seus temores, as palabras do Padre Porcheddu parecéronlle unha alegre noticia. Perdería a Elias, pero podía resignarse porque ningunha outra muller o tería.

E Elias ben que reparou no seu relouco. Entón, acougou e esculcou con calma a impresión que a pregunta do sacerdote causaba nos seus. Parecía que escoitaran algo gracioso: Pietro sorría; a tía Annedda, sentada a carón do Padre Porcheddu, sorría, moi atenta para dar oído o que dicían; e o selvático rostro do tío Portolu tamén sorría.

Elias caeu na conta de que o anuncio do Padre Porcheddu desataba tanta alegría nos seus parentes que mesmo lles parecía un soño, e decontado el tamén sentiu un acceso de ledicia tal que rompeu a rir coma un neno.



## IX

Decorreran dous anos. A xente cesara de rexoubar, de rir, de marabillarse ao ver a Elias Portolu, o antigo pastor, vestido de seminarista. Por outra banda, el non aparentaba ser un mozo de vinte e seis anos, e moito menos un expastor; a clausura tornara cándidas as súas mans e a súa face, e o seu rostro desbarbado, dunha palidez perlada, parecía o dun adolescente.

Nos grandes oficios relixiosos, cando poñía a alba de encaixe anoada cun longo cingulo azul, semellaba un anxo melancólico, cunha engurra de suprema mais doce tristura naqueles beizos de cor rosa pálida. Varias rapazas da vila, e tamén algunhas señoritas, abesullábano con moito interese. Pero el non se decataba; os seus ollos gacios perdíanse en afastadas visións.

Que vía agora, cando o órgano xemía sonoro e os cantos litúrxicos se elevaban cunha lamentación nostálxica polos bens perdidos e cunha invocación aflixida polos bens descoñecidos? Vía o pasado, a *tanca*, a soidade? Lembraba a súa paixón? Si, vía e lembraba todo aquilo, e agoniábase por non se dar separado do pasado, como crera e esperara, e o que o ataba aínda á dor e á ledicia das paixóns humanas era a visión continua daquela rapaza nova axeonllada no fondo da igrexa, entre a púrpura abraiante do xentío da vila. Era Maddalena, bela e esplendorosa co seu traxe de muller casada; levaba nos brazos o cativo tapado cunha

touca escarlata orlada de seda azul. E o neno, cando a nai lle facía bailar diante da cariña os amuletos de prata e de coral pendurados no seu pequeno colo, alzaba as manciñas rosadas e sorría pechando os seus luminosos ollos verdes.

Elias vía decontino diante a súa criatura riseira, e amábaa con affixida tenrura, e amando o neno amaba a nai, e sufría moito na va loita contra aqueles seus amores terreaís.

A súa intelixencia natural, en tanto, íase educando: os dous anos de estudo incansable, de lecturas continuas e de boa vontade, puxéranos ao mesmo nivel dos seminaristas que estudaban había máis tempo ca el. Pouco e pouco afixérase á vida de encerro, á obediencia cega, á disciplina, cousas que nun principio case o afogaran; o pasado parecíalle un soño, pero un soño que o ataba con teimosía.

Sentíase triste, sobre todo os días nos que quedaba na súa casa, onde a tía Annedda o acollía con tenro temor. Esquivaba con coidado os ollos de Maddalena e tiña medo de tocar o neno. Se o forzaban a acariñalo, facíao timidamente. Mais sobresaítábase ao velo e atormentábo o desexo de collelo no colo, de bicalo, de facer que sorrise, de mirarlle os primeiros dentes, de apertarlle as manciñas e os peños entre as súas mans.

—Non, non —repetía para si—, teño que vencer.

Tamén o alteraba a presenza de Maddalena, malia que ela nunca lle fixera un só reproche e o miraba decote cunha tenrura doente. Estaba máis atractiva ca nunca, entregada a seu fillo, e parecía vivir só para el. Elias non lograba separar a súa imaxe da do pequecho. Sabía que, se fose libre —xa que se sentía ligado a Deus pese a non recibir aínda as ordes menores— recaería indefectiblemente. Por mor do seu estado actual, refugaba os seus pensamentos, pero aquela loita continua resultaba mortificadora e deixábo medio

morto de angustia. Aqueles días sentíase pois bastante triste e desesperábase por aquela vida, así como polas súas reaccións. Con todo, endexamais se deixaba dominar nin un só intre pola rebelión nin se arrepentía da decisión que tomara.

Ás veces as súas forzas minguaban. Cando durmía e cando velaba, asaltábano soños atormentadores, e estes eran ben peores ca as tentacións. Case cada noite soñaba co pasado: a *tanca*, o ovil, a casa, Maddalena; e tamén co neno, e sempre cría ser aínda pastor e libre. Porén, unha escura opresión e un recordo que non daba aferrado, mais bastante doloroso, convertían aqueles soños en pesadelos. Emporiso non era por estes soños polo que se angustiaba, senón polos que tiña cos ollos abertos, polas visións doces e aciagas que o acurralaban en insidiosos círculos. «Non! Non! Non!», repetía sen pausa, e rexeitaba os vans desexos, as imaxes fatais, e concentrábase en rezar e en estudar. Pero case sempre, aínda que os combatese centos de veces, centos de veces retornaban aqueles infaustos soños.

Unha desas noites estudaba a epístola de San Paulo aos Romanos. Era unha límpida noite de abril e o luar resplandecía. Pola fiestra aberta entraba o aire impregnado de dozura e víase unha vivísima estrela escintilar no ceo de cristal. Elias sentíase máis apesarado que de costume: a vida tentábao e faláballe; agredíao co sopro puro daquela noite de abril. Inefables acordanzas regresaban ao seu pensamento e no seu sangue, co renacer da primavera, parecía xermolar algo novo e inquietante. «Non, non, non...», repetiu para si, sacudindo a cabeza como para espantar os molestos pensamentos. «Cómpre esquecelo todo, estudar, seguir para adiante, Elias Portolu».

Apertou a cabeza entre as mans e enfrascouse na lectura. Ao seu redor reinaba un profundo silencio, e só ao lonxe, moi lonxe, case procedente da remota campiña,



ondeaba un melancólico canto nuorés. Elias lía, relía, meditaba e repetía de memoria os versículos.

«Que o amor non sexa finxido; afastádevos do mal e apegádevos ao ben».

«No traballo non teñades preguiza; no espírito, afervoados; para o Señor, coma escravos».

«Alegres na esperanza, con constancia no sufrimento, afincados na oración».

«Bendicidese os que vos perseguen, bendicidese e non maldigades».

«Non volvades mal por mal a ninguén: que todo o mundo vexa que procurades o ben».

«Miña é a vinganza, eu darei o merecido, di o Señor».

«Non te deixes vencer polo mal, senón vence o mal a forza de ben».

Que digna e doce era a voz do Apóstolo! Era coma o estrondo do trono e coma a voz pura dunha fonte gurgullante na quietude nocturna; mais chegaba dende moi lonxe, dende as alturas, coma o retumbar do tronido, coma o murmuro dunha fonte sentido en soños. Elias escoitá-baa e sentíase completamente envolvido e refrescado nun fragrante sudario, mais, aí, era un sudario de veo vaporoso e o sopro daquela apracible noite de abril abundaba para esgazalo.

Entón, aquel distante canto sardo achegouse unha miiga; entre o coro melancólico salientaba unha voz harmónica de tenor na que tremía toda a voluptuosidade e a dozura daquela noite de lúa. Elias ergueu a cabeza, cativado por unha súbita fascinación. Onde sentira antes aquela voz? Unha acordanza case física fixo que se estremecese. Asaltábao o recordo de que vivira outra noite coma aquela, de que sentira antes aquel canto, de que estaba tan triste coma agora. Onde? Cando? Como? Ergueuse, debrozouse sobre a fiestra, baixo a purísima luzada da lúa no cénit.

A airexa transportaba remotos recendos. El arrepuñouse e lembrou a noite na que chorara de paixón aos pés de San Francisco.

A voz do Apóstolo xa non lle falaba; caera o veo. Que eran a eternidade, a morte, a vaidade de todas as humanas paixóns, o ben, o mal, a perfección, a vida eterna, diante do gozo fuxidío daquela noite de abril, daquel sopro de airexa, daquel canto de amor? E Elias sentiuse vencido; a vida aferrouno de novo completamente. Caeu de xeonllos diante da fiestra, baixo o luar, e chorou coma un neno, cativo dun supremo delirio de desesperación. Unha desatinada pregaría xurdía mesturada co seu pranto:

—Señor, xa ves, son débil e ruín. Ten piedade de min, meu Deus, perdóame, dáme quietude, arráncame o corazón do peito. Son un home, non me podó refrear. Por que me fixeches tan débil, oh, Señor? Sempre sufrín na miña vida, e cando, vencido pola miña débil natureza, quixen buscar a felicidade, pequei, infrinxín os teus preceptos, fun o máis pagán e malvado dos xentís. Mais, sufrín tanto, meu Deus, e sufro aínda tanto que xa non ten medida. Meu Deus, meu Deus, meu Deus! —proseguía entre saloucos, co rostro crispado inundado de bágoas salgadas—. Ten misericordia de min, perdóame, axúdame, dáme a paz do corazón... Dáme un pouco ben, unha pouca dozura. Seica non teño dereito, meu Deus? Non son unha criatura humana? Se pequei, perdóame, sé misericordioso. Se ti es grande, Señor, perdóame e dáme unha pouca ventura, unha pouca alegría...

Pasado un tempo, as bágoas esgotáronse e aquel desafofo fíxolle ben, pois acougouno. Tras o rauto de desesperación, sentiuse avergoñado por chorar, pero pensou: «O meu pai di que só choran os viles, e que un sardo, un nuorés, non debe chorar, pero senta tan ben! E ás veces un precisa chorar ou rebenta!». Así mesmo, sentiu

vergonza e medo da súa pregaría, que era case un desafío a Deus, e pediu perdón e resignouse. Pero á mañá seguinte acometeuno unha forte impresión de espanto, de sorpresa, de dor e tamén de ledicia cando lle foron dicir que o seu irmán Pietro regresara do campo cunha forte inflamación nos riles e que o seu estado era bastante grave. «Se morre, poderei casar con Maddalena!», pensou decontado.

Oíra Deus a súa pregaría? Ah non! Recuou arrepiado pola súa blasfemia ante a imaxe dun Deus tan monstruoso como o imaxinaba naquel momento a súa fantasía. Non era posible. «Que ruín son!», pensaba mentres camiñaba apresuradamente cara á súa casa. «Non, nunca me salvaréi. Estou cheo de mal».

Agoniábase máis polos seus malos pensamentos que pola enfermidade de Pietro, e arrepentíase e insultábase. Porén, cando chegou á casa e soubo que o seu irmán levaba enfermo dende o día anterior, experimentou unha especie de desilusión, pois no fondo afagábao a estraña idea de que Deus escoitase a súa pregaría.

O estado de Pietro era verdadeiramente grave; laiaba seguido, coa faciana lívida e descomposta por un intenso sufrimento. Tres días antes tivera que percorrer grandes distancias a pé para atopar un boi perdido, e a ansia, a fatiga, a calor e unha predisposición á doenza tombáranos. Tiña os pés inchados e ensanguentados e as mans rabuñadas polas silveiras e polas pedras.

Unha grave consternación reinaba na casa Portolu: Maddalena choraba sinceramente; a tía Annedda acendera dúas lámpadas e recitara as *palabras verdes*; e as *palabras verdes* anunciaran a morte de Pietro.

Decorron uns días terribles para Elias. Ía onda o irmán, mirábao, daba voltas polo cuarto retorcendo as mans en silencio, consternado por non poder facer nada para salvar a Pietro. Rexeitaba a ollada de Maddalena e do

veno e fuxía desesperado, e rezaba horas e horas fervorosamente para que o enfermo curase. Mais decote, entre o fervor das súas pregarías, sobresaíbase, e un xeo mortal aquietaba o seu sangue. Ah, que monstro o atacaba! Por que, apenas se esquecía un instante, aquel monstro lle borboriñaba palabras de alegría, instalaba nel desexos culpables amosándolle decontino a imaxe do irmán morto e enterrado?

«É o demo», pensou unha tarde, «mais non vencerá, non, nunca vencerá! Pois ben, que Pietro morra, se é que ten que morrer. Por horrible que isto sexa, Satanás, agora desexo a morte do meu irmán para demostrarche que ti non me vencerás. Nunca! Nunca! Son máis forte ca ti, Satanás. O meu corpo é débil e ti poderás despevalo, pero nunca vencerás na miña alma».

Pietro morreu aquela mesma noite. Elias pechoulle os ollos, fíxolle o sinal da cruz sobre o rostro e axudou a tía Annedda a lavar e a vestir o cadáver. Despois velou toda a noite o irmán defunto. A cada pouco erguíase, inclinábase sobre o seu rostro e fitábao moito tempo, coa tola esperanza de que non estivese morto, ou que dun momento a outro comezase a moverse e resucitase. Pero a cara barbuda e lívida, coas pálpebras pechadas, ficaba inmóbil, coma unha arrepianante máscara de bronce. Elias sentía, quizais por primeira vez na súa vida –xa que nunca estivera tan preto dun cadáver durante tanto tempo–, toda a inexorable grandeza da morte. Recordaba a Pietro vivo, riseiro e, ah, abondara un sopro para guindalo alí, inmóbil, mudo para sempre! Para sempre!

«Mañá destas horas tamén estes restos mortais desaparecerán do mundo!», pensaba, e non podía persuadirse de que todo rematase así, que tamén el, e os seus pais, e o irmán, e Maddalena, e o cativo, deixarían de existir un día. Logo caía axeonllado ao pé do leito e a súa dor mudaba en

consolo: «Si, todo remata», pensaba, «e xa non sufriremos máis. Por que rebelarse tanto? Todo remata: só queda a alma; salvémola».

Sentíase máis forte ca nunca contra a tentación e o mal; despois volvía lembrar o irmán vivo, a súa infancia, a mocidade, a ofensa mortal que lle inferira, e affixíase, e os saloucos afogábano. «Agora que morreu», preguntábase, «saberá como o ofendín? E perdoarame?». Mais estas preguntas levábano de novo ás lembranzas. Vía a Maddalena naquela mesma estancia onde agora repousaba o morto, e insidiosamente sentíase derrotado pola repentina dozura dun pensamento: agora podería amala sen pecar. Pero axiña rexeitaba esta tentación, e inclinándose sobre o rostro do finado volvía concentrarse na visión da morte. Deste xeito pasou a noite.

Coa alba colleu un pouco o sono e soñou con Pietro vivo, que ía á *tanca* –coma sempre, coidaba que seguía a ser pastor. Pietro ía de a cabalo e tiña o rostro lívido e os ollos cerrados coma os do cadáver.

—Que queres? —preguntoulle Elias con terror.

—Veño para che dicir que morreu o neno —respondeu Pietro—. Regresa á vila, porque serás ti quen deberá enterralo.

Elias experimentou tanto horror e tanta angustia que fixo esforzos para espertar, pero cando espertou sentiuse igual de angustiado que no soño. Xa era día. Sentiu chorar o cativo e axiña pensou con dor: «Terá que morrer tamén el? Será un presaxio o soño? As desgrazas nunca veñen soas e eu creo nos soños». Nese intre consideraba que todas as desgrazas eran posibles, próximas, inevitables e, vencido por unha gran tristura, foi ver o cativo.

O neno choraba. Maddalena, xa vestida de viúva –e o vestido negro acaíalle de marabilla, tan nova e louzá como era–, tentaba acougalo, borboriñándolle. Chegaran

xa moitos parentes e toda a casa estaba sumida nas tebras. Elias avanzou en silencio, case furtivo, na penumbra da estancia.

—Que lle pasa? Por que chora? —preguntoulle a Maddalena inclinándose sobre o neno.

O pícaro fitouno cos seus grandes ollos cheos de bágoas e permaneceu un intre en silencio, coa boca aberta e tremente, mais deseguida rompeu a chorar de novo. Maddalena ergueu os ollos buscando a mirada de Elias e tamén a súa boca sufriu un tremor.

—Cala, cala, meniño —dixo con voz vacilante, pandeando o neno entre os seus brazos—, sé boiño, que tío Elias non quere que chores...

Mais, ao cabo, tamén ela agochou a face nas costas do neno e rompeu a chorar desconsoladamente.

—Ei, Maddalena, que fas? —dixo Elias fóra de si, e afastouse deseguido como empurrado por unha man invisible.

Aquela escena remexéralle o sangue, pois coidaba que o pranto de Maddalena non se debía só á morte do home, e a ollada dela, sempre tenra e ardente, penetráralle no corazón. «Ah!», pensaba, sentado nunha esquina no círculo dos parentes, «o Padre Porcheddu ten razón: o cativo uníranos sempre, sempre. Non podo velo nin achegarme a el, senón perdereime, agora máis ca nunca».

Enfastiábao toda aquela xente que entraba e saía dicindo cousas banais. Arelaba que todo acabase dunha vez, que se celebrasen os funerais, que pasasen os tres días de dó para se enfrontar a soas coa súa dor e coas súas tentacións.

«Ai de min!», pensaba. «Se a tentación é tan forte mentres o corpo do meu irmán aínda está aí, quente, que non será despois! Non, non, non!», propoñíase con rabia. «Vencerei, teño que vencer e vencerei».

Mais a loita comezara, e ben terrible. O primeiro, o segundo, o terceiro día, cos funerais, o dó e as cerimoniais do loito sardo, decorreran coma un pesadelo terrible.

Finalmente Elias atopouse na súa cela, sobre o seu catre, canso, prostrado e só. Tiña sempre na memoria a noite na que lera a epístola de San Paulo e o recordo da súa desesperada pregaria retornaba seguido, coma un remorso. «Fun duramente castigado por iso!», pensaba. «Non obstante, quen coñece os camiños do Señor? E se el accedeu? E se fose aquela a miña vida? Por que non poden ter eu dereito á felicidade terrenal? Non son un home coma os demais?».

E o insidioso soño domináballo. O aire da primavera, puro e recendente, chegaba até a súa cela, e pola fiestra aparecía o fondo do ceo, tan profundo, tan azul! Non era el un home coma os demais? Pecara! E ben, que home non peca? Seica por iso se condena a un eterno castigo?

«Xa está, deixarei o seminario coa excusa de que morreu o meu irmán e argumentarei que na casa precisan de min. A xente se cadra laretará un pouco, pero a xente rexouba seguido de todo. De hoxe nun ano ninguén dirá nada, e cando iso chegue... ! Ah, que dozura! Sería posible tanta dozura? E se finalmente era posible! Por que son tan estúpido de dubidar un só instante?», preguntábase marabillado de si mesmo e dos vans tormentos que sufría. E sentía o corazón ategado de ledicia e no instante seguinte sentíao baleiro, e caía outra vez na máis absoluta desesperación.

«Non! Non! Non! Por que deliro deste xeito? É así como vences a tentación, Elias Portolu? Son estes os teus votos? Non, non, non; vencerei. Arrédate de min, Satanás! Vencereite, vencereite!». E pechaba os puños coma para loitar de verdade.

E así pasaban as horas, os días, as noites e os meses.

Un día anunciáronlle que dentro de pouco lle serían impartidas as ordes menores. El non se alegrou nin se contristou. Cría que acadara experiencia e que non debía ilusionarse por nada. Recordaba os primeiros tempos do seu amor, cando esperaba que o matrimonio de Pietro con Maddalena abondaría para sandar a súa paixón. E no canto diso... !

«Non, non quero ilusionarme», pensaba. «Non quero ser un home dominado polas paixóns; non, a salvación non está nos obstáculos entre nós e o pecado, senón na nosa forza e na nosa vontade».

Cando foi á súa casa para comunicar a noticia, por sorte atopou a toda a familia reunida. Agora os Portolu tiñan un criado, xa que tío Berte e o seu fillo non podían atender os dous sós a todos os labores do ovil e do campo. Tamén estaba Mattia e mais o seu parente Jacu Farre, que tras a morte de Pietro frecuentaba moito a casa.

Jacu Farre era un home principal; posuía armentío, terras, cabalos e alvarizas, e era solteiro. Colléralle moito cariño ao orfo de Pietro e os Portolu traíano en andas coa esperanza de que lle deixase a súa facenda ao cativo. De aí que Elias o atopase onda os seus. Tiña o neno nos xeonllos e dicíalle:

—Imos trotar no cabaliño para irmos á festa, eh, Berteddu?

O neno ría. Elias contrariouse. Mirou a Farre, que malia a súa gordura era un home soberbio; mirou o neno, mirou a Maddalena e sentiu unha arroutada de celos, mais coutouse deseguida e deulles a noticia. Para os Portolu, e especialmente para a tía Annedda, a quen a dor pola morte de Pietro envellecera dez anos e deixara xorda de todo, a boa nova levada por Elias foi coma unha raiola.

—San Francisco sexa loado! —dixo o tío Portolu—. Esperaba este día. Se non tivese esta esperanza, morrería.



Ah, rides! Ti ris, Jacu Farre! Ti non sabes como é o corazón do tío Portolu! —E suspirou moitas veces.

Elias púxose serio e pensou: «O meu pai fala en serio; se eu recuase non sobreviviría á dor».

Só Maddalena non pareceu alegrarse pola nova. Abaixou as súas largas pálpebras con expresión de resignada dor e non mirou nin unha soa vez para Elias, pero el non se deixou enganar nin un momento polos sentimentos dela: «Segue amándome», pensaba ao marchar. «Jacu Farre fálle as beiras en van. Ela é miña, só miña. Virá buscarme, fará calquera cousa para falar-me, para disuadir-me, estou certo. Como reaccionarei?».

Non o sabía, nin tampouco non sabía como e cando Maddalena podería ter unha conversa con el, mais esperaba que así fose. Durante esa espera preparábase para a loita ou, polo menos, prevíase contra a debilidade dunha sorpresa. Se lle dicían que algunha persoa o buscaba, sentía bater o corazón e pensaba: «É ela!», e despois, ao comprobar que non era ela, respiraba e contristábase asemade. Se ía á súa casa, tiña medo de encontrarse con Maddalena a soas. Entraba circunspecto e contrariábase se vía que Maddalena non estaba soa. «Teño que acabar con isto!», dicía para si para escusarse. «Teño que falar con ela e rematar de vez».

Mais decorreu bastante tempo e Maddalena non o molestou.

«Resignouse, pois mellor! Quen sabe? Se cadra enganeime, se cadra pensa máis en Jacu Farre ca en min!», cismaba, e cría estar contento, pero no fondo experimentaba unha estraña e infundada dor.

Porén, un serán de outubro, dous ou tres días antes do fixado para a ordenación, mentres estaba estudando na súa cela, viñeron avisalo de que o buscaban. «É ela!», pensou turbado.

Non era ela, senón un rapaciño da veciñanza, a quen ela enviara e que lle dixo que o Padre Elias, pois xa lle chamaban así, fose de inmediato á súa casa porque o precisaban.

—E a miña nai? —preguntou Elias.

—Non llo sei.

—Está enfermo o neno?

—Non llo sei.

—Vou axiña.

E foi, co corazón encollido por un agoiro.

Maddalena estaba soa na casa; a tía Annedda marchara aos eidos e o cativo durmía. O carreiro estaba deserto e ao redor da casa reinaba a dozura, a paz infinita do velado serán outonal.

Non ben viu a Elias, Maddalena alterouse vivamente e entendeu que preparara a baluto un longo discurso, cheo de lóxica persuasiva. O tempo no que ela fora á *tanca* e cun bico vencera a Elias, xa quedaba lonxe. Agora tiña respecto e se cadra tamén medo do hábito do seu antigo amante, e talvez nela falaba con máis forza o cálculo ca a paixón. Secasí, estaba turbada e confundida. Fixo sentar a Elias, serviulle o café que preparara para el coma sempre e despois preguntoulle sen miralo:

—O domingo é a cerimonia?

—Non o sabes?

—Seino, si.

Silencio.

—Para que me fixeches vir? —preguntou el ao cabo.

—Para que? —dixo ela, como interrogándose a si mesma—. Ah, espera, espertou o neno. Ah, Berteddu, está quieto. Xa vou, xa vou. Está aquí tío Elias.

Ergueuse, marchou, colleu o neno e levouno canda ela. Elias sentiu medo.

—Elias —comezou ela—, se cadra xa imaxinas o que che quero dicir.

El negou coa cabeza.

—Non che di nada esta criatura inocente? A túa conciencia non che di nada? Interrógaa; aínda estás a tempo. Deus, que o ve todo, non desexará que ti, no canto de facer o que estás a piques de facer, lle devolvas o pai a este cativo inocente?

Calou, fitándoo e esperando a resposta. Elias pousou a súa man tremente sobre a cabeciña do pícaro, alumiñándoo inconscientemente.

—Que queres que che diga? Agora é tarde de máis, Maddalena —murmurou.

—Non, non é tarde! Non é tarde!

—Dígoche que é tarde. O escándalo sería enorme. Teríanme por tolo.

—Ah! —dixo ela con amargura—. E por mor das malas linguas do mundo ti non escoitas a túa conciencia?

—A miña conciencia dime que siga o camiño que vou seguir, Maddalena! —dixo el, grave, sen erguer o ollar e sempre alumiñando o pequeno Berte—. Ademais, dime, no caso de que me desprenda deste hábito e case contigo, poderemos dicir algunha vez que este neno é de meu?

—Diante do mundo, non, Elias! Diante do mundo el non será nunca o teu fillo, pero ti poderás comportarte con el coma se o fose!

—Vouno querer de todos os xeitos, coidarei del igual. Nada no meu novo estado impedirá que cumpra co meu deber de coidalo.

—Non, non! —dixo ela, comezando a desesperarse, e inclinando e sacudindo a cabeza—. Non, non, non é o mesmo, non é o mesmo!

—É o mesmo, dígocho eu, Maddalena...

—Dilo ti, pero non é o mesmo. E en min, Elias? —soltou ela, erguendo a cabeza con bravura—. E en min? Non pensas en min?

—Non podo —murmurou el.

—Non podes? E por que non podes, Elias? Aínda estás a tempo! É posible que non te acordes de nada?

—Non podo recordar. Repítoche que xa é tarde.

—Non é tarde, non é tarde...! —saloucaba ela, retorcedo as mans, desesperada por non ser quen de dicir as palabras que preparara.

Era o suficientemente astuta para reparar en que Elias estaba turbado, que mudara de cor, que a súa man tremía sobre a cabeza do cativo, que abondaba un pouco de audacia para vencelo, e sentía desexos de levantarse, de cinguirlle o colo cos brazos e de falarlle como lle falara na *tanca*. Mais unha forza superior termaba dela e case non lle permitía miralo. Aparentaba tímida e cohibida coma unha mocíña no seu primeiro parrafeio. E a conversa continuou mísera, e mísera acabou.

Maddalena repetiu de mil maneiras as cousas xa ditas; recordoulle a Elias o pasado, díxolle que seguía a amalo, que viviría e morrería pensando nel, mais agora xa non tiña o conmovedor acento da paixón e todas as súas palabras e as súas razóns non valían a ollada coa que vencera a Elias na *tanca*, e el decatouse e puido dominarse.

Separáronse sen nin sequera rozarse coa man. Mais cando Elias estivo só sentiu que a súa fora unha vitoria moi doada e miserenta. «Se ela me tentase talvez caería», pensaba. «Ah! Como ela estivo tan fría, eu tamén. Porén, agora que comezou ha volver ao asalto porque me ama, e non só me tenta para darlle un pai ao cativo, senón para obter de novo o meu amor».

E sentíase triste, confuso, débil e, con todo, non desesperaba da graza de Deus e coa amarga voluptuosidade coa que os fanáticos baten no seu corpo, desexaba que Maddalena o perseguise e o volvese tentar, con forza, para sufrir e para poñer a proba a súa vontade de resistencia.



## X

Mais ela non o tentou de novo. El recibiu as ordes menores, continuou estudando e ao pouco foi ordenado sacerdote e puido dicir a primeira misa. Na súa casa fixeron festa coma se fose unha voda: parentes e amigos trouxéronlle agasallos coma a un noivo; matáronse ovellas e pericos, fíxose un banquete, cantáronse regueifas para o mozo sacerdote. O tío Portolu vestía de estrea, tiña os cabelos engraxados e as trincas refeitas e escoitaba a competición dos poetas improvisados co pequeno Berte nos xeonllos. O neno reclinaba melancolicamente a cabeza no peito do avó.

—Que tes, anxiño? —preguntou a tía Annedda, inclinándose sobre o pícaro—. Tes sono?

O neno sacudiu a cabeza. Os seus ollos verdes estaban tristes. A tía Annedda foise, colleu con dous dedos un doce de pasta e de mel en forma de paxaro e deullou ao seu neto, inclinándose de novo sobre el.

—Mira o paxariño, colle. Non adormezas, eh —o neno agarrou o doce de mala gana, sen levantar a cabeza do peito do avó, e achegou aos labios o bico do paxaro, mais non o comeu.

—Tes sono? —preguntou o tío Portolu, ollándoo—. Non durmiches á noite, ruliño? Upa, espreguízate, escoita que bonitas canción! Cando sexas grande, ti tamén cantarás así. Levareite a cabalo á *tanca* e cantaremos xuntos.

Pero o pícaro, que sempre se entusiasmaba coa idea de ir á *tanca*, non se moveu. No xantar non quixo comer, e non se despegou do avó, reclinando sempre a cabeza no seu peito.

—Coido que o teu fillo está malo —berroulle Farre a Maddalena.

O Padre Elias sobresaltouse, mirou o neno e decontado recordou o soño que tivera a noite que velara o cadáver de Pietro. Maddalena acariñou o cativo, interrogouno, colleuno no colo e levouno para a cama onde unha vez durmira Elias.

—Ten sono e quedou durmido —dixo cando volveu.

Pero o Padre Elias quedou intranquilo. Gustaríalle levantarse, ir onda o neno, examinalo, e porén non podía moverse e tiña que agochar a súa inquietude. Oía os cantantes, sorría levemente con certos versos ben logrados pero non falaba nin ría. Vía a Farre, aquel adiñeirado e gordo parente que falaba alasando, ir e vir pola casa, dando ordes, inmiscíndose en cada cousa coma se fose o patrón, falando decote con Maddalena, e sentía celos, e reparando nestes celos alporizábase contra si mesmo, mais calaba.

Despois do xantar entrou case furtivamente onda o cativo, inclinouse e mirouno un bo bocado, e comprobando que durmía docemente, coa boca semiaberta, co paxaro doce entre as súas manciñas, sentiu un rauto de tenrura e bicouno relixiosamente. Ao se levantar, recordou o día e a noite das nupcias de Maddalena e a enfermidade e a dor que el mesmo sufrira naquel leito. «Como son as cousas do mundo!», pensou. «Quen ía crer que acontecería todo isto?».

Cando regresou á cociña, sentiu como Farre razoaba a propósito do neno con Maddalena, que estaba atenta a preparar o café.

—Non tes conta del —diciálle—. Non ves que está malo? Paréceche que ten cara dun rapaz san? Non. Farei que veña o doutor e xa verás como levo razón.

«E a el que lle importa?», pensou Elias para si, con amargura e celos. «Correspóndeme a min coidalo, non a el».

Saíu ao patio, onde os poetas empezaran a cantar outra vez, e sentou a son do pai. Aparentaba atender a regueifa, pero non deixaba de pensar en Farre, en Maddalena, no neno, e contristábase e irritábase, e apercíbase do seu novo desexo: que Maddalena seguise sendo viúva. Nunca pensara que se ela volvía casar, el xa non tería autoridade sobre o rapaz.

«Casará con Farre», pensaba, «e eu non poderei amar o meu fillo. Terei os bicos e as caricias contados».

E o seu pensamento perdíase no futuro, en cousas completamente alleas ao ministerio no cal entrara aquel día.

Rematada a festa, volveu ao seminario, fixo relato de todos os vans pensamentos, celos e tristura que sentira durante o día e un intenso descontento apoderouse del.

«É inútil, é inútil», pensaba, dando mil voltas na cama. «A carne está unida ao óso, e eu nunca me desatarei das cousas do mundo. Serei un mal sacerdote, como fun un mal segregar, porque non son un bo cristián. Esa é a verdade».

Entrementres, aconteceu o que el predicara. Farre pediu a man de Maddalena e axiña comezou a ocuparse do neno coma se fose seu. Fixo vir o médico e cando este diagnosticou que o cativo estaba anémico, o gordo home mercou as menciñas e todo o que cumpría para a saúde do pequeno Berte. O Padre Elias vía e calaba, pero nos seus adentros morría de celos. Moitas veces, cando estaba só, mesmo na igrexa, sorprendíase pensando naquela gorda figura de home san e encarnado, de pronuncia lenta, de palabra alasante, e sentía odio.



Un día, Farre convidouno á súa mallada.

—Tamén virá o tío Portolu —dixo— e levaremos o neno, que lle fará ben. Divertirémonos.

Ao primeiro, Elias estivo a piques de negar impetuosamente, pero controlouse e aceptou.

Sufriu moito durante aquela excursión. Farre levaba o neno con el no seu cabalo, na parte de diante da sela, e Berteddu reclinaba a súa cabeciña no peito e facíalle mil preguntas se vía un corvo voar grallando, un pardal elevarse dunha matogueira, unha silveira cargada de bagas escarlatas ou unha aciñeira ateigada de landras. Farre explicáballe cada cousa con paciencia e cadora e cando lle daba un bico.

—Ves? Aquela é unha pereira brava. Mira, mira, ten máis froitos ca follas. A ti gústanche as peras ventureiras, petís? E aquelas cousas agrisadas longas que semellan candelabros, sabes o que son? Son talos de canas, bos para facer embocaduras para as pipas. Os pastores fan así as pipas. Os pastores non son coma os señores, sabes?, que van á tenda e mercan as cousas bonitas e feitas; os pastores apáñanse eles sós. Ti vas ser pastor?

—Si, eu serei pastor —dixo o pequeno indolentemente—, e farei as pipas con esas canas.

—Ai, non, ho! Oíu, avó Portolu, o rapaz quere ser pastor! Non é certo que é mellor que sexa doutor?

Eran miudezas, pero Elias, que cabalgaba ao par de Farre, sufría puerilmente. Por que tiña que meterse aquel home estraño no futuro do seu neno? Non, non, el nunca permitiría que ese se inmiscise na vida e no destino do seu fillo. Mais isto tamén era un soño; a realidade perseguíao coas palabras do tío Portolu, quen lle dicía ao pequeno Berte:

—Ah, queres ser pastor, pequeno pombo? E por que queres ser pastor? Non sabes que os pastores dormen

decote ao sereno e pasan frío? Ves o tío Elias? Meteuse a cura porque se quedase de pastor morrería de frío. Non, de ti faremos un doutor, non un pastor. Xa me encargarei eu! E o tío Farre, que fará que te portes ben e, se es malo, non andará con bromas.

—E que é aquilo? —preguntou Berteddu sinalando unha árbore, sen facer caso das palabras do avó.

Pero Elias si que escoitara aquelas enérxicas palabras e sentírase golpeado na alma.

Dende aquel día os seus celos medraron morbosamente. En van tentaba dominarse e en van pensaba: «Jacu Farre terá fillos e entón esquecerá e deixará de querer o meu. Daquela Berte será unicamente para min. Levareino para a miña casa, encargareime de que siga o bo camiño e velarei pola súa felicidade».

Non. Non. Todo eran soños. O presente acosábao, a realidade era dura. Elias sufría e cunha dor distinta a todas as que até entón padecera, pero non menos fonda. Volvía desesperarse e repetir a súa acostumbrada lamentación: «Nunca atoparei a paz. Estou condenado. Calquera cousa que faga é un erro. Quizais errei ao non escoitar a Maddalena; quizais Deus quería que eu emendase o pecado no canto de dedicarme indignamente a El. Ah, o Padre Porcheddu tiña razón!: o pecado é unha pedra que nunca quitamos do lombo e eu estou condenado a levar o peso eterno da dor porque pequei gravemente».

Así era como decorrían os seus días, melancólicos e tormentosos. Non era esta a vida serena e santa que el soñara! Entrementres, agardábase que dun día para outro quedase vacante algunha parroquia nas vilas veciñas para envialo alí, e el sabíao e sufría pensando na distancia. Con el lonxe, Farre casaría con Maddalena e apoderaríase completamente do neno. Todo acabara! Pero non, non, non acabara. Non! Sentía que mesmo dende a distancia

pensaría decontino no seu fillo, consumido pola tenrura, polo desexo e polos celos, e que talvez comezaría unha nova vida de paixón e de dor, moi distinta da que era o seu deber levar.

Ía á súa casa decotío, e insolitamente tentaba amigar co rapaz levándolle doces, trouleando con el e consentíndoo. Decatábase de que isto era unha debilidade e até unha mesquindade, xa que o empurraba a facelo non o seu amor paterno senón a necesidade de impedir que Berte se encariñase con Farre, mais non podía facer outra cousa.

Non obstante, comprobaba con dor que Berte ficaba indiferente, indolente e taciturno; case nunca comía os doces, cansaba axiña dos xoguetes e das diversións e collía perrenchas por calquera lilaina. Polo demais, comportábase así con todos, e Elias notaba que o pequecho estaba enfermo e consumíase ao velo así e non poder sandalo.

Fixo vir un médico, non o que consultara Farre, e sentiu unha triste satisfacción cando o novo doutor diagnosticou que o rapaz sufría unha doenza latente que non era anemia e lle receitou novas menciñas.

—Velo? —díxolle Elias a Maddalena cun malvado triunfo nos ollos.

—Vexo, si! —contestou ela con tristeza, só preocupada polo estado do neno.

Pero o novo médico e as novas menciñas non impediron que a inflamación latente nas delicadas vísceras do cativo se manifestase pronto.

Un día, o Padre Elias atopou a Berte deitado na cama do cuarto de abaixo. O neno tiña unha febre altísima e deliraba, cos seus grandes ollos perdidos e a cara arden-do. Maddalena velábao, consternada e desesperada, e a tía Annedda xa recorrera aos seus remedios, santos se se que-re, pero perfectamente inútiles. Dispoñía dunha reliquia especial para curar a febre e pasoulla ao neno polo seu

corpo ardente, recitando con fervor diversas pregarías a Deus, ao Espírito Santo, a Nosa Señora da Misericordia, a Nosa Señora dos Remedios, a María de Valverde, a María do Monte, a María dos Milagres, ás Ánimas Santas, a San Basilio, a Santa Lucía, ao Sangue Santo, aos Santos Inocentes, mais a febre non fixo senón aumentar.

Entón chamaron o primeiro médico, que anunciou que o estado do neno era gravísimo pero non desesperado se non sobreviña o tifo. Elias escoitaba, pálido, de pé xunto á fiestra. Naquel intre viu que Farre se achegaba polo carreiro e apertou os puños instintivamente.

«Velaí o vén!», pensou. «Vén para aumentar a miña dor! Se o neno morre, non poderei acercarme ao seu leito nin darlle as últimas caricias, os postremeiros coidados, mentres que todo isto si lle será permitido a el. Velaí, velaí o vén! Terei que marchar, porque se entra e vai onda o neno, onda o meu neno que morre, non respondo dos meus actos».

E marchou canda o médico. No patio toparon a Farre, que se mostrou affixido e quixo saber como estaba o neno.

—Está mal. Déixeo en paz coa nai! —dixo Elias rudamente.

Farre mirou para el atónito, pero non respondeu.

O médico invitou a Elias a dar un paseo rúa arriba. O cura mozo seguiu de bo grado, pero mentres o outro falaba, el miraba lonxe, cara ao fondo do val, cos ollos perdidos nun soño doloroso. Vía a Farre sentado ao pé do leito do neno, e a Maddalena, triste e pálida, que se inclinaba sobre o pequeno enfermo para vixiar o seu crecente sufrimento. O seu gordo prometido consolábaa, despois tendía a man para aloumiñar o pequecho ao tempo que lle falaba amorosamente.

O médico, en tanto, falaba dunha rapaza gorda e colorada coa que bateran preto da fonte.

—Disque esa rapaza é a amante de tal fulano. Que cadeiras! Pero non é moi feita, precisamente. Será certo que é a súa amante? Oíu algo, Padre Elias?

Elias fitouno con rabia. Como podía o médico facerlle semellante pregunta cando o seu neno morría e Farre usurpaba o seu posto de pai!

—Pero que di! —exclamou—. Por que me pregunta iso?

—Non son preguntas que se lles fan aos homes de mundo? Acaso vostede non é un home de mundo?

Si! El tamén era un home de mundo! Aínda era por de máis un home de mundo, e como tal se sentía, mordido pola dor, pola indignación, polos celos.

Contra a tardiña volveu onda Maddalena e atopouna desesperada porque o estado do rapaz era cada vez máis grave. Estaba na cociña, preparando algo no lar.

—Madre está con el? —preguntou Elias, andando cara ao cuarto onde xacía o neno.

—Si.

Gustaríalle preguntar se tamén estaba Farre, pero non foi quen. Presentía que estaba alí, sentado a carón da cama, vía claramente a súa gorda figura, oía a súa respiración alasante e inundábao unha angustia case morbosa. Emporiso, cando abriu a porta e viu a Farre sentado a carón do leito, coa súa gorda figura un pouco inclinada cara a adiante, en silencio, alasante, marabillouse, como asustado por unha aparición repentina.

«O neno morre e el está alí e non me deixa acercarme, non me deixa velo nin acaricialo!», pensou amargamente. De feito, apenas se achegou ao pé da cama e mirou timidamente o enfermiño.

—Está mal, está mal —dixo Farre con dor, como falando para si.

Elias parou un intre e despois marchou sen mediar palabra. Pasou unha noite doente e á mañá seguinte

faltoulle tempo para ir de novo á casa. Mentres atravesaba o carreiro, animábase pensando que atoparía mellor o neno e o seu rostro iluminábase con esa esperanza. Entrou, cruzou o patio e a cociña con paso áxil, puxou a porta. E deseguido a súa face tornou lívida. Farre estaba alí outra vez, sentado ao pé da cama do neno, a súa gorda figura inclinada cara a adiante, en silencio, alasante.

Maddalena choraba. Non ben viu que chegaba Elias, enxugando as bágoas co mantelo e saloucando, anuncioulle que o neno morría. Elias fitouna de arriba abaixo, lívido, sombrío. Non avanzou un paso nin falou, e logo marchou. A tía Annedda foi tras el pola cociña e polo patio e preguntoulle vacilante:

—Elias, fillo, que tes? Tamén ti estás enfermo?

El parou preto do portón, virouse, e palabras amargas contra Farre e contra Maddalena, que lle permitía ao seu prometido estar sempre alí, ao pé do enfermo, viñéronlle aos labios, pero ao ver o pequeno rostro da súa nai tan pálido, tan angustiado, murmurou:

—Non, non me sinto mal —e marchou.

—Que dixeches? Non escoitei —dixo a tía Annedda—. Tamén está enfermo? Que é o que ten? Axúdanos, San Francisco!

Dende aquel momento comezou para Elias unha verdadeira obsesión. Apenas estaba libre ía invariablemente, case sen se decatarse, á súa casa. Antes de chegar ao carreiro xa sentía que Farre estaba alí, no seu sitio. Non obstante, teimaba en esperar que non fose así e entraba. E aquela odiosa figura estaba alí, sempre.

En pouco tempo ensumiuse nunha especie de delirio. Chegaba co desexo de inclinarse sobre o rapaz, de bicalo, de coidalo coas súas mans, de dicirlle palabras afectuosas. Estaba certo de que a forza do seu amor chegaría para sandalo, e entón acudía, pero abondaba con que vise a

Farre para sentirse paralizado e nin sequera ousaba pousar a man na fronte do pequeno moribundo, cando no seu interior urraba de dor e de carraxe.

A tarde do sétimo día da enfermidade de Berte, a tía Annedda saíulle ao encontro chorando.

—Non pasará desta noite —murmurou.

—Farre aínda está aquí, madre?

—Non está, non.

El lanzouse ao cuarto, apartou a Maddalena, que choraba silenciosamente preto do leito, e inclinouse ansioso sobre o cativo. E o cativo morría. A súa pequena cariña, tan graciosa e redonda, estaba lívida, enxoita, impregnada dun atormentador sufrimento. Semellaba o rostro dun vello moribundo.

Elias non se atreveu a tocalo nin a bicalo, completamente trastornado por un súbito estupor. Como diante do cadáver do seu irmán Pietro, tivo a visión da morte e decatouse de que até aquel instante lle parecera imposible que Berte morrese. Pero morría. Por que morría? Como morría? Que era a morte? A fin de todas as cousas, de todas as paixóns? E daquela, por que odiaba a Farre? Por que sufría?

«Meu fillo, filliño», xemeu para si, «morres e eu non te amei; eu, no canto de amarte, de coidarte, de arrancarte da morte, perdinme nun van rancor, nuns celos vans... E agora todo acaba e xa non hai tempo, xa non hai tempo de nada...».

Asaltouno un impetuoso desexo de coller o pequecho no colo, de levalo, de salvalo. Salvalo? Como? Non sabía como, pero cría que abundaba con estender os brazos, con deitarse sobre o corpo do neno para arredar a morte.

Naquel momento entrou Farre e achegouse devagar á cama. Elias sentiu o seu grave paso, o seu hálito ampeante, e afastouse instintivamente.

Farre recuperou o seu posto e máis unha vez Elias sentiu que un obstáculo insalvable o separaba do seu fillo. Colocouse no fondo do cuarto, a carón da fiestra, e os seus ollos escintilaron cun sinistro resplandor verde. Deliraba: «Por que está el aquí? Por que me quitou de aí! Expulsoume, empurroume e con que dereito? É seu o meu neno? É meu, é meu, non seu! Agora irei, dareille unhas labazadas a ese odre gordo e quitareino de aí, porque teño que estar eu, non el. Irei, irei, baterei nel, matareino. Quero beber o seu sangue, porque o odio, porque mo ripou todo, todo, todo, porque cando está el, chego a desexar a morte do meu neno».

Mais durante uns minutos non se moveu do sitio; despois entrou na cociña e díxolle á súa nai:

—Volvo nun bocado —e marchou rapidamente.

Ao entrar na súa cela pareceulle coma se espertase dun soño e tomou consciencia da súa vida, do seu estado e do seu deber. Axeonllouse e comezou a rezar e a pedirlle perdón a Deus polos seus delirios.

—Perdóame, Señor, perdóame na vida eterna xa que nesta non son digno de perdón. Nunca descansarei, estou condenado a sufrir, mais calquera castigo é pequeno para a equivocación que cometín. Si, si, faima sufrir como merezo, pero dáme forzas para cumprir cos meus deberes, arrebatame do corazón calquera paixón va. Pola miña parte, prometo que farei todo para dominarme: viva ou non o neno, irei a velo o menos posible. É meu? Non. Eu non debo ter nada nesta terra, nin fillos, nin parentes, nin bens, nin paixóns. Debo estar só, só diante de ti. Meu Deus, Señor grande e misericordioso.

Mais unha hora despois recibiu o aviso de que fose decontado á súa casa e correu, pálido e co corazón alborotado. Era noite, unha noite de outono, velada, silenciosa. A lúa flotaba lentamente entre tenues vapores, circundada



dunha inmensa auréola de ouro distinguido. Un silencio profundo, unha paz arcana e triste, algo misterioso había no ambiente.

Elias sentía que o neno estaba morto e, de feito, ao entrar na cociña, viu a Maddalena sentada cabo do lume, chorando desconsolada, apertando seguido a cabeza entre as mans. Parecía unha escrava a quen llo quitaran todo: liberdade, patria, ídolos, familia. Elias sentiu conmiseración pola inmensa dor da muller e pensou: «Neste momento talvez ela crea que a perda do neno é o castigo pola súa culpa, pero non sabe que desta dor, en cambio, sairá purificada e que atopará o camiño do ben. Os camiños do Señor son grandes, son infinitos!».

E namentres pensaba isto, miraba en volta pola escura cociña e entre as escasas persoas alí reunidas non viu a Farre. Ocorréuselle que talvez o home estaría alí, onda o neno morto.

Entrou. Farre non estaba. Só a tía Annedda, palidísima pero tranquila, sen chorar, sen facer ruído, lavaba e vestía o mortuño. Elias axudouna: colleu da caixa os calcetíns e os zapatos do neno e, ao calzalo, sentiu que os pés exsangües, minguados pola enfermidade, aínda estaban mórbidos e tépedos.

Até que o morto non foi vestido e acomodado entre as almofadas, e até que a tía Annedda permaneceu alí, Elias mantivo a calma, mais apenas quedou só sentiu un calafrío por todo o corpo e como as súas mans e o seu rostro arrefriaban. Axeonllouse e agochou a cara entre as mantas do leito.

Por fin, por fin estaba a soas co seu neno. Agora ninguén podía quitarllo, ninguén podía entremeterse. E no medio da súa infinda afición sentía descender un tenue veo de paz, e case de ledicia –similar á vaporosidade daquela misteriosa noite outonal–, porque a súa alma se

encontraba finalmente soa, purificada pola dor, soa e libre de calquera paixón humana, diante do Señor grande e misericordioso.